

Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas

Xesús Ferro Ruibal¹

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Ofrécese un total de 9.713 locucións ou fórmulas comparativas ou simplemente elativas galegas ordenadas ideoloxicamente e con numerosas remisións complementarias. A fonte é o Tesouro Fraseolóxico Galego que o autor dirixe no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Palabras clave: fraseoloxía, galego, locucións, comparación proverbial.

A total of 9,713 Galician idioms or comparative or simply elative expressions are presented ideologically ordered and with numerous complementary remissions. Their source is the Tesouro Fraseolóxico Galego, directed by the author at the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Key words: Phraseology, Galician, Idioms, Proverbial comparisons.

No *Tesouro Fraseolóxico Galego* (TFG), que estamos construíndo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, conflúe todo o traballo de campo propio pero tamén todo o alleo, que demos localizado, e que estaba disperso en centos de publicacións lexicográficas, estritamente fraseolóxicas, simplemente etnográficas ou que mesmo estaba inédito. Tamén contén numerosos contextos de uso extraídos de gravacións orais e de obras literarias dos mellores escritores. Cronoloxicamente é material do século XX, maiormente do último terzo e chega ó día de hoxe. O actual proceso de depuración dun corpus de certo volume non nos permite poñelo aínda na Rede pero quero presentar aquí un avance do que ese TFG ofrece no eido das locucións e fórmulas comparativas e elativas.

¹ Agradezo a revisión de María Álvarez de la Granja, Leopoldo Cañizo Durán, Ana García Lozano, Carme López Taboada, Rosario Soto Arias, Cristina Veiga Novoa e Beatriz Vizcaíno Pena. Os erros que subsistan son da miña exclusiva responsabilidade e agradezo anticipadamente tódalas observacións que axuden a mellorar este material.

Pola utilidade que este traballo pode ter, editado nun único bloque, o Consello Científico desta revista decidiu outorgarlle un espazo superior ó que as normas de publicación establecen pero, xa se comprende que, en consecuencia, impón severas limitacións de espazo e tipo de letra. A primeira é elimina-la indicación da procedencia de cada entrada, xa que multiplicaría a extensión deste traballo (son neste caso máis de mil referencias que habería que desenvolver). A segunda, foi a de refundi-las entradas repetidas nunha soa, con indicación do número de veces que esa entrada aparece no TFG, dato que, en cambio, si ten certa importancia. A terceira foi establecer algunhas convencións de edición que axuden a diminuí-lo espazo ocupado e que son as seguintes:

1. A **estrutura** do fraseoloxismo inicial mantéñena os que seguen ata o seguinte punto e coma (;) ou, no seu caso o punto final de parágrafo. O que aparece subliñado éllas común mentres que a barra inclinada (/) separa o inicio da variante. Así, ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato / uña e carne (2); hai que entendelo como equivalente de *ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato; ser coma uña e carne* (2). E ser bo coma as niñas dos ollos / o bo pan / o molete hai que entendelo como equivalente de *ser bo coma as niñas dos ollos; ser bo coma o bo pan; ser bo coma o molete*.

2. As **variantes morfolóxicas ou dialectais** aparecen unidas por un trazo: ser coma a debandoira – *debandeira* hai que entendelo como equivalente de *ser coma a debandoira, ser coma a debandeira*. E (ser) alto coma a - *unha torre* hai que entendelo como equivalente *(ser) alto coma a torre; (ser) alto coma unha torre. Ser pequeno coma un rato* (8) - *ratos* (3) equivale a *ser [alguén] pequeno coma un rato* (8) – *ser [varias realidades] pequenas coma ratos* (3). Non anoto as variantes apreciativas, que son frecuentes nas unidades que aluden á beleza feminina (*roxiña coma un ouro*) pero si aquelas nas que o morfema *-iño –iña* ten carácter intensificador (*caladiños coma petos, feitiña coma unha pera*) porque equivale a “completamente calados, moi feita” e, polo tanto, constitúen unha forma de elativizar.

3. Cando se dan os **adxectivos** en masculino, por razóns de espazo e consonte a tradición lexicográfica, sobreenténdese tamén a funcionalidade do feminino: *bravo coma un toxo, branco coma a lá dos anos* funcionan tamén como *brava coma un toxo, branca coma a lá dos anos*. Cando, en cambio, o xénero está marcado en feminino, lematízase en feminino e indícase o actante [muller], [rapaza] : *botarse a [unha muller] coma un cadelo; coma se fose señora [unha muller]*. En certos casos, a maior abundancia de lematizacións en feminino lévame a darlle entrada propia: (ser) feituquiña *como hai poucas / como se a fixesen de cera / coma feita á man; como *si a fixera *Dios á man tenta*.

4. Os **números entre paréntese**, como se dixo, indican a cantidade de veces que esa locución ou fórmula aparece no TFG. Así en coma a troita na auga / o peixe na auga (4) / *cabra no monte* debe entenderse que *coma a troita na auga* e *coma cabra no monte* aparecen no TFG unha única vez, mentres que *coma o peixe na auga* aparece catro veces, o que significa con certa probabilidade que é máis coñecida e usada cás outras dúas.

5. A utilización de **referentes en plural** non implica que sexa imposible o uso en singular, porque o que aquí ofrezco non é un dicionario (parcial) senón a lectura organizada dun tesouro. Quero dicir que *rubio coma un tomate* e *rubios coma tomates* son a mesma locución cun suxeito singular nun caso e plural no outro. A variación morfolóxica máis frecuente é a seguinte:

	Referente en singular	Referente en plural
co indefinido <i>un – unha</i>	<i>rubio-a coma un tomate</i> <i>bufar coma unha cobra</i> <i>mollado-a coma un pito</i> <i>traballador coma unha formiga</i>	<i>rubios-as coma tomates</i> <i>bufar coma cobras</i> <i>mollados-as coma pitos</i> <i>traballadores coma formigas</i>
co artigo <i>o - a</i>	<i>agudo-a coma o allo</i> <i>doente coma o can</i>	<i>agudos-as coma os allos</i> <i>doentes coma os cans</i>

Ora ben, esta última variante (coma + artigo + subst. pl.) é tamén posible con suxeito en sing.: *quedou teso coma as vergas do canizo*, *amargo coma as xestas*, *arrastrado coma as cóbregas*, *afiado coma os dentes do demo*, *mantense do aire coma os camaleóns*, *fai tanta falta aquí coma os cans na igrexa*, *ía andando a catro pés coma os gatos*.

6. En canto ós **actantes** e por razóns de espazo non expreso o suxeito máis que cando é indispensable por non ser doado suplilo. Por outra banda, a estrutura *ser [algo] coma + (inf)* adoita funcionar só na 3ª de sing.: *ser [algo] coma botalo en cesto roto* funciona como *é – era - foi coma botalo en cesto roto*.


7. Algo máis verbo dos **actantes**. É sabido que en galego o obxecto directo (OD) só moi raras veces leva preposición, mesmo tratándose de nomes propios de persoa (*¿Viches teu pai? ¿Viches Fernando?*). Iso significa que a un *[alguén]* que funcione como OD non lle pode poñer unha preposición *a*, que a lingua non admite, pero tampouco pode induci-lo lector a pensar que ese *[alguén]*, sen preposición, é suxeito: nese caso lematizo o actante como *[alguén – OD]*. Así *deixar quedar [alguén - OD] como o millo sen espiga*; *poñer [alguén - OD] coma un farrapo*; *querer [alguén - OD] coma ós ollos da cara*; *coller [alguén - OD] coma o rato na rateira*.

8. O **asterisco** indica que a palabra marcada é un castelanismo: *ser coma unha noite *sin *luna; *manteca no fociño do gato*. É baixa a presenza de castelanismos na fraseoloxía galega; e a aparición dalgúns neste elenco non prexulga que calquera outro falante non poida oír ou dicir eses mesmos fraseoloxismos na forma normativa (*noite sen lúa, manteiga no fociño...*), simplemente o TFG aínda non o rexistrou. De tódolos xeitos, isto é irrelevante, porque nin o TFG ten intención normativa nin un corpus, por grande que sexa, é un rexistro exhaustivo da lingua.

9. Direi agora **o que inclúo e o que exclúo**. Inclúo as estruturas de comparación que conteñen *coma - como, máis ca - que, menos ca - que, igual ca - que, maior ca- que, menor ca – que, tan coma*. Pero exclúo, coma en calquera consulta dun Tesouro, algún material impertinente: en primeiro lugar, aquelas citas literarias ou orais que me parecen claro que non teñen garantida a súa fixación (*resucitar coma quen esperta dunha catalepsia; sá e con cores de saúde coma feituca e fresca mazá; ser coma anxos de*

retablo barroco; coma un feixe de luz auroral)²; exclúo, como é natural, as secuencias (vbo.) *como*, cando este é modal e non comparativo (*vestir como paisano, é como Deus o fixo / deu*³; *gobernarse un como pode, deixa-lo mundo como está*); exclúo os refráns; exclúo aquelas nas que *máis ca* equivale a “só” (*non ser máis ca palabras unha cousa* (2); *non ser máis ca tolerías*) porque non teñen valor comparativo ó equivalenten a “só son palabras, só son tolerías”; exclúo fórmulas de brindes (*¡Se de hoxe dun -nun ano non é con máis alegría, que non sexa con menos!*; *¡Se de hoxe dun – nun ano non somos máis que non sexamos menos!*) por non teren exactamente a estrutura das xa comentadas; e, pola mesma razón, exclúo, ó cabo, o conxunto das outras comparanzas coma *parecer unha medida sen conda e outras máis implícitas* coma *ter barbas de chivo* (“pouca barba”), *ser un caga no niño* (“tardar”) e similares⁴.

10. A inmensa maioría das entradas (78%) utilizan a forma *coma* fronte a *como* (15%). A distribución predominante (aínda que con numerosas excepcións) é *como* (subst. sen artigo / or.) *estar como gato borrallento; ir como rei na cesta / dicir si ou non como Cristo nos *enseña*) e *coma* nos outros casos (*ir coma un rei nunha cesta, ir coma o rei na cesta*). Polas aludidas razóns de



² Aínda que é posible que nalgún caso, inadvertidamente, eu incluíse algunha que non teña garantida esa fixación. Todos os que construímos un corpus non automático temos sempre a dúbida de cantas veces temos que oír unha unidade para considerala fixada; o problema dáse especialmente (pero non só) nas de moderna creación, coma esta fórmula de ameaza: *¡Douche un fagonazo e es mellor ca un satélite a voar!*

³ Inclínome a pensar que son modais e non comparativas (e por iso as exclúo) algunhas coma estas: (*non*) *ser como Deus manda; chover como Deus a dá; chover como Dio-la dá; (ser / facer [algo]) como Deus manda* (4); *como manda Deus do ceo* (2), *como *Dios manda* (2); *obrar como *Dios manda; andar como Deus quer / Deus queira* (2) / *Deus o dou / (*Dios) o trouxo ó mundo* (2) / *o botou súa nai / o pareu súa nai / súa nai o pariu / súa nai o pariu / súa nai o pariu – pareu / súa nai o trouxo ó mundo / veu ó mundo; andar - estar espida como a nai o pariu / Diol-o deu.*

⁴ Pero lémbrese que moitas veces é case subxectivo considerar non comparativas algunhas delas: véxase esta entrada do *Diccionario* de Eladio Rodríguez: *Ser coma unha cera, o ser unha cera*, “ser muy blando, muy dócil, de genio apacible y benigno; ser un bonazo”. E calquera pode rexistrar *¡O mundo é (coma) un pano da man!*. Por outra banda a algúns fraseoloxismos só lles falta unha leve modificación, que calquera usuario pode facer, coma converte-lo refrán *A obra de Santa Ana empeza ben e nunca acaba* en *ser coma a obra de santa Ana (que empeza ben e nunca acaba)*.

espazo, cando se rexistran as dúas, unífiçois en *coma*⁵. A estrutura (*máis*) (*adx.*) *ca* - *cá* - *cás* - *có* - *cós* representa o 6%. O resto das estruturas representan unha porcentaxe irrelevante: *mellor ca – que* (0'29%), *peor ca – que* (0, 26%), *igual ca – que* (0'18%); *menos ca – que* (0'05%).

11. Canto á **extensión**, como é natural dentro dun Tesouro, debe comprenderse que hai locucións que están ben fixadas aínda que o seu uso é local. Cito entre elas: *ser bruto coma os fillos de Quitolis, que canto máis medraban máis brutos se volvían; máis borracho ca Castro* (usado só na redonda de Caritel, concello de Pontecaldelas).

12. Formulo os **temas**, en principio, como substantivos (*abandono*) porque o substantivo dá razón de máis estruturas. Pero non sempre hai un substantivo acaído. Por iso, cando o material está formado basicamente por locucións adxectivas, formúloo como adxectivo (*gordo*) e, cando predominan as locucións clausais, formúloo como verbo (*andar*)⁶. Algunha vez resúltame inevitable botar man dun adverbio (*aloucadamente*).

13. Nalgúns **fraseoloxismos menos transparentes** explico nunha nota a pé de páxina o significado, ben cunha definición, ben cun contexto de uso: fágoo alí onde comprobei que os lectores teñen algunha dificultade para comprender intuitivamente o significado dalgunha locución ou fórmula e, polo tanto, a razón pola que a poño onde a poño.

14. Incluío, como di o título, algunha **fórmula**. Ora ben, son poucas e nin tódalas entradas que van entre signos de admiración (*¡...!*) son fórmulas; boa parte delas son locucións en contextos libres pero enfáticos. Supoñámo-la entrada *¡Eu vendo como comprei!* (“eu conto ou reproduzo o que oín dicir sen engadir nada nin dar fe da veracidade do relato”): é posible que alguén oía outras variantes **el non ten culpa ningunha, porque vendeu como comprou; *non te preocupes: ti véndelle como compraches* e isto significa que é unha locución; pero, como o TFG só rexistra esta unidade como fórmula, lematízoa así e non como locución, sen que eu exclúa que poida funcionar como locución. Poñerei outro caso máis claro que axude a comprendelo mellor. Un lector atento deste corpus pode encontra-la locución *mazar* [alguén - OD] *coma un polbo* -**pulpo*: ben, pois quen coñeza a existencia desa locución sabe, primeiro, que a pode usar tamén para expresar unha ameaza, igual que calquera outra combinación que signifique “bater” ou “pegar”; segundo, sabe que eses duplicados que detectou o TFG non son os únicos posibles (tamén o son *¡Voute mazar coma un polbo!*; *¡heivos mazar coma polbos!*; *¡xuro que vos mazarei coma polbos!...*); e sabe, terceiro, que tamén a pode usar con outras funcións comunicativas, non só de ameaza ou de descualificación (*a eses dous mazáronos coma polbos...*). O mesmo podíamos dicir da entrada *¡Vouche poñe-lo cu coma un tomate!*.

⁵ Téñase presente que moitas grafías que encontramos nos textos non analizan os elementos gramaticais senón que reproducen a fonética: *auga coma do sol* pode encubrir *como a do sol* e *coma a do sol*; mentres que *como moucho* pode encubrir *coma o moucho* e *como o moucho*.

⁶ Algunha vez a polisemia dos contidos obrígame a xerbrar nos temas substantivos e verbos (*advertencia* ↔ *advertir*).

¿Por que lematizo unha locución só ou tamén nun contexto enfático? Por tres razóns. A primeira é porque, aínda que en teoría os usos locucionais son posibles, na práctica o uso enfático é o máis usual, aínda que non estea absolutamente fixado. A segunda é que eu recibo numerosas consultas de escritores e tradutores que buscan para teceren os seus diálogos recursos deste tipo para felicitar, descualificar, ameazar e similares. A terceira razón é que con exemplos á vista un escritor ou tradutor pode máis doadamente lembra-la realización sintáctica de certas maldicións asimétricas co castelán (*¡Inda (subx.)...!*).

Insisto na obviedade que dixen no punto 5: este material non é xa un dicionario senón aínda a lectura dun tesouro.

E esta advertencia vale tamén para a maior parte das entradas dos temas ADVERTENCIA, AMEAZA, CONFORMIDADE, DESAFÍO, DESEXO, DESCONFORMIDADE, FELICITACIÓN. No conxunto do material son poucas as entradas afectadas e, se utilizo este procedemento excepcional. Que isto sexa a lectura dun tesouro axuda a entender que por veces unha locución apareza con ou sen verbo *ser* (*bo coma o pan; ser coma o pan; ser máis bo có pan*).

15. E, pra rematar, unhas palabras verbo da **organización ideolóxica ou funcional** deste material. Sei ben que este corpus se podía aínda organizar nun nivel superior. Existen diferentes propostas. Tentei segui-la do prof. Stefan Ettinger (aspecto, estado e propiedades do ser humano; disposición, relación cos conxéneres e contorno; formas de actuación humana; valoración dunha situación ou feito; contorno e mundo exterior) que me deixaría fóra unha importante miscelánea. Chegoume tarde a que neste mesmo número deseñan os profesores Baránov e Dobrovol'skij para podela experimentar dentro dos límites de tempo que impón a revista e non renuncio a experimentalala tamén no futuro. Son moi pertinentes dúas observacións que fan: a primeira, que é o propio corpus o que impón o sistema, porque, aínda que moitas categorías semánticas existan en tódalas linguas, cada lingua precisa matizar aspectos que ás outras lles pasan desapercibidos, o que significa que todas deixan baleiros espazos que outras linguas enchen con material fraseolóxico; e a segunda, que a polisemia impide a impermeabilidade da clasificación (o concepto “verde” non é só unha cor, oposta a outras cores, senón tamén un estado, “inmature” en oposición a “maduro”) e outro tanto habería que dicir do concepto “grande” para o que temos material que non se limita ó aspecto físico do ser humano e non podería englobarse como subtema de “aspecto físico”. Súmolle, en fin, que a miña experiencia de consultante de dicionarios e a observación de como os consultan os demais faime ver que, cando os niveis de ordenación son tres, o lector adoita buscar polo máis baixo e concreto, non polos superiores e abstractos. Así que optei por me manter nun primeiro nivel de ordenación semántica, sen elevarme a hipertemas pero, en compensación, introducín dúas axudas:

- enunciarei algúns temas xerais que designan conceptos superiores, tales coma **ACCIÓN** (neutra, negativa, positiva e modo de acción), **ASPECTO**, **CALIDADE** (neutra, negativa e positiva), **CANTIDADE**, **CONDUTA**, **ESTADO** (o relativo á saúde, enfermidade, idade etc.), **PERCEPCIÓN** (sensorial), **POSICIÓN** (espacial), **RELACIONES HUMANAS**, **SENSACIÓN** (o relativo ás sensacións estritamente físicas:

fame, sede, frío, calor, sono, cansazo e similares), **SENTIMENTO** (o estritamente psicolóxico: alegría, tristeza e similares), **SITUACIÓN** (socioeconómica, moral, carencia, complicación...) e finalmente algunhas **FÓRMULAS** (agradecemento, conformidade, desafío, desculpa, desexar mal, desconformidade, felicitación, maldición, negación humorística, reafirmación, verificación e xuramento. Hai tamén fórmulas dispersas nos temas seguintes: contabilidade irregular, demo, dereitos (ter), equidade, librar, morte, mundo, pagar, peculiar, reflexión, relatar, remedio, sal, suposición e testemuña falsa. Neses temas máis xenéricos e superiores suxiro moitos dos conceptos máis específicos e concretos que os desenvolven.

- introducín tamén numerosas remisións a temas conexos en todos aqueles que se complementen noutros máis ou menos próximos.

Coido que a organización ideolóxica ou funcional deste material e máis esas numerosas remisións internas axudarán a que este traballo sexa dalgunha utilidade non só ós fraseólogos senón tamén a escritores, xornalistas, profesores de lingua e antropólogos. Nesta dirección desexo que vexa a luz algún día a totalidade do TFG.

ABANDONO

coma un can (3); *andar tirado coma un can*; *deixar quedar* [alguén - OD] *como o millo sen espiga*; *morrer coma un can* (4), *morrer esquecido coma un can*; *morrer coma os chitos*; *morrer no palleiro coma os chitos*; *sentirse coma un trapo*; *te-la horta coma un prado*.

ABANEAR V. ARRANDEAR

bailar coma o millo; *cimbrar como varas verdes*; *tordear coma un pión*.

ABARCAR DE MÁIS V. AMBICIÓN

ABERTO

aberto coma un mexillón / un porco.

ABOJAR V. NADAR BEN

ABONDOSO V. ABUNDANCIA

ABORRECER

ter unha gana de (inf.) *coma de sacalas moas*.

ABRAIO V. tamén PASMO,

SORPRESA

coa boca aberta coma unha esporta; *coma se nunca tal vira*; *espantado coma se se acabara o mundo*;

quedar coma se lle espetaran o coitelo no corazón; *quedar como unha vaca mirando para o tren / unha ovelliña*; *(quedar) teso coma as vergas dun canizo* ¡Cousa coma ela...! (3) ¡Cousa coma ela, na miña vida!; ¡Cousa coma esa, inda na miña vida a vin!; ¡Outra coma ela...!

ABUNDANCIA

abundante coma pelo de oso; *abundar máis cá lama* (2); *andar bastos coma piollos*; *coller como as amoras na silveira*, *coller máis [subst] ca unha burra peidos*; *(haber, ter) coma area* (2) /, *moscas /, moscas ó mel /, terra / o liño / mantas* (2); *a merda / a palla / as chuvias / a folla*; *haber de todo como en - na botica* (2); *haber hainas - hainos como mantas / coma pra forrar o carro con elas / eles*; *haber máis* (subst.) *có demo* (3); *haber* (patacas) *coma pedras*; *haber máis ca de aquí a* (topónimo); *ter* [algo] *coma liño*;

(*ter / gañar*) [algo] *coma terra* (2), *coller / ter máis* (subst.) *ca unha burra peidos* (2) / *que areas hai no mar / que pelos teño na cabeza / que cabelos teño na cabeza / que estrelas hai no ceo; darse* [algo] *coma a chuzma* (3) - *a chusma / a nabiña do toxo / a tiña / o millo nunha roza; estar mechos coma os escarabellos / xunto coma o pelo do can; medrar coma a mala herba, nacer coma fionllos, ter tantos buratos coma unha criba, ser coma a peste dos pericos, chormear como un ghamelelo* (abundancia de froito); *cortar tanto touciño coma pan; facelas como mantas*

ABURADO V. QUEIMAR, SOL
vir coma un cachourizo.

ABURRIMENTO
aburrirse *coma unha ostra* (2) / *coma unha pataca; máis aburrido que unha ostra.*

ABUSO
facer como os cans grandes cos pequenos; ser coma a mula do arrieiro; ser coma o burro do arrieiro.

ACABAR
comezado e acabado como camisa de aforcado.

ACAER V. tamén AXEITADO
caerlle [algo a alguén] *coma o mel nas papas; quedar como un guante.*

ACCESIBLE
sinxelo coma unha liña.

ACCIÓN

ACCIÓN NEUTRA: ABANEAR, ABOIAR, ACABAR, ACENDER, ADVERTENCIA, ADVERTIR, AFUNDIRSE, AGADAÑAR, AGARIMO, AGARRADO, AGATUÑAR, ALUMEAR, AMAGAR, AMAMANTAR, ANDAR, APALPAR, APURAR, ARDER, ARRAIZAR, ARRANDEARSE, ARRASTRAR, ARREDARSE, ARROTAR,

ASENTAR, ASUBIAR, ATAR, ATOPAR, ATRAPAR, AUMENTAR, AXUSTAR, BAFEXAR, BAILAR, BARULLO, BATELO PÉ, BEBER, BERRO, BRINCAR, BRUÍDO, BUFAR, BULIR, BUSCA, CAÍDA, CAMBIAR, CAMBIAR DE IDEA, CANTAR, CARGA, CAZAR, CENTILEO, CHAMAR, CHIAR, CHOIVA NEVE, CHORAR, CHOVER, COBRAR, COCER, COMER, COMPAÑA, COMPRENDER, CONCORDAR, CONFORMARSE?, CONSUMIRSE, CONTAR, CORRER, CUBRIR, CUCO, CUSPIR, DAR VOLTAS, DEDICACIÓN, DEFENSA, DEITARSE CEDO, DERRETERSE, DESAPARECER, DESCONCERTAR, DESCUBRIR, DESENTENDERSE, DESEQUILIBRIO, DESFACERSE, DESPEDIDA, DEVOCIÓN, DIFICULTADE, DISIMULO, DOBRAR, DOMINIO, DURMIR, ENCOLLER, ENGORDAR, ENREDAR, ENTENDER, ENTRETER, ENVOLVER, ENVORCALLARSE, EPILEPSIA, ERGUERSE TARDE, ERRAR, ESBARDALLAR, ESMAGAR, ESPAREXER, ESPERAR, ESPREITA, ESQUECIMENTO, ESTOUPAR, ESVARAR, EXCAVAR, EXHIBIRSE, FALA E CARÁCTER, FALAR, FERVER, FINXIMENTO, FOLIADA, FUMAR MOITO, FUME, FUXIDA, GARDAR, GREGARIO, GRIÑIR, GRITAR, GUSTAR, HIXIENE, HUMIDADE, IMPEDIR, INCHAR, INDICIOS, INQUEDANZA, LEMBRANZA, LEVAR, LIORTA, LIXAR, LOITAR, LUME, MARCHA DEFINITIVA, MARCHAR, MEDRAR, MERCAR, MIRADA, MORDER, MORRER, MOVEMENTO, MÚSICA, NADAR, NADAR BEN, PARELLA, PEDIR, PEDIR COMIDA, PEDIR CON ANSIA, PELAR, PENSAR, PESCAR, PICADURA, PRECAUCIÓN, PRECIPITACIÓN, PRENDER UNHA PLANTA EN, PRÉSA, PROGRESO, PROÍDO, PROTECCIÓN,

QUEIMAR, QUEIXA, QUENTAR, RABUÑADURA DE GATO, RAPIDEZ, REAPARECER, REBELARSE, REBENTAR, REBULIR, RECUAR, REGAÑAR, REINCIDENCIA, RENEGAR, REPARTO, RÉPLICA, REPRENSIÓN, RESPIRACIÓN, RETUMBAR, REXEITAR, REXISTRAR, RISA, RODEAR, ROLAR, RONCAR, ROSMAR, ROUBAR, RUAR, RUBIR, RUMOR, RUTINA, SANGRAR, SEGREDO, SEGUIR, SELECCIÓN, SEXO, SILENCIO, SIMULACIÓN, SOL, SOPRAR, SORRIR, SOTERRAR, SUAR, SUBTERRÁNEO, TALIÓN, TAPAR, TARDAR, TATEXAR, TELLADO RUÍN, TENSIÓN, TINO, TIRARSE Ó CHAN, TREMER, TRISCAR, TURRAR, TUSIR, VAGAR, VASOIRA, VENDER, VENTO (ZOA-LO), VESTIR, VIOLENCIA, VIVACIDADE, VIXIAR, VOAR, XEAR, XEMER, XIRAR, XURAR, ZUMBAR.

ACCIÓN POSITIVA: AGARIMO, COIDADO, DIVERSIÓN, ENRIQUECERSE, FUNCIONAR BEN, TRATAR BEN.

ACCIÓN NEGATIVA: ABUSO, ACOSO, AGOCHARSE, AGRAVAR, ALDRAXE, APARECER SEMPRE ONDE HAI COMIDA, AUTOINVITARSE, APROVEITAR, ATAQUE, ATORMENTAR, AVIVAR PROBLEMA, BLASFEMIA, BURLA, CALUMNIAR, COMER, CRÍTICA, CRÍTICA MORDAZ, DESACERTO, DESASTRE, DESAPROVEITAR CONSELLOS, DESBARATAR, DESFEITA, DESPERDICAR, DESPOTRICAR, DESPREZO, DESTRUÍR, DIMINUÍR, DISPARATE, ECONOMÍA, EFECTO NOCIVO, EMPEORAR, EMPOBRECERSE, ENFADARSE, ENGANO, ENTERRO SOLITARIO, ESCATOLÓXICO, ESFORZO, ESIXIR DE MÁIS, EXCESO, EXPULSIÓN, FALCATRUADA, GASTAR MOITO, GOLPEAR, INCUMPRIR, INTROMISIÓN, INXURIA, MALGASTAR, MALTRATO, MATAR, MENOSPREGO, MENTIRA,

MOLESTIA, NEGOCIO RUÍN, PREXUDICAR, PROMESA FALSA, TRAMPA.

ACCIÓN (MODO DA): ACTUAR, ALOUCADAMENTE, APARECER REPENTINAMENTE, AXEITADAMENTE, BEN, DESAXEITADAMENTE, DIARIAMENTE, DIRECTO, ENTRAR, ERGUERSE, FEITO (BEN), FEITO Á PRESA, FEROSAMENTE, FILLOA, FORZADO, FURTIVIDADE, INDISCRIMINADAMENTE, INTENSIDADE, IRREFLEXIVO, MARCHAR LENTAMENTE, MORTE REPENTINA, MORTE TRANQUILA, MORTE VIOLENTA, OUVEO, PARAugAS, RAPIDEZ, RISA INMOTIVADA, SERVILISMO, SOLERMIÑAMENTE, UNANIMIDADE, XANTAR, XERAL.

ACEDO V. AMARGOR

ACEITE (GUSTARLLE MOITO O)

ser coma os morcegos.

ACENDER

encenderse [algo] coma o día; prender coma un misto.

ACEPTAR V. ADAPTARSE,

DOCILIDADE

ACOSO V. tamén ATAQUE,

PERIGO

*apurar a un como un can; apurar [alguén –OD] coma a un can; face-las voltas coma o raposo ás galiñas (2); saírle o lobo ó camiño como ó parrulo do Carballiño; ser coma un *pulpo.*

ACOUGAR V. TRANQUILIDADE

ACTIVIDADE

ter outra cousa mellor que facer; buliqueiro como un axóuxere; dar máis voltas que un muíño de vento; ser coma a debandoira - debandeira / unha lanzadeira / unha andaravía / o sarillo (2) / un sarillo (3) / un danzarico / un

foguete / un lóstrego (2) / un raio; inquedo coma o rabo dun lagarto / abelurias (2); (estar) coma o mar nas penas.

ACTUAR

facer coma (subst.)⁷.

ACUDIR V. AGRESIVIDADE

ACHACOSO V. tamén ENFERMO, MALESTAR, SAÚDE POUCA

está coma unha breva; ser igual ca unha pita choca; ter máis cravos que unha porta vella.

ADAPTARSE V. AXEITADO

facer a tódolos ventos como galiño de pipileira; [inf.] coma todos.

ADECUADO V. AXEITADO

ADELGAZAR V. MIRRADO

ADMIRAR V. PASMO

ADOECER

adoecer coma os cans da rabia.

ADOLESCENCIA

ser un mozo coma un carozo (2).

ADVERTENCIA

¡Vas estoupar coma a castaña no lume!; ¿A que foches á escola: aprender a ler ou a griñir coma os burros?

ADVERTIR

ventar [algo] coma o can a perdiz.

AFECTO V. AGARIMO,

AMIZADE, AMOR

AFIADO

afiado coma os dentes do demo / unha navalla (2), a aguillada (2); pico afiado coma unha subela; furar coma unha teipe / toupeira.

AFINACIÓN

quedar coma un reloxo (a andar).

AFLICIÓN

ter un pesar coma un puño (3).

AFLUENCIA V. AGLOMERACIÓN

AFORRADOR

*ser coma os burros da Limia que apañan o viño e beben auga (2), ser como unha *aceña.*

AFORTUNADO V. SORTE

AFOUTEZA V. VALENTÍA

AFUNDIRSE V. NADAR MAL

AGADAÑAR

agadañar coma o micho.

AGARIMO V. tamén

AMABILIDADE

arrolar [alguén- OD] coma a fillo de rei; ser cariñento coma un can; corazón coma a nata.; traer [alguén] coma os ovos na peneira / un santo en palmas / argadelo.

AGARRADO

agarrar [algo] coma garduña.

AGATUÑAR V. RUBIR

AGLOMERACIÓN

acudir coma as abellas ó mel / moscas ó mel; chover xente coma moscas; estar bastos coma piollos; estar coma o piollo na costura; ser como formigas; estar coma un formigueiro.

AGOCHARSE

estar metido na casa coma un cocón / un moucho.

AGONÍA

*¡*Dios nos dea máis vida cá que el ten!*

AGOIREIRO

ser como o paxaro da chuvia.

AGRADECIMENTO

*¡*Dios vos dea tanta *suerte e *salú como para min desexo!*

AGRADO (CON)

levar coma quen leva un santo.

AGRAVAR

(é) coma botar toxo no lume (2); (son) como pingotas de aceite botadas no lar

⁷ A raíz d'un toxo seco/ éche mala d'arrincar/ fai com'os amores vellos/ que son malos d'olvidar.

AGRESIVIDADE V. tamén ASPEREZA, FERO, CANCRO
coma unha gata; ser coma o demo; ser peor que un alarbio / can da rabia / vigairo; lanzarse como un can de presa; máis puxante que un touro de Fecha.

AGUDEZA V. INTELIXENCIA

AGUDO V. AFIADO, PICADURA

ALDRAXE

poñer [alguén - OD] coma un farrapo (2) / como un trapo / coma un can / coma un bellaco / como merecía; botalas coma o barro á parede.

ALEGRÍA V. LEDICIA

ALIMENTACIÓN

coma o pan da voda, que enche e non engorda; manterse do resío coma as chicharras; te-las vacas coma carros.

ALIVIO

coma se lle quitaran un peso de enriba.

ALOUCADO V. TOLEMIA

ALOUCADAMENTE V. tamén

INTENSIDADE, EXCITACIÓN, IRA
(vbo.) coma un tolo (3) / coma unha tola (2).

ALTIVEZ V. tamén DESPREZO

facer coma quen que son uns meirallós - meiralgas; facer como os cans grandes cos pequenos; ser teso coma un carabullo / un fungueiro / un pao / unha vara.

ALTO

alto e forte coma un carballo (2); (ser alto) coma a estrela do norte / a - unha torre (4) / un carballo (3) / un kirieleisón / un laral / un lareiro (2) / un pau da luz / un pericoto (2) / un pino (15) / un piño / un piñeiro (6) / un pico / un salgueiro (4) / unha igrexa; ser coma o pino da bouza / a copa dun pino / un calamón / un fío / un sangarillo;

largo coma un filiseu; ser (grande) coma os días de maio (2) / un día sen pan; máis alto có Picoto.

ALUMEAR

**alumbrar máis ca unha farola.*

AMABILIDADE

amante coma unha seda (3); brando coma a manteiga (3); doce coma a fava - o favo do mel; doce como mel; amoroso coma unha rula; moliño coma a tona do leite; ser coma unha cera (2) / coma unha malva; non ten unha fala máis alta que outra, non ter unha palabra máis alta que outra; ter un corazón coma a nata / a seda.

AMAGAR V. FINXIMENTO

AMAMANTAR

ter máis leite que unha vaca.

AMAR

amarse coma dous pombos / rulas; querer [alguén - OD] coma os ollos da cara.

AMARELO

(a)marelo coma a cera (6) / unha ameixa / a cidra; marelo coma a casca do limón; coma o limón de marelo.

AMARGOR V. tamén ACEDO

acedado coma un abruño verde; (estar) acedo coma o demo / o fel / rabo de gato (2), o rabo dun gato (2) / coma o rabo dun can / o caldo (2) / un trobisco (5); máis acedo có fermento / cá cabaza herbeira / có solimán / có xizo; agre coma rabo de can; amargo coma as xestas / o fel (4), o piorno (3) unto de sapo (2) / unha rabiza / o loureiro; amargoso coma a xesta; máis amargo có fel que lle deron a Cristo; agre como rabo de can (2); bravo como as xestas; amarga(r) coma a xesta - as xestas (6) / o fel (6) / o trobisco (3) / a breca; saber

coma o rabo do can; ter un amargor que nin a dos asentes lle gana; cariñoso como o bexato cos pitos; ser coma un come come; bravo coma as xestas; coma quen bebe acivro⁸.

AMBICIÓN

como Xan das Tramballadas: todo o monte, se non, nada; sementar máis millo do que se pode sachar; coller máis maquí da que se pode moer; levar á boca máis do que se poida debullar - comer; meter na boca máis do que se poida debullar - comer; como facía Marica Ordás: metía a man e tiraba máis; ser coma María Cortizas, canto ves, canto cobizas; ser coma Fuco o vertoleiro: cantas vexo, cantas quero.

AMBIENTADO V. tamén

COMODIDADE, SALVARSE

estar coma a troita na auga / o peixe na auga (4) / cabra no monte / carracho-carrapato na la (2).

AMEAZA

¡Estás tan xogado coma o vaso na mao do borracho, ¡Heite de poñer como cera e pabú!; ¡Vouche dar unha hostia e vas dar máis voltas que un fillo de puta buscando a partida de nacemento! / un garabanzo na boca dun fanado!; ¡Vouche poñe-lo cu coma un tomate!; ¡Vouche retorche-la lingua coma un tarabelo!; ¡Vouvos mazar coma polbos! (2).

AMIGARSE

casar coma os paxaros por detrás dunha silveira / dunha ramalleira.

AMIZADE

(facer) [algo] coma amigo; darse como Deus cos anxos (3); ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato / uña e carne (2); (ser) tan amigos coma sempre.

AMOLADO

quedar [alguén] coma se o foderan (2); quedar coma tres cun zoco; quedar negro coma as corres dun canizo; quedar coma as grades dun canizo; ir como o rato ó fol.

AMOR

*namorado coma un portugués / un ollomol (2); cariñento coma un can (2); querer [alguén - ODI] coma os ollos da cara (4) / coma as meniñas dos ollos (4) / coma a meniña dos ollos / coma as *niñas dos ollos / coma ó pan trigo / coma se fose o seu fillo / coma se fose un can / coma se o parise morto / máis cás meniñas dos ollos / máis cás meniñas dos meus ollos / máis cá meniña dos ollos / máis có mundo enteiro / máis cá vida dun / tanto coma as meniñas dos ollos (3); quererse como a auga e a terra; roldar [a un mozo] coma as pitas roldan o galo; ter máis amores que areas ten o mar; derreterse por [alguén] coma gato polo peixe / coma o gato polo leite (2); enamorarse coma un boi; non ver máis ca por aquel ollo; quedar prendido en - de [algo] coma a abella no - do mel; ter coma meniña do ollo / querer moito coma a troita ó troito.*

AMOUCADO V. TRISTE

ANCHO

ancho coma unha maseira; te-lo cu coma unha faldroca.

ANDAR V. MOVEMENTO, POSICIÓN, MARCHAR

⁸ Refírese á substancia amarga que se extrae das follas do áloe.

ANDAR A GATAS

andar a catro pés coma os gatos.

ANDAR Á PAR

andar coma un boi cando vai á mea.

ANDAR ARREDOR

andar arredor coma o Salvador - San Salvador.

ANDAR DEREITO

[ir, correr, andar] (dereito) *como un riguilete-riguilete (4), andar máis teso que un morgado.*

ANDAR (CAMIÑAR) MAL. V. tamén

COMPLICACIÓN, COXEIRA

andar coma o demo / un zopenco; andar a puxós como faco de matuteiro.

ANDAR MOITO

andar como un azacán (2); ser coma un andicio (3).

ANDAR POUCO

andar como piollo por costura.

ANDAR RÁPIDO

andar coma un galgo (3), / un lóstrego / unha asalación; ir como un foguete.

RECUAR

andar a redacú coma os cangarexos; andar coma o cangrexo - os caranguexos - un cangrexo; andar para atrás coma os cangrexos - o cangrexo / os patexos; recuar coma o cangarexo.

ANGURIA V. tamén

PREOCUPACIÓN

apertárselle a [alguén] o corazón coma un novelo; tremar coma a cana do millo / o xungo / vara verde.

ANIMAL

ser coma un cristián, fóra a alma (e figura).

ANIVERSARIO

tal día coma hoxe (4); en tal día coma hoxe; tal día coma hoxe fixo un ano.

ANOXO V. tamén IRA

saír coma un can cando lle atan unha lata ó rabo.

ANTIECONÓMICO V. CARO,

NEGOCIO RUÍN

ANTIGO

*como no tempo da *reina María Castaña; máis vello que andar a pé.*

ANTIPATÍA

*ter *gracia como fol de liñaza.*

APALPAR

coma o cego de Rebordaos (2) / coma o cego de Rebordaos, que o que non ve cos ollos apálpao coas maos (2).

APAMPADO V. PASMO

APARECER REPENTINAMENTE V.

REPENTINO

APARENCIA

coma a mazá: por dentro podre e por fora sá; ser máis as voces cás nocés; ser máis o ruído cás nocés (2), ser [algo] coma se fose pintado; ser coma o ferreiro de moito estroncio que, de tanto machacar, esquenceulle o oficio; ser coma a punta dun iceberg; ser un santo de pau; non ser tan fero o león como o pintan.

APARENCIA FALSA

ser coma a leña da figueira: recia de fume, fraca de madeira.

APARENCIA DE SAÚDE

coma a mazá: por dentro podre e por fóra sa (2).

APARVADO V. PASMO

APERTADO

andar coma piollo na costura / piollo en costura / sardiña en tabal / sardiñas na lata; estar coma sardiñas en banastra / en lata (2) / na lata; ir coma sardiñas na lata; vivir coma as formigas (2); estar como peixe en tixela (2).

APETECER

ser amigo de [algo] / [alguén] coma as abellas do mel; ser por [algo] / [alguén] coma o demo polas almas; ser coma as cereixas / os chuchameles.

APETITO V. tamén FAME, INAPETENCIA, COMER

comer en [algo] coma en ferrán; comer máis cá sarme brava.

APOLTRONADO

estar [un home] esportado coma un cabalo.

APRACIBLE

ser dun xenio coma unha malva⁹.

APRECIO V. tamén AMOR, ESTIMA

*ser coma o pan para as mozas; adorar coma a un *dios / os ollos da cara / pan bendito; estimar coma as meniñas dos ollos / ouro no pano; gardar coma ouro en pano.*

POUCO APRECIO

é - era - foi coma quen llo dá a un can.

APROVEITADO V. tamén PARASITO

facer coma o cuco (3) / os carros: cantan cando van cargados, cando van baleiros nada, nin chian; ser coma o porco de San Antón (2) - de San Antonio (2) / o porquiño de san Antón (4) - de san Antonio (2).

APROVEITAR

aproveitarlle [algo] a [alguén] coma a ferraña ós cans! / o alcacén ós cás-ós cans!

APROXIMACIÓN

coma quen di (18); é coma quen di (2); coma quen di "é vai eso".

APURADO

*andar apurado coma un gato con sete liviáns (2) - *livianos.*

APURAR

apurar coma unha máquina.

ARDER

arder coma a ascua (5) / a esca / a estopa (2); ardido coma un tizón.

ARDER CON FUME

arder coma a palla (2); arder como pau de oliveira; arder coma (se fora) un feixe de palla.

ARDUO V. tamén LABORIOSO, DIFICULTADE

non ter máis que un camiño moi estreitiño.

ARGALLANTE

escasurrante coma o trasno.

ARISCO V. ASPEREZA

ARRAIZAR V. PRENDER

ARRANDEARSE V. tamén

ABANEAR

arrendearse coma os xuncos.

ARRASTRAR

andar coas pernas arrastro coma un cangrexo (2) / coma o cangrexo / de rastros coma as cobras / de rastro coma as cobras / a rastro como as cobras / coma a barriga do sapo; arrastrado coma as cóbregas¹⁰; arrastrar coma se fora un trapo [alguén - OD] / igual que se fora un trapo; arrastrarse coma unha cobra / pola lama igual ca se fora un trapo; levar a un como cagallón por fervigueiro.

ARRECENDO

cheira coma unha algaria.

ARREDARSE

⁹ Estebo de Casal era un mozo de pouco coñecemento e d'un xenio com'unha malva. Abofé que non se facía memoria de que houbese tido custión con ningún.

¹⁰ ¡Arrastrado te vexas coma as cóbregas!

arrenegar de [alguén / algo] coma do demo (4) - do diabo - do diaño; librarse de [alguén / algo] coma do diaño - do demo (2) / do lume dos infernos.

ARROTAR

botar arrotos coma palleiros.

ARTEIRO

saber máis ca un polo asado; ser zorro coma o raposo; sabelas armar máis ca Merlín.

ASENTAR

quedar coma un guante.

ASOMBRO V. ABRAIO, SORPRESA

ASPECTO

te-la cara coma un barbeito¹¹ / un pote / unha pandorga; rapaces coma señores, rapazas coma soles.

ASPECTO FÍSICO V. ABURADO,

ADELGAZAR, ALTO, AMARELO, ASPECTO, BARBA, BOCA, CABELO, CALVICE, CARA, CEO, CEREIXA, COLORADO, CORPO, DENTES, DEREITO, FEALDADE, FERMOURA, FRACO, GORDO, LANZAL, LENTES, LÚA, MIRRADO, MORENO, NEGRO, OLLOS, ORELLAS, ÓSO, PALIDEZ, PEITO DE MULLER, PEQUENO, PERNAS, PÉS, PREÑEZ, RAQUITISMO, ROUPA, ROXO, RUBIO, RUBOR, SECO (“delgado”), SUCIDADE, TENSO, UÑAS, VERDE, VERMELLO, VESTIR, VEXIGAS, XEITOSO.

ASPECTO BO

rapaz coma un señor, rapaza coma un sol.

ASPECTO RUÍN

estar coma se non comera sal nin graxa / un avesinio¹² / un negro.

ASPECTO - ANCHO

ser redonda coma unha noz; ter un cenzo coma un palleiro; ter un cu coma un paxe (2); *ser como as tordas: finas do peto, as cachas gordas.*

ASPECTO – VAN ESTREITO

delgada da cintura coma a palla do centeo (4) / *unha dama real; ser coma o tres de bastos pola cintura.*

ASPECTO - CHEPA

dereito coma unha fouce (2); *torto coma un fouciño; ter unha xoroba coma un condenado.*

ASPECTO - FINO

fino coma unha troita.

ASPECTO - GORDO

redondo coma unha noz.

ASPEREZA V. tamén

AGRESIVIDADE, BRUTO, FERRO

(ser) bravo coma un toxo (7) / as xestas (4) / un teixo; (ser) brando coma as ortigas (3), unha ortiga; (ser) cariñoso coma o bexato cos pitos / o buxato para os pitos; liso coma a casca do sobreiro; áspero coma coio ferreal (2) / fero como gato de sobrado; máis áspero que un cardo; máis esgueiro - esguerio que un toxo arnal (2) / máis xoto que un espiño (2); / ríspedo como unhas pallas; ser coma a ETA / un ourizo (3) / un cardo (2) / un toxo (2) / unha besta brava / un purzo / un espiñeiro bravo / un mioto; rascar coma un sanmartiño (2).

¹¹ Como barbeito é o campo que se deixa sen cultivar un ano para que a terra descanse, significa “ter [un home] a cara sen afeitar” ou “ser [alguén] sucio e descoidado”.

¹² Recollido nos Ancares onde *avesú* significa “sombrizo” e supoño que, influenciado por *abisinio*, palabra popularizada cando Mussolini invadiu Etiopia/Abisinia e que deu lugar a que ó xurelo tamén se lle chamase *abisinio*.

ASTUCIA V. PICARDÍA,
INTELIXENCIA

ASUBIAR
asobiar como unha cobra / coma as
serpes / como o moucho.

ASUSTADIZO
coma tódalas nais.

ATAQUE V. tamén PERIGOSO
botarse a [alguén] coma un can
(doente) (2) - *cans doentes / gato ós*
bofes / galo ó millo / unha fera -
feras / un can danado; levantarse
contra [alguén] coma cans da
rabia; tirarse a [alguén] coma o
gato a bofes; atirarse a [alguén]
como Santiago ós mouros; botarlle
a man a [alguén] coma cadelos;
botarse a [unha muller] coma un
cadelo; botarse [un para o outro]
coma dous leóns; embafarse coma
o lobo nas ovellas.

ATAR
amarrar a un coma un Cristo.

ATOPAR FACILMENTE
como se se atopara detrás da porta.

ATORDAMENTO
quedarlle a cabeza a [alguén] coma
un bombo.

ATORMENTAR
apurar [alguén - OD] como un can.

ATRACCIÓN
atraer coma a muller ó home (2);
estar coma un frebo; ser coma un
imán.

ATRAPALLADO
estar coma o nabo; ser coma a vaca
da tía Ramona (2).

ATRAPAR
coller [alguén - OD] coma o rato na
rateira (2).

ATRAVESADO
ser atravesado coma os cangrexos
(2).

ATREVIDO

se-las mans de [alguén] coma a
lingua das ovellas.

AUGA
auga limpa coma un cristal; augas
coma un espello.

AUGA MORNA
auga coma do sol.

AUMENTAR
crecer coma a mala herba; medrar
coma cogumelos.

AUSENCIA
andar coma a pita sen os pitos (2),
estar como cega.

AUSTERO
ser coma a fame / o ano que non hai
que segar / o ano que non ten que
dar.

AUTORIDADE V. DOMINIO

AVARENTO
ser coma a fame / a uña da fame / a
**Virgen do puño (2) / a Virxe do*
puño (10) / a Virxen do puño (3) / o
ano que non hai pan (2) / o ano que
non ten que dar / o pé dun banco
(2) / o pote que ten cu e non caga /
un puño; (ser) agarrado coma a
Virxe do puño (3) / unha lapa (2) /
os dentes do angazo (2) / un puño;
ser máis agarrado cá chaqueta dun
guardia; ser máis apretado cás
**tuercas dun carro; (ser) máis*
apertado cá Virxe do puño; ser
retorto coma o corno dun carneiro;
ser tacaño coma a Virxe do puño;
facer coma o xudeu.

AVERGOÑADO
*corrido coma a moeda*¹³

AVIVAR PROBLEMA
é como botar toxo ó lume.

AXEITADAMENTE

¹³ ¡Corrido te vexas coma a moeda!

(verbo de acción) *coma o primeiro / coma o mellor*¹⁴.

AXEITADO V. tamén ACAER,

AXUSTAR

estarlle [algo] a [alguén] coma o unto ás verzas (2) / *anillo ó dedo; estarlle tan ben [unha peza de roupa a alguén] coma se nacera nela; ir [algo a alguén] coma o anel ó dedo (4), quedar [algo] a [alguén] coma un guante / o unto ó caldo (2) / o unto ás verzas (2) / o rabo á raposa (2); sentar [algo a alguén] como un guante; serlle [algo a alguén] coma o unto ás verzas (2); asentar como unha luva / embude á boca do xerro / anel ó dedo (2) / embudo na boca do xerro (2); facer como o touciño, que di en tódalas olas; ser [para algo] como feito de cera; quedarlle o xeito coma ós músicos vellos; (facer algo) coma a xente; ninguén coma el para (inf.); non haber como (inf.) para que (*subx.)¹⁵, non haber como (subst.) para [algo / alguén]¹⁶; non haber (subst) coma [alguén]¹⁷.

AXILIDADE

áxil coma unha donicela - doniña (2); moverse coma un peixe, ser coma un galafato / unha andaravía; montar coma unha aguia.

AXITACIÓN V. INQUEDANZA,

INQUIETO

AXUSTAR V. tamén AXEITADO

vir xusto como funil en botelo.

AZUL V. tamén OLLOS

azul coma a flor do liño.

BAFEXAR

escumar pola boca coma un can adoecido.

BAILAR

BAILAR BEN

bailar coma unha rapaza (6); unha buxaina (3) / un trompo (3) / unha parafusa; virar coma un fuso (2); bailador coma unha buxaina; bailar coma se foran señores.

BAILAR MAL

bailar coma un tolo - tolos / un oso / unha carballa (2) / un cabalo; ser como os ruíns bailadores: malos de entrar, peores de saír.

BAIXO V. PEQUENO

BALEIRO

soar oco coma un ataúde baleiro; ser coma o prado sen rego (2).

BARBA

*ter a cara coma un barbeito*¹⁸.

BARULLO

facer máis barullo que sete galegos.

BÉBEDO V. BORRACHEIRA /

BEBER

BEBER

beber coma un boi (3) / unha vaca / as vacas na carrada (2) / vaca sedente / un fuso (2) / cans / lobos / unha cuba (3)- cubas / un fudre, un mosquito / un odre / unha cal / unha draga / unha esponxa / unha tella (2) / unha tinalla; beber coma un perdido; beber máis ca un odre (2) / unha tella / unha toupeira / teupeira; chupar máis ca unha esponxa (3) / unha sambesuga -

¹⁴ *repenica-las pandeiretas e as cunchas coma o mellor macho.*

¹⁵ *Non hai como morrer para que gaben a un.*

¹⁶ *En cras de argallantes, xa non hai como os rapaces de Celanova. ¡O que eles non fan, non o fai o demo!// Para a ovella non hai como o carneiro, quéroche dicir que cada un cos da súa caste.*

¹⁷ *Non hai compañeiro coma o diñeiro.*

¹⁸ Ver n. 11.

sanguesuga (2); *poñerse coma un odre*.

BEBER POUCO

beber tanto coma as ovellas.

BEIRA DO LUME

estar amorrallado xunto o lume como can torrado.

BELEZA

unha moza coma un sol (2)¹⁹ / *unha rapaciña coma un sol*; *bela coma unha raiola de sol*; *bonita coma un anxo* / *o alabar a Noso Señor* / *o sol - sol - un sol* (2) / *unha estrela / os amores / unha rosa*; *bonito coma unha rosa* (7) / *un sol* (5) / *unha prata* (5) / *unha estrela* (2) / *un relós - reloxo - reloxo* / *a flor de maio* / *un ouro* / *unha estampa* / *unha flor* / *a rosa na roseira*; *estar coma un tren*; *(ser) coma un ouro* / *un sol* (2) / *un brinco* / *un pero - unha pera*; *ser (feito - a) coma un croque* / *un brinco* / *unha pera* (6) / *un piñón*; *ser feitaña coma unha pera* (2) / *unha rosa* (2) / *unha rosa encarnada* (2) / *un carto* (4); *(ser) feituquiña* como hai poucas / como se a fixesen de cera / *coma feita á man*; *é como* *si a fixera *Dios á mau tenta / se a fixera *Dios a mantenta; *ser como noso Señor fixo unha estrela*; *coma* *si a pintara *Dios do ceo; *coma* *si a pintara Deus no ceo; *ser ben feito coma un alabar de Deus*; *ser galana coma un sol*; *fermosa coma unha fada* / *fermoso coma o sol de mediodía* (2); *(ser) garrida coma a prata* / *a xunca do regato* / *garrido coma un caravel*; *(ser) guapa coma unha*

pomba (3) / *unha rosa* (3); *(ser) guapas coma estrelas*; *(ser) guapo coma unha estrela* / *un caravel* (3) / *un sol* (9); *(ser) linda coma os amores* / *un sol* / *unha rosa*; *ser lindo coma as peras* / *o sol* (2) / *os amores* (2) / *unha rosa*; *(ser) máis bonita que un sol*; *ser* *blanca como o leite e *colorada coma o trigo*; *estar coma as rosas*; *moza coma unha rosa - mozas coma rosas*; *mozo coma un pino*; *rapaza branca e bonita coma unha filla de rei*; *rapazas coma rosas* / *soles*; *rapaza bonita coma un sol*; *ser bonita coma o ouro* (2) / *un anxo* (2) / *un ouro* / *unha estampa* (2) / *unha fada* / *unha rosa* (2); *ser bonito coma un caravel* / *un sol* (2) / *un solleiro*; *ser coma a vella de Zaragoza (canto máis vella, máis fermosa)*; *ser coma o raio do sol* (4) - *un raio de sol* (2) / *o sol* (4) / *un sol divino* / *un sol espellante* (2) / *unha estrela* / *un luceiro* (2) / *rosas de maio* / *un brinco* (4) / *un corolo* (2) / *un pantrigo*; *ter un amor coma un sol*; *ver [alguén] coma rosa na roseira*; *ser unha moza como unha potra*.

BEN

coma unha seda (2); *estar coma as rosas* (4) / *Dios / *un reló* / *nunca*; *estar máis que regular*.

BENESTAR V. tamén

AMBIENTADO, COMODIDADE, FELICIDADE, SALVARSE

andar coma o peixe na auga (2); *estar coma un Pepe* / *un rei* / *unha raíña* / *un rei nunha cesta* / *Dios (2); *ir coma unha rosa - rosas* (2) / *rei na cesta*; *levar unha cama coma*

¹⁹ *Sementei garabanzos, / naceron coles, / as neniñas de Corme / son coma soles.*

a dun cura; pasa-la noite igual ca un cura; poñerse coma o demo cando era mozo ²⁰; vivir coma *Dios (2), ¡Quen coma el - ti - vós! (4).

BENVIDA

recibir como auga de maio; ser recibido coma un marqués.

BERRO

berrar coma becerros / condeados - unha condenada - un conxanado / un adoecido / un argao / un arao / un burro / un condenado (10) / un loco / un tolo (6) / un touro / xovencos (2) / demos pechados nunha catedral; berrar coma se esfolaran a un / se lle arrincaran o estómago; berrar e espernear coma un escondregado; gazmear coma unha pega vella; (bradar) coma un condenado (2); ladrar coma un can de palleiro (2) / un can lunático; muxir coma un xato; oubear coma un can (2), se mataran a un; (ser) coma a campá grande; renxer coma un can; griñir coma os burros.

BLASFEMIA

blasfemar coma os demos do inferno / un condenado / dicir máis pragas que un arreeiro.

BO ASPECTO V. ASPECTO

BOA SAÚDE V. SAÚDE

BOA VISTA V. VISTA

BOCA FEA

ter unha boca coma un lobo / unha alpargata; ter a boca fea coma a lamprea.

BOCA GRANDE

te-la boca coma un burro / a dun forno.

BONDADE

boña coma unha santa Catarina; bo coma o bo pan (2) / o molete (3) / o pan (17) / o pan de Cea / o pan de comer (5) / o pan trigo - pantrigo (3) / o pan bendito / un anaco de pan / un anxeliño / un cacho de pan / un santo; máis bo có pan / có pan de comer; ser bo coma as niñas dos ollos / o bo pan / o molete / o pan (7) / o sol de maio / un anaco de pan (2) / unha baraza de la; ser bon coma o pan (2); ser coma o pan / un anxeliño / un anxo / unha bendición do ceo; ser dociliño como a la; ser máis bo có pan; ser tan anxo coma [alguén]; ter un leite coma un óle[o]; ¡Tódolos malos foran coma el / (subst.)!

BONITA V. BELEZA

BORRACHEIRA V. BEBER

agarrar unha chea coma un piano, andar / estar coma un pelexo (2) / coma unha cuba; bébedo como un carro; bebido coma un pelexo; borracho coma unha cuba (16) / un pelexo (7) (o) viño (3) / un coiro / un odre / un pelexo de viño / unha pera / unha uva (3); borrachos coma preas; estar coma unha cuba (8) / unha uva (4), un odre (4) / o rodaballo de Marín / un congro / un cesto; estar (borracho) coma unha pera / unha tella; ir coma unha tella; máis bébedo có viño / que unha uva; máis borracho que unha uva; pesarlle a un a cabeza máis có pé; ser por (o viño) coma o demo polas almas; ter unha chea

²⁰ López Taboada infórmame de que en Sobrado se di [*máis feo*] *có demo cando era mozo*. Con todo eu supoño que se refire a cando Lucifer aínda non se rebelara e, como arcanxo, era de gran poder e beleza, segundo a tradición cristiá que elaborou textos bíblicos fragmentarios (Isaías 14, Ezequiel 28; Lucas 10,18; Xudas 1; Apocalipse 12).

coma un piano; vir borracho coma Castro (2).

BRADAR V. BERRAR

BRANCO

*(ser) branco coma a neve (29) / neve / as folerpas da neve (2) / o ampo da neve (7) / a neve da serra / o leite (17) / hai flores / unha azucena (2) / a flor da laranxeira / unha estrela / unha pomba / a espuma do mar (2) / a espuma / a pomba / unha pomba / a prata (2) / unha prata / prata (2) / o cal / o cal da parede (2) / o papel (3) / papel / pelica de nata / un caravel / un serafín / unha cera / unha espelencia / unha estriga / unha estriga (de liño) / a lá dos años cando saen do río / unha pantasma; branquear coma a neve / a prata; branquiño coma a neve / unha folerpa; estar coma unha alba (5); máis branco cá neve (2); nidio como unha pomba; ser branco, branquiño, coma un ovíño de rula; ser coma a neve / o albín da neve / os repolos; ser igual ca neve *blanca; estar *blanco coma a neve; te-la cara branca coma o albín da neve; (subst.) branco coma a neve.*

BRANDO

brando coma a manteiga (3) / o queixo / unha manteiga; máis brando cá cera / que unha seda (2); máis mole cá manteiga; cocido coma a algaria; mol coma o Neno Xesús / a manteiga; mole coma a algaria; moliño coma a nata / a tona do leite; ser coma unha cera.

BRAVO V. ASPEREZA

BRÉTEMA V. ESPESO

BRILLO

*alumear coma os ollos dun gato, *brilar coma prata de mico / un luceiro; brillar coma a prata / un*

sol / lóstregos / un xaspe; lucir como a prata; relucente coma o ouro (6); relucir coma unha patena; relumar coma brasas; relumbrar coma un espello (3).

BRINCAR

botar máis ca un balón; brincar coma o gran na peneira / un cabrito / un cabrito tolo / un xovenco / coma poldros; choutar coma os cabritos / un cabrito / un xovenco; dar brincos coma un corzo / coma a sardiña na rede; saltar coma un cabrito / un castrón (2) / un corzo (2) / un pencillete (2).

BRISA V. FRÍO

BROMA

escasurrante coma o trasno.

BRUÍDO

bruar coma un boi sen capar / un can doente / un condenado / un touro / unha fera.

BRUSCO

ser como un toutizo; ser gafo coma os cans; te-la lingua coma unha lima; ter máis espiñas que unha silveira.

BRUTO V. tamén ASPEREZA

*(ser) bruto coma un arado (16) / un arado de *vertedera / un arado (de ferro) (4) / as casas / un arroás (2) / un cachalote (2) / un machado (2) / unha porta; fino coma unha tranca; máis bruto que un arado / un tamoeiro; ser coma animais, fóra a alma / o gando / un animal (2) / un animal, fóra a alma / un arado (4) / un arado de ferro (2) / un arado de pao / un bocadillo de toxos / un carneiriño / un carolo / un xouno / un trebón de sarabia; ser máis besta que un arado; ser máis bruto có boi de Tomás; ser bruto coma os fillos de Quitolis, que canto máis medraban máis*

brutos se volvían; ser máis basto que matar un porco a bicos.

BUFAR

bufar coma as cobras / un gato / unha cobra.

BULIGUEIRO

buligueiro coma un axóuxere.

BULIR

bulir coma un formigueiro.

BURLA

apurar a un como un can; burlón coma o demo; máis corrido que unha mona; quedar coma un burro.

BURLADO

corrido coma a moeda; ir coma o can co rabo entre as pernas; irse coma un can tundado; irse corrido coma un can (2); marchar corrido coma un can (5).

BURRO

V. TORPEZA

BUSCA

fluxir de [alguén] [algo] coma o gato da sardiña / o lobo das ovellas; remexerse coma unha xerpa.

CABELO

V. tamén CALVICE,

GRANDE -VELO

ser guedelludo coma un oso; ter máis la que unha ovella; ter pelos coma o porco.

CABELO CRECHO

cabeza crecha coma o niño dunha pega.

CABELO EN DESORDE

te-lo pelo coma unha cabuxa (2).

CABELO LOIRO

colorado coma o trigo; loiro coma unha laverca / un palleiro / un suevo; ser coma o ouro / os campos de trigo no verán.

CABELO ONDULADO

facen ondas coma mar.

CACHAZA

V. TRANQUILIDADE

CAÍDA

caer coma mosca na sopa / o barro á parede (2) / o figo maduro / pedra

no pozo / sopa no leite / sopa no mel (2) / un bazuncho (5) / un cesto (3) / un choco / un farrapo (2) / un figo maduro (4) / un marrau / un peixe (2) / un sapo (4) / un tordo / un trambollo / un trapo / un trapo ó chan / un saco; caer de maduro coma un figo; caer de pé coma o gato - os gatos; caer espatarrado coma un sapo; caer sempre de pé como as touriñas; petar no chan coma se fora un fol de fariña; rodar coma un fol de fariña; caer coma quen as envorca; caer coma un paxariño (2) / un pato (2).

CALAR

V. tamén SILENCIO

ser coma un defunto.

CALIDADE

CALIDADE NEUTRA: ABARCAR DE

MÁIS, ACEPTAR, ACTIVIDADE, AFIADO, AGUDO, ALIMENTACIÓN, AMBICIÓN, ANCHO, ANIMAL, ANTIGO, APRACIBLE, APURADO, ARDUO, ARGALLANTE, ARISCO, ARTEIRO, ASPEREZA, ASTUCIA, ASUSTADIZO, ATRACCIÓN, ATRAVESADO, ATREVIDO, AUGA, AUSTERO, AVERGOÑADO, AXEITADO, AXILIDADE, AXITACIÓN, AZUL, BALEIRO, BELEZA, BRANCO, BRANDO, BRILLO, BROMA, BULIGUEIRO, CALAR, CALIDADE, CALMA, CÁNDIDO, CAPACIDADE ESCASA, CAPRICHOSO, CARO, CASTIDADE, CERTEZA, CLARIDADE, COMPARACIÓN, COMÚN, CREDULIDADE, CURIOSIDADE, DEBILIDADE, DELICADO, DESCOMPOSTO, DESCONFIANZA, DOCILIDADE, DURAR POUCO, DUREZA, EFÉMERO, EMPIRISTA, ENGARRAR, ENGURRADO, ENREDAR, ESAXERAR, ESCASEZA, ESCRAVO, ESCURIDADE, ESPESO, ESTÍMULO, EVIDENCIA, EXACTO, FERO, FINO, FLEXIBILIDADE, FONDO,

FRAXILIDADE, FRESCURA, FRÍO, FUGACIDADE, GRANDE, HABITUAL, IMPERCEPTIBLE, IMPOSIBILIDADE, IMPROBABLE, INCAPACIDADE, INCOMPARABLE, INCONTESTABLE, INFRECUENTE, INMADURO, INMERECEDO, INNECESARIO, INOCENCIA, INOFENSIVO, INSIGNIFICANCIA, INTIMIDADE, INTRANSCENDENTE, INXENUIDADE, IRRREFUTABLE, IRRELIXIOSO, IRREPETIBLE, LABORIOSO, LENTITUDE, LIMPEZA, LISO, LIXEIRO, LONGO, LONXEVIDADE, MADURO, MANSO, MÉRITO, MOL, MUDABLE, NOVO, OBEDIENCIA, OMNIPRESENCIA, ORDINARIO, PAN, PASADO, PASCUA, PECHADO, PEGAÑENTO, PERA, PESO, PICARDÍA, PLANO, PÚBLICO, RANCIO, RAPIDEZ, RARO (INUSUAL, EXCÉNTRICO), RARO (NON ESPESO), REDONDO, REMEDIO INSTANTÁNEO, REPENTINO, RESISTENCIA, RETRANCA, RUGOSO LISO, SALVAXE, SEDUCIÓN, SENSIBLE, SERIO, SERVIZAL, SEXO, SILENCIO, SOLUCIÓN, SONO FRÁXIL, SUAVIDADE, SUFRIDO, SUPERIORIDADE, SUSCEPTIBLE, TIMIDEZ, TORTO, TRABALLO, VALOR, VAN, VARIEDADE, VENTUREIRO, VERDADEIRO, VERSÁTIL, VIZOSO, VOLUNTARIO, XUSTEZA.

CALIDADE NEGATIVA: ACOSO, ACUDIR, AGOIREIRO, AGRESIVIDADE, ALTIVEZ, ANTIECONÓMICO, APROVEITADO, ATRAPALLADO, AVARENTO, BRUSCO, BRUTO, CINISMO, COBIZA, COMENENCIA, COMPAÑA, CONFUSO, DEFECTO, DESAGRADO, DESCARADO, DESFEITO, DESLEIXO, DESVERGOÑADO, DIFICULTADE, DISPARATE, DÚBIDA, EDUCACIÓN MALA, ENGAÑO, ESTIRADO, ESTORBO, EXCESO, FALSIDADE, FOLGAZÁN, GUSTO MALO, HIPOCRISÍA, HORTA

DESCOIDADADA, IGNORANCIA, ILEGAL, IMPERFECCIÓN, IMPRODUTIVO, INACABABLE, INCOHERENTE, INCONSTANCIA, INCONVENIENTE, INDECENTE, INDISCRECIÓN, INDOCILIDADE, INEFICAZ, INELEGANTE, INESTABILIDADE, INFLUENCIABLE, INFORMALIDADE, INGRATITUDE, INHÁBIL, INOPORTUNO, INSENSATEZ, INSENSIBLE, INSERVIBLE, INSOCIABLE, INSOLENCIA, INUTILIDADE, INXUSTO, LACAZÁN, LADRÓN, MALEDUCADO, MALICIOSO, MALINTENCIONADO, MURCHO, TRISTE?, ORGULLO, PARVO PERIGOSO, PREGUIZA, PROBLEMÁTICO, QUEIXA, RUINDADE, TEIMOSÍA, TORPEZA, TOSCO, TRAZÓN, TRAPALLEIRO, TÚZARO, VIL, VIL, SEN VALOR, VULGAR.

CALIDADE POSITIVA: BONDADE, BRUSCO, ACAER, ACCESIBLE, ADAPTARSE, ADECUADO, AFORRADOR, AFORTUNADO, AFOUTEZA, AGARRADO, AGUDEZA, AMABILIDADE, APETECER, CATEGORÍA, CONFIANZA, CORRECTO, CUMPRIR, DECIDIDO, DIGNIDADE, DISCRECIÓN, EFICAZ, ELEGANCIA, ESVELTEZ, FACILIDADE, FECUNDIDADE, FERTILIDADE, FIABLE, FIDELIDADE, FORMAL, FORTALEZA, FORZA, HABILIDADE, HONESTIDADE, HUMILDADE, INSUPERABLE, INTELIXENCIA, NENO LIMPO, OPORTUNO, PACIENCIA, PUNTUALIDADE, PUREZA, RAZOABLE, RIQUEZA, SABIO, SENSATEZ, SINCERIDADE, TENRURA, VENTUROSAMENTE, VIVEZA, XENEROSIDADE, XUSTO.

CALMA V. tamén MAR CALMO
*andar á présa coma o pouso do
muíño (2); andar coma a auga
mansa; con máis calma que un boi*

de Lafño; *estar coma o can* *sin alma; *estar o mar como o rego*; *ser calmoso a comer coma os burros*; ser coma a auga mansa / a pedra da Borna²¹; *sosegado coma unha balsa de aceite*; ter tanto bazo coma un burro morto / unha vaca / a miña vaca; *ter unha pachorra como un sapo*.

CALOR V. tamén QUENTAR, QUEIMAR, ABURADO

calor que abochornoa / como chumbo derretido; *facen máis calor ca no inferno*; facen unha calor coma se estivesemos nun forno / que caen os páxaros / que caen os páxaros mortos / que rebe / que acora; *queimar coma o sol*; *ir unha calor que escapan os cans para a sombra*.

CALOR MOLESTA

sintir a calor coma unha vaca vella.

CALUMNIAR

botarillas coma mantas a [alguén].

CALVICE V. tamén CABELO

te-la cabeza coma un pelouro (3) / *un unto* (2); *cabeza monda coma unha mazá*; *encalvexado coma a casca dun ovo por fóra*.

CAMBIAR

cambiar de color coma un polbo (2); cambiar coma unha virandela / da noite ó día; *virarse como a folia da ulmeira*; *non se-la cousa coma agora*; *non ser coma antes*.

CAMBIAR DE IDEA

cambiar de cor coma un polbo.

CANCRO V. tamén

AGRESIVIDADE

comer en [alguén] coma a couza.

CÁNDIDO V. INXENUIDADE

CANSAZO V. tamén

DESFALECER, EXTENUACIÓN, FASTÍO
cansado coma un raposo (7); *cansado coma un raposo de arrastra-lo rabo*; *canso coma un raposo vello corrido dos cans*; *coma un fol desinflado*; *andar mallado igual ca un zorro*; *estar cansiño coma un can*; estar coma unha breva (3) / *a leña, estar máis farto de [algo] [alguén] que un gato de tripas*; (estar / ir) moído coma o sal (4) / *cansiño coma un can*; *máis cansado que unha vella de mazar liño*; *máis morto que vivo*; *mazado coma un polbo*; *estar coma un negro – negros*.

CANTAR

CANTAR BEN

cantar coma un paxaro – paxariño / unha calandra (3) / *a rula* (4) - *unha rula / unha laverca / anxos do ceo / os anxos* (3) - *un anxo / un canario / un reiseñor* (2) - *rousinol / unha *ghulandrina / un crego / unha fruta - fruta / a gaita do gaiteiro* (4).

CANTAR AGUDO

cantar coma un asubío (32).

CANTAR GRAVE

baixar máis ca un porco.

CANTAR MAL

cantar coma as porretas da ferraia-ferralla / un carro vello (2) / *un grilo / un can / un *desdichado / unha galiña / quen está a axoa-los páxaros*; *a cantar ser igual ca unha cabra a berrar*; *canta-lo galo coma unha galiña*; *cantar (a galiña)*

²¹ Recollido en Vilaboa (PO).

*coma o capón; cantar unha pita
coma un galo (2)²².*

CANTIDADE

Para “moito” V. ABUNDANCIA,
AGLOMERACIÓN, ANDAR, COMER,
CORRER, GASTAR, DURACION,
EXCESO, FALAR, FUMAR, PARELLA,
SUFICIENCIA.

Para “pouco” V. POUCO, ANDAR,
BEBER, CHOVER, CORRER, LAVARSE,
ESCASEZA, PESO, SELECCIÓN, UN.

CAPACIDADE ESCASA

facer coma o ripo²³(3).

CAPRICO

*con máis antollos que unha preñada;
vertoleiro como boi torto.*

CAPTURA V. CAZAR

CARA

CARA AFIADA

cara afiada coma de aguia.

CARA DE DOLOR

*poñer unha cara coma a dos ferreiros
cando queiman os dedos.*

CARA MARCADA

*cacarañado coma unha filloa (4); ter
na cara máis grans que un ferrado
de millo; te-la cara coma un
ferreiro.*

CARA SUCIA

*te-la cara coma un pote (2); trae-la
cara coma un porco teixo.*

CARÁCTER

CARENCIA

*coma o ferreiro da maldición, que,
cando ten ferro, non ten carbón (3)
/ que, cando ten ferro, non ten
carbón e, cando ten todo, fáltalle a
devoción; ser coma un home sen
pantalóns (2).*

²² Cando canta unha pita como un galo, ou cando
canta un galo á medianoite, se non se mata
axiña, é que vai haber morte.

²³ *que só fai unha función.*

CARGA

*(andar / ir) cargado coma un burro
(5) / un macho, cargado coma un
burro / o orizo; cargar coma un
burro / un mulo; carrexar como un
bruto / un burro / un macho / un
galego; chormear como un
ghamelo; cargado coma un
gaiteiro; cargado de pollos coma o
toxo de espiñas.*

CARO V. tamén ERRAR,
NEGOCIO RUÍN

*caro coma o lume; pagar coma un
ministro²⁴; ser máis caro o prebe
có peixe; valer máis o viño cás
borras; custar máis o caldo cás
talladas / o pringue cós caracois²⁵.*

CASTIDADE V. tamén SEXO
casta coma unha Susana.

CATARRO

andar coma as limachas.

CATEGORÍA

ser tanto coma o mellor.

CAUTELA V. PRECAUCIÓN, TINO

CAZAR

*apañar como can no muíño; caer
coma un peixe; caer como figo
maduro / raposo na gramela; pillar
[alguén - OD] coma rato na rateira
(2); paralas coma unha cesta.*

CEGAR

*cegar coma unha toupa, (estar) cego
coma a teupa – a toupeira – tiopa /
unha toupa (8) / un toupo (2); estar
coma unha toupa; ser coma o que
non ve.*

CENTILEO

latexar coma un corazón.

CEO

²⁴ *Comín coma un cura e paghei coma un
ministro.*

²⁵ *¡Inda custa máis o pringue que os caracois!
(ZAMORA MOSQUERA: 122).*

ceo coma sebo de carneiro (4), ceo encarnado coma o lume.

CEREIXA V. tamén TAMAÑO
cereixas coma puños.

CERTEZA V. tamén

REAFIRMACIÓN

*estar tan certo de [algo] coma de que habemos dar conta a *Dios; máis certo que haber bruxas; pensar como artigo de fe; ser tan certo coma que temos que morrer (2) / que habemos de finar / que agora é de día - noite / que dúas e dúas son catro (2) / que dous e dous son catro / gaita en voda; ser unha verdá coma un puño / un templo; ser verdades coma puños.*

CINISMO V. tamén

INCOHERENCIA

*facer como frai Tomás: facer como el di, non como el fai; predicar a Cristo e vivir coma *Dios; ser coma os chitos.*

CHAMAR

asubiar de lonxe coma a can que anda perdido / coma se fora un perdido; petar a unha porta coma se fose a do muíño.

CHAQUETA V. ROUPA

CHASCO V. tamén FRACASO
irse cantando como os galos ó millo.

CHEIRAR MAL

cheirar coma unha bubela (3) / as calezas²⁶ / un can / un can morto / un ovo podre / unha arpilleira / unha carnada / unha morriña / unha poupa / unha prea; feder peor có raposo; feder coma unha bubela (3); máis cheirento que un bubelo.

CHEIRO V. RECENDO

CHEO

chea coma unha urca; cheño coma un ovo; cheo coma un burro que era / un cura (4) / un fol / un ovo (3) / un odre (2) / un pego / un pélogo (2) / un peto (3) / un sapo (2) / un ourizo; cheo de auga coma un cortizo (2); estar coma un chourizo / o ovo / un odre (3); estar / quedar coma unha abrótega; estoupar coma unha breva; ficar como un abade; te-la andorga coma un pandeiro; te-la barriga coma un fol; te-las barrigas coma tambores.

CHIAR

chiar coma as cobras.

CHISPA

coma unha chispa.

CHORAR

botarse a chorar coma unha perdida / un neno de teta; chorar coma unha Madalena (19) / unha Madanela (4) / unha Magdalena (5) / Madalenas (2) – Madanelas / mulleres / nenos / perdidos / un meniño / un neno (7) / un rapaciño / un perdido (3) unha perdida (4) / un tellado (3) / as nubens - as nubes / un queipo de vimbios, / unha fonte (5) / unha veiga tallada (3) / unha videira / unha fonte; chorar bágoas coma puños; chorar máis ca Cristo bendito; chorarlle os ollos a un coma os cans da ribeira; escorrerlle os ollos coma os gotos da goteira; garniar coma unha nena de teta; guindar bágoas coma noces; impar coma un neno de teta.

CHOVER

anuncialo o ceo coma sebo de carneiro; caer auga coma quen a envorca / a tira cun balde (2); caer auga coma chuzos; coma se a

²⁶ A. Fole utiliza caleza (*Á lus do candil*) pero podería ser errata por calaza (“carne morta e podre”).

*envorcaran; chover coma fóra; chover coma na primeira hora; chover coma quen a envorca (7) / a envorca cun xarro -xerro / a tira a caldeiros / a tira cun caldeiro / tira auga cun caldeiro (2); chover coma se a botaran cun cesto / romperan as nubes (2) / a envorcaran / se Deus a dera; chover en [algo] coma na rúa / fóra (3)²⁷; *chove que é coma quen a bota a caldeiros; é coma o borracho a beber; chove o mar chovido.**

CHOVER POUCO

chover tanto coma a mexeira dun gato (2).

CHOIVA NEVE

(caer-caír) auga coma a neve.

CHUVIA INSISTENTE

ser [algo] coma un borracho bebendo / a beber.

CHUVIA MIÚDA

*barruzar como *si orballara.*

CITA

como di o outro; coma dicir; como dixo o outro; coma o que di; coma o que di²⁸; é coma aquel que di...; é coma dicir; é coma o que di... (2)

CLARIDADE

claro coma a auga / auga / o sol / a luz do sol (3) / o sol de medio día / ollo de galo / un bo viño branco; esta-la conta coma a auga crara; haber un luar coma día / coma o día.

CLIMA V. TEMPO

COBIZA

ser coma María Cortizas: canto ves, canto cobizas.

²⁷ *¡Este mundo é un bandallo / pendello / cesto e chove nel coma fóra!*

²⁸ *coma o que di 'non quero; non quero; pro bótao neste pucheiro'.*

COBRAR

pagarse como o moleiro²⁹.

COCER

cocer coma un pote³⁰.

COIDADO V. tamén TINO

(ter / conservar / gardar) coma ouro en pano (3) / unha reliquia; coidar [algo] coma as meniñas dos ollos.

COLOR V. BRANCO, NEGRO, MORENO, AMARELO, AZUL, COLORADO, RUBIO, ROXO, VERDE, PÁLIDO, RUBOR

COLORADO V. tamén CABELO, RUBOR

*colorado coma as cereixas no cereixal / unha cereixa (2) / a grana (2) - a gra (3) - unha grana / a guinda (2) / un pemento morrongo / unha rosa / un caravel / a pez (irón.) ; estar coma un cangrexo / unha ascua (2) / unha grana / unha brasa; *estar* (ou *poñerse*) *coma* unha guinda; rubios *coma* tomates; *sonrosada* *coma* a margarida das herbeiras; *te-la cara encarnadiña* *coma* as cereixas (2); *vermello* *coma* o coral.*

COMENENCIA

achegarse / arrimarse ó sol que máis quenta.

COMER V. tamén SATISFEITO, APETITO

COMER SEN PREOCUPARSE DOS OUTROS

²⁹ A fonte (Vicente Llópez) non define esta locución pero supoño que é cobrar un servizo detraendo unha parte concordada do produto e supoño que se refire á maquia que colle para si o muiñeiro.

³⁰ *Dispois aí qu'estalo atendendo, mirándoo, ou userbándoo, cuando é que coce ou que non coce. Eu póñoll'a goma, ó medio ferber póñoll'a goma'entonces tápoo, póñoll'un caxarro con auga e aplicoll'a goma elí, está cocendo com'ón pote.*

andar coma no chozo; comer coma os de Bertamiráns: todos mirando para nós e os criados cos cans.

APARECER SEMPRE ONDE HAI COMIDA,

AUTOINVITARSE

andar coma o cocho - cochiño de san Antonio / o porco de San Antón (2) - o porco de San Antonio / o porquiño de San Antón (2) - o porquiño de Santo Antonio (2); ser coma o porquiño de santo Antón / o porquiño de Santo Antón (2).

COMER MOITO

V. tamén

GULA

*comer coma un cura (13) / un crego (7) / un frade (3) / un abade (2) / cans / descosidos (2) / un lobo (11) - lobos / un burro (3) - unha burra / un mulo - mulos (2) un animal (2) / un árabe / un asturiano / un bazuncho (2) / un boi / unha vaca (2) / un urco (3) - unha urca / un bruto / un budaque / un cavador / un condenado / un descosido (4) / un lafroias / un voitre / un *sabañón (4) / unha frieira / unha draga / unha lima (7) / limas - limas (xordas) / un quico / un riguilete; comer e beber a embute / coma dous abades³¹ / coma bestas / coma porcos / coma un rei; comer máis ca unha frieira (2) / unha alfándigha / o can dos gardas / a pedra dun afiador; hai que darlle cun caldeiro coma os porcos (2); manducar coma un sabañón, *ser* coma Santo Antoniño que non come nin bebe e está gordiño; encherse coma un bazuncho / cans / un fol / un odre; enche-lo bandullo coma*

*beceros; ser coma a Fiscalía / un fol furado / un saco sen fondo / san Benedito: non come nin bebe e anda *gordito.*

COMER COMIDA DE CALIDADE

ser [algo] mellor que carneiro / galiña.

COMER POUCO

comer coma pito (10) / un cabaleiro / un corzo / un pito (13) - unha pita (2) / un paxariño (2) / un pisco (3) / comer en [algo] coma o gargullo; comer en seco coma o gorgullo (2); comer coma un mulo.

COMER SEN FALAR

comer coma un odre; comer e calar coma os curas (2); comer calado coma os curas.

COMER RÁPIDO, CON ANSIA

comer coma ladróns / unha perdiz nunha leira de pan.

COMER DEVORANDO

comer coma un lobo (2) - lobos; engolar coma un mazcato.

COMER DE MANEIRA DESORDENADA E

SUCIA

comer coma os marraos na maseira; comer coma un porco (2); chapar coma os porcos.

COMER MAL

comer máis galadas que gaivota da Moureira.

COMODIDADE V. tamén

AMBIENTADO, FELICIDADE, SALVARSE *coma un señor; como un can á boa vida; estar como gato borrallento; ir como rei - reiciño na cesta (2) - reichiño na cesta; (estar / ir) coma un rei na cesta / reiciño na cesta (2); estar coma o peixe na auga (8) / peixe na auga (4) / un peixe na auga / troita na i-auga; ir como unha seda.*

COMPAÑA

³¹ Refírese a dous comensais; polo tanto é variante ocasional de *comer e beber* coma un abade.

pegarse a [alguén] coma unha lapa / unha mosca / unha lesma; ser como as ovellas, que por onde vai unha, van todas; xuntas coma unha nai e unha filla.

COMPAÑA MOLESTA

agarrado como unha lapa; agarrarse coma unha samesuga / unha lapa; apegarse a [alguén] coma un *pulpo / unha lapa - as lapas (3) / un lámparo (2); pegarse coma un *pulpo / unha lapa / unha lesma; pegarse ó chan coma unha lapa; ser coma unha lapa.

COMPAÑAS BOAS

achegarse ós mellores como as abellas ás flores.

COMPARACIÓN

calzar tantos puntos coma [alguén]; non (vbo.) outro – outra coma el – ela³²; (tan) (adx.) coma ningún outro / o primeiro³³ / poucos; (vbo.) coma o primeiro³⁴; coma cada un de tantos / calquera de tantos.

COMPLICACIÓN V. tamén

DIFICULTADE

estar liado coma un palangre; ser como unha meada sen cadelo.

COMPORTEAMENTO

portarse como un home.

COMPOSTO

quedar coma un reloxo.

COMPRENDER

entender a [alguén] coma se [un] o parira; entender coma un

**cristiano; entender tanto de [algo] coma eu de grego.*

COMÚN

ser coma a auga corrente / unha agra aberta.

CONCORDAR

darlle a razón a [alguén] coma ós tolos.

CONCORDIA

levarse coma irmáns.

CONDUTA:

V. ACCEPTAR,

ADAPTARSE, ALIMENTACIÓN, COMPAÑAS BOAS, COMPORTEAMENTO, CONTRARIO, CONVENIENCIA, CORTESÍA, CRUELDADE, FACHENDA, GUÍA, GULA, HÁBITO, INCIVIL, INTERESE, MALAS ARTES, PARASITO, TEMERIDADE, TRASACORDO, VIVIDOR, FIRMEZA, INDIVIDUALISMO.

CONFIANZA

V. tamén

FIABILIDADE

claro coma a auga; ¡palabra que eu dou é coma unha escritura!

CONFIDENCIA

descubrinme a el como amigo.

CONFORMARSE

terse que arreglar como demo na botella; ser coma o can: onde lle fan a cama alí se deita; ser coma tódalas cousas.

CONFORMIDADE

¡Xusto, Pepiño, mazáns coma puños!³⁵

³² Non teño outro coma el; non coñezo outra coma ela.

³³ -Eu son tan honrado coma ti, e com'ó pírmeiro. -Mentes. Ti dixeches que pasabas pol-o que dixesen homes, y- agora vés pódolle chatas a toura pra ver se a lévas en menos cartos.

³⁴ -qu'eu son un probe, pro, cando cheg'ó caso, tiro con vinte reás com'ó pírmeiro.

³⁵ Incluíu esta coñecida fórmula aínda que recoñezo que é discutible que aquí se compare algo. Probablemente é unha implicación dalgún relato popular perdido no que alguén dixo que unhas mazás eran grandes coma puños e despois resultou que non eran tan grandes co que, cando volveu esaxerar, alguén lle lembrou a esaxeración anterior e a frase quedou fixada. O curioso é que se utiliza hoxe co dobre sentido antitético de conformidade e desconformidade.

CONFUSO

*ser coma unha maraña sen costal /
mea sen conda – mea *sin conda,
meada sen conda.*

CONSUMIRSE

*murcharse a vida coma flor
arrincada da planta.*

CONTAR

contar polos dedos coma as vellas.

CONTABILIDADE IRREGULAR

contas de Xan (que son como as fan).

CONTENTO V. LEDICIA

CONTINUIDADE

*andar como se andaba; i-las cousas
coma sempre; ¡O Pepe da Estrada
está como estaba!*

CONTRARIO

*ser como *Dios de Pego³⁶.*

A CONTRAGUSTO V. FORZADO

CONTRINCANTES V.

DISCORDIA

CONVENIENCIA

non apurar co penso coma co leite.

CONXENIAR

*facer un pan coma queixo / un queixo
/ unhas tortas; levarse coma irmáns
(3); levarse coma o pan e o leite
(10) / o xamón e o lacón; ser coma
a uña e a carne / carne e óso / dous
nun zapato; ser coma irmáns (2).*

COÑECEMENTO V. tamén NOTORIO,
SONA

*coñecer [alguén - OD] coma se un o
parira (7) - parise; coñecer [alguén
- OD] coma á loba; coñecer coma
a palma da man / os dedos das
mans.*

CORDIALIDADE

*coma bos amigos; non haber unha
fala máis alta que outra.*

CORPO

V. ALTO, BAIXO,

ASPECTO (ANCHO, GORDO, FINO),
BARBA, BOCA FEA, CABELO, CALVICE,
CARA AFIADA, OLLOS, OÍDO,
ORELLAS, PERNAS, PES, UÑAS

CORRECTO

*coma a xente; estar como unhas
mialmas.*

CORRER

*correr coma un paxaro; correr libre
coma o piñeireiro; ser como unha
andaravía.*

CORRER POUCO

*¡Inda eu corra coma un burro!;
correr máis ca unha *tortuga.*

CORRER MOITO

*andar lixeiro coma os galgos; ir
como gato polas brasas; alcanzar
coma un galgo (3); andar coma un
galgo / como corren as raposas;
correr coma unha chispa – chispas
/ unha lebre / un galgo (4) / un gato
polas brasas (2) / un riguilete (2) -
ringuilete / unha andavía / unha
cadela (3) / lebres / unha lebre (9) /
alma en pena / alma que leva
Xudas – o diaño (2) / ánimas en
pena (2) / mil demonios / se o
pillara o demo / a alma que leva o
demo (3) / un condenado (3) / a un
xibaleu / un tolo (2) / un foguete / o
lóstrego - un lóstrego (3) - un
lostro (2) - un arrelustre / unha
centella / un foguete (5) / o aire / o
vento (3) / o rolo costa abaixo / os
cabalos da tropa / se fora un boi
detrás / un barco cando hai
tempestade / unha exhalación;
correr máis có lobo (2) / có tren;
estar feito un peneireiro; facer
coma un foguete.*

CORTESÍA

*-¡Que che aproveite! -Coma se fora
(arroz con) leite; deixa-lo prebe*

³⁶ Pego é un lugar do Porriño. Alude posiblemente a unha persoa dese apelido que nunca estaba disposta para nada.

como as costureiras; esborrelarse en cumpridos, como un portugués.

COVARDÍA V. TIMIDEZ

COXEIRA

andar peor ca un trencó.

CREDULIDADE

tragar [algo] coma un corvo a unha solla (4).

CRÍTICA

andar corrido coma a auga da fonte; botalas coma mantas / o barro á parede / o lume; falar mal de [alguén] como o xudeu do touciño; poñer [alguén - OD] coma un can / un fol dunha gaita (2) / un pingo / un trapo / unhas nabisas / como ninguén se vexa; soltalas coma a garlopa; tiralas coma barro a parede.

CRÍTICA MORDAZ

cortar (a lingua de alguén) coma unha navalla (2) / navallas / un asubío / tixeiras; lingua afiada coma unha navalla; poñer [alguén - OD] coma a merda na eira; ter [alguén] a lingua coma unha víbora (2) / unha subela.

CRÍTICA DA PRESUNCIÓN V. tamén

PRESUMIR

ser coma a rosa do cáinzo; ¡Coma ti había un na miña terra e morreu atado a un pé de millo (cunha faísca)!

CRUELDADE

ten un peito coma un lobo; ser coma a morte: face-la súa e quedar ben.

CUBRIR

cubrir [algo -OD] coma se fose un manto.

CUCO

cucar coma o cuco.

CUMPRIR

andar dereito coma unha vela; non ter un máis que unha palabra.

CURIOSIDADE

tapar medio ollo para non ver (como fan as mulleres).

CUSPIR

cuspir coma unha touliña³⁷.

CUSTO V. tamén CARO,

RUINDADE

DAR VOLTAS

dar voltas á toa coma se fora un sarillo / coma o navío no mar / coma rodas de muíño / coma unha roda de muíño / coma un muíño / coma un rolo / coma un sarillo / coma unha debandoira – debadoira.

DEBILIDADE

(ser / estar) coma un pastel (2) / un perexil / as arañas / un gorrión / un papasol / un paxariño / unha pascua; ser brando coma a manteiga; ser coma os cestos [os vellos]; ser forte coma un arañón do cu verde.

DECEPCIÓN

sentar coma un xarro de auga fría; tanto ter o fol coma as amarrallas.

DECIDIDO V. tamén FIRMEZA

dereito coma un fuso.

DEFECTO

deitar coma as cestas (2).

DEFECTO FÍSICO: ACHACOSO, BÉBEDO,

BRUTO, COXEIRA, DEBILIDADE,

ENTUMECIDO, ESFAMEADO,

FEALDADE, FRACO, FRAXILIDADE,

GULA, INELEGANTE, INVIDENTE,

LAVARSE POUCO, MIRRADO,

³⁷ O que se entende polo cuspir dos cetáceos é o vapor de auga que botan na espiración por un burato que teñen na parte superior da cabeza e que nos pequenos cetáceos non ten comparación co chorro que botan as baleas. Polo tanto debe de significar “cuspir para riba”.

SALGADO, TATEXAR, TELLADO RUÍN,
TOLEMIA, TORPEZA, TORTO, TOSCO.

DEFECTO MORAL: ALOUCADAMENTE,
ALTIVEZ, ANTIPATÍA, APAMPADO,
ARISCO, ATRAPALLADO, AVARENTO,
AVERGOÑADO, CAPRICO, COVARDÍA,
CRUELDADE, DESHONESTO, DÍSCOLO,
FACHENDA, FALSIDADE, FOLGAZÁN,
GASTAR MOITO, GORRÓN, HIPOCRISÍA,
IGNORANCIA, INCAPACIDADE,
INDOLENTE, INEFICAZ, INFORTUNIO,
INGRATITUDE, INHÁBIL, INMADURO,
INMERECIDO, INNECESARIO,
INOPORTUNO, INSENSATEZ,
INSERVIBLE, INSIGNIFICANCIA,
INOLENCIA, INSOPORTABLE,
INXUSTO, LADRÓN, MALICIOSO,
MALINTENCIONADO, NUGALLA,
PARVO, RIDÍCULO, RUINDADE,
SUSCEPTIBLE, TERQUIDADE,
TEIMOSÍA, TESTEMUÑA FALSO,
TRAPALLEIRO.

DEFENSA

*defenderse coma un gato boca arriba
/ un león.*

DEITARSE CEDO

*deitarse coma as galiñas; facer coma
as galiñas: ir co sol para o
galiñeiro (2).*

DELGADO V. MIRRADO

DELICADO V. tamén SUSCEPTIBLE
*(delicado) coma unha pomba / os
ovos - un ovo (3) / un figo; máis
musiño que un horto de rega; ser
como a vaca parideira; ser como
un figo (3).*

DELICADO
ser como as violetas.

DEMO

*¡*Dios che me libre de [algo] /
[alguén] coma dos demos!*

DENTES V. tamén REGAÑAR
*dentes coma cavadoiros; dentes
negros coma un faco; dentes
miúdos coma as areas do sal; ter*

*dentes coma unha serra / a loba -
unha loba / os dunha loba; ter
dentamia coma a loba; ter dentes
largos coma unha chavella de
carro.*

DEREITO

*(ser) dereito coma un fuso (9) / un
pino (6) / un piñeiro / un xunco (2)
/ unha agulla (2) / unha faio (4) / un
fío / un fungueiro do carro / un pao
/ unha vela / a rabela dun arado³⁸;
dereito igual ca un fío; ir dereito
coma un fío / un fuso / parafuso; ir
teso coma un cartau; máis dereito
que un fuso / unha cana, máis
dereito - teso que un pino; dereito e
teso como un rapaz.*

DEREITOS (TER)

*ser de *Dios coma o can de Miguel /
a becerra.*

DERRETERSE

arder coma a neve.

DERROTA V. tamén

DIFICULTADE GRAVE, FRACASO,
PERIGOSO

DESACERTO V. tamén DESFEITA
facen un pan coma unhas hostias (2).

DESACORDO

de acordo como can e gato.

DESAFÍO

*ser tanto coma [alguén]; ¡Inda tes
que nacer para ser coma min!;
¡Nin (pron.) nin trinta coma
(pron)!³⁹*

DESAGRADO

*ser coma un teixo (2); anoxar como a
mala boroa / unha noite de tronos;
escaparlle a [algo] coma o demo á
cruz; ser coma beber con uvas.*

³⁸ Isto nos lugares de Galicia onde a rabela é
dereita, non torta.

³⁹ ¡Nin el nin trinta coma el!

DESAMBIENTADO

*(estar) coma o peixe fóra da auga (3)
/ galiña en corral alleo / os cans na
misa.*

DESAPARECER V. tamén

EFÉMERO
*desaparecer coma unha meiga / unha
nube / unha saeta; quitárselle
[algo] a [alguén] coma coa man;
ser como lume de palla: fai
lumeirada e apaga logo; ser como
lume de meigas.*

DESAPROVEITAR CONSELLOS

V. tamén **ESCOITA INÚTIL**
coma o negro do sermón.

DESASTRE V. tamén **DISCORDIA**

ser coma o rosario da aurora.

DESAXEITADAMENTE V. tamén

DESLEIXO
*estar coma o carro encima dunha
roda.*

DESBARATAR

facer coma o outro⁴⁰.

DESCARADO

*ser máis fresco que un xelado; te-la
cara máis dura có ferro / có
cemento / ca un lorcho / cá *suela
dun zapato; ter unha cara coma un
zapato; ser lavado coma o caldo do
venres (2).*

DESCOMPOSTO

descomposto coma unha lurpia.

DESCONCERTAR

*deixar [alguén - OD] coma unha vaca
nun teatro.*

DESCONFIANZA

*andar coma o laverco; desconfiar de
[alguén] coma do demo (11),
(d)esconfiado coma un lombudo;*

*ter tanta confianza en [alguén]
coma nun saco de cobras (2).*

DESCONTENTO V. tamén

FORZADO

ir torto coma un fouciño.

DESCOÑECER

*non coñecer [alguén- OD] máis que
polo tamboril.*

DESCUBRIR V. tamén **CAZAR**

caer coma un pato (3).

DESCULPA

*como se non fora nada; ¡Tódolos
malos foran coma el!*

DESENGANO

desenganado coma o cocho da ortiga.

DESENTENDERSE V. tamén

INDIFERENZA

lava-las mans coma Pilatos.

DESEQUILIBRIO

ir de banda coma o Miranda.

DESEXO

*coma auga de maio; derreterse coma
a manteiga (2); desexado como
auga de maio; devecer coma gato
pola manteiga; esperar por [algo]
coma o cego por ver, mirar [algo]
coma o gato ás sardiñas; non
írselle a [alguén] máis que a (inf.)⁴¹
¡Deus me - che - lle dea tanta forza
coma ó porco no fociño!; ¡Dios te -
me - nos - vos libre de [algo] coma
do demo!; ¡Dios te - me - nos - vos
arrede de [algo] coma da peste!*

DESEXAR MAL V. **MALDICIÓN**

DEFACERSE

defacerse como o sol na auga.

DEFALECER V. **EXTENUACIÓN**

*caer coma morto / se lle pegaran un
tiro no medio e medio do peito.*

DESFEITA

⁴⁰ *O outro* é pronominalización que alude ó personaxe proverbial de moi diversas tradicións orais que se dan por sobreentendidas (implicitación).

⁴¹ *Non se lle iba máis que a preguntar...*

facer un pan coma unhas hostias / unhas noces.

DESFEITO

ser coma un fachuzo de pallas.

DESGRAZA V. tamén FRACASO, INOPORTUNO

morrer coma un sapo, ser como o ferreiro da maldición, cando non tiña ferro tiña carbón (2) / nin ten ferro, nin ten carbón; vir como croiada no ollo torto, ¡Inda é mellor que caía a Torre da Coruña!; ¡Ai, mi madre: foi coma Xesucristo algún día, ho!

DESHONESTO V. SEXO

DESINTERESE V. INDIFERENZA

DESISTIR V. INCONSTANCIA

DESLEIXO V. tamén VESTIR MAL

*chover en [algo] coma fóra; ser coma a *culebra: onde quita a camisa alí a deixa; facer coma a cóbrega: deixa a camisa onde se encontra; escagallar todo coma unha galiña; estar (todo) coma o cortello dos porcos (2) / un palleiro (2); andar a espurriñar coma as quircas; ser coma un pitocairo; (ser / estar) máis mal feito cá cama do lobo.*

DESOÍR V. INDIFERENZA

DESORDE V. DESLEIXO

DESORIENTADO

andar coma a cobra cando perde a pezoña; andar como (adx.)⁴².

DESPEDIDA

da-la despedida como o galo lla dá á pita / como Cristo a dou no horto / como deu Cristo en Belén.

DESPERDICAR

levar unha cousa como viño en peneira; ser [algo] como botalo en

cesto roto (2) / se caese en cesto roto.

DESPREOCUPACIÓN V.

TRANQUILIDADE

DESPREZO V. tamén ALTIVEZ,

INDIFERENZA

coma quen llo dá a un can, correr [alguén - OD] coma un can, corrido coma unha mona (2); darlle [algo] a [alguén] coma se lle dera ó demo; tratar [alguén - OD] coma un can / como un cerello, ¡Inda tes que nacer para ser coma min!

DESPROTEXIDO

ir coma a espiga de pardao.

DESTRUÍR

ser coma o lobo no eido.

DESVERGOÑADO

raído coma unha manta sen pelo (2).

DEVOCIÓN

salmear coma un anxo.

DEVORAR V. COMER

DEVORANDO, GULA, VORACIDADE

DIARIAMENTE

coma sempre (2).

DIARREA

andar coma un río (3) / unha billa; escagarriñado coma a auga do río; (es)tar coma o río (2) / unha lavativa.

DIFERENZA

(haber tanta diferenza) coma do ceo á terra (5) / coma do vivo ó pintado / coma da noite ó día; haber tanto cambio coma do día a noite; (parecerse tanto) coma un ovo a unha castaña / o ovo e a castaña (2) / un allo e un cebola; imitar coma un ovo a unha castaña; semellarse coma un allo e unha cebola; ser coma o día e a noite (2); ser (tan parecido) coma un ovo a unha castaña.

⁴² Anda como (un) abouxado, anda coma (un) tolo.

DIFICULTADE V. tamén ARDUO,

LABORIOSO, PERIGOSO

andar coma a grade (7) / o demo; (andar) arrastiño coma as cobras / de rastro coma as cobras; caer coma un cacho de merda ós fuciños; coma auga arriba (2); coma quen busca a manteiga no fuciño do gato / agulla en palleiro / agulla no palleiro; ser [algo] coma buscar unha agulla nun palleiro (3) - nun pallar / arar no barbeito (3) / recadar unha agulla nun palleiro / andar de Herodes para Pilatos (2) / chover no mollado / o ano que non hai que mallar; estar coma a puta na coresma (2) / tres nun zapato / tres nunha bouza cun zapato; estar na bouza sen zocas nin zapatos; (ser) longo e estreito coma o ano famento; ser máis raro que unha criba, ser malo de (inf.) coma o demo; verse arrastrado coma as cóbregas; ¡Pouco máis negro pode se-lo corvo cás alas!

DIFICULTADE GRAVE V. TAMÉN

BERRO

como o lobo leva á ovella; estar coma a sardiña entre dous gatos (2) / o peixe entre dous gatos (2) / o peixe entre os gatos / o peixe na tixola / coma o peixe na rede; (estar) coma a mosca na tea da araña / ovella na boca do lobo; estar como peixe na tixela / peixe na sartén / como a sardiña entre os gatos / sardiñas na lercha; espichado polas guelras; quedar coma a pita na neve: sen plumas e cacarexando (2); saírlle o lobo ó camiño como ó parrulo do Carballiño.

DIFICULTADE (CON)

meterse como piollo por costura (2).

DIGNIDADE

tan honrado é o caldo coma as castañas (2).

DILAPIDAR V. GASTAR MOITO

DILIXENTE V. ACTIVIDADE,
TRABALLO

DIMENSIÓNS V. ALTO, BAIXO,

LONGO, CURTO, DURAR

DIMINUÍR V. tamén

ENCOLLER

ir a menos coma a correa no lume.

DIÑEIRO V. POBREZA

DIRECTO

coma un fio; coma unha bala (2);
directo coma unha licha.

DISCIPLINA

andar coma o can na corda; tratar [alguén- OD] coma xovencas que non se poden deixar da corda.

DÍSCOLO V. INDOCILIDADE,

TORTO

DESCONFORMIDADE

¡Xusto, Pepiño, mazáns coma puños! (irónico); ¡Es tan listo coma un burro!; ¡O que non sabe é coma o que non ve!

DISCORDIA

amigos coma o can e o gato (3) / amiguiños coma o can e o gato (2); andar coma o can e o gato (2); discutir coma cans; (estar, andar) coma cans e gatos / o can e o gato (14) / a cabra e o coitelo (4); levárense coma a cabra e o coitelo (4) / cabra e coitelo / cans e gatos (2) / o can e mailo gato (2) / o can e o gato (17) (que non sexan da mesma casa) / o coitelo e o cabrito / o demo e a auga bendita / o sapo e o sacho / a cabra e o coitelo; quererse tanto coma o can e o gato (2); rematar coma o rosario da aurora; reñer coma os cans; ser coma o can e o gato (15) / o gato e o rato / Santiago para os mouros; ter tanto trato coma o can e o gato; vivir coma o can e o gato.

DISCRECIÓN

ser coma unha tumba (2) / unha pedra que cae nun pozo; ser máis calado cá morte.

DISCUTIR V. DISCORDIA

DISGUSTO (A) V. FORZADO

DISIMULO

así coma quen non quer a cousa (2); coma quen non quere a cousa (34) / quer a cousa (2) / oe / ve (4) / di nada (6) – dixo nada; como quen non quere (2) – quer (1); coma quen - o que non quere a cousa; como quen fai outra cousa; como quen non fai nada.

DISPARATE V. tamén

INUTILIDADE, PARVO

*coma o que asou a manteiga / asa a manteiga (nunha verza de col); coma quen baila sen son; *razonar como unha vaca no millo; ser coma a gaita sen fol / cegar e non ver / o alemán que quería chavar o ravo pola cabeza / o que come papas cun fuso / pandeiro sen cordel / porta sen tarabelo / ter tos – tose e raña-lo lombo (2) – rañarlle o lombo / ter tos e rascar unha perna / cegar e non ver / home sen calzóns / o que ten tos e rasca o lombo; ser unha coma outra; ter [alguén] tanto xeito coma sacar un dente polo cu.*

DISTRACCIÓN V. PASMO

DITO

como di o outro; como din alí (3); como din os portugueses; como dixo o outro (2); como diz a vella, cando fía o seu copo; é coma quen di.

DIVERSIÓN

divertirse coma un tolo.

DIVIDIDO

dividido coma a auga e o aceite.

DOADO V. FACILIDADE,

SEGURIDADE

DOBRAR

dobrar como un vergallo feito na roupa, domearse coma unha cobra (2).

DOCE

celme - acelme coma o mel; coma unha seda; doce coma o mel (12) - mel - o mel das abellarizas / a fava do mel (4) / o favo do mel / un año / o cu das abellas.

DOCILIDADE

máis mol que unha breva; ser coma a cera (4) / unha capa de la / unha malva (4) / unha seda.

DOMINIO

V. tamén

AUTORIDADE, GREGARIO,
SUFRIMENTO

mandar aquí coma Franco en España⁴³ / coma unha reína; pasarlle coma o rato cando lle vai a donicela enriba.

DOR

coma se lle quitase o pelexo; doer como unha breca; doerlle [algo] a [alguén] coma a meniña dos ollos.

DOURADO V. ROXO

DÚBIDA V. tamén INDECISIÓN

certo como verba de portugués.

DURACIÓN V. tamén EFÉMERO

DURAR MOITO V. tamén

INACABABLE, LONGO

durar máis ca un día sen pan (2) / un traxe de pana (2) / unha chaqueta de pana; grande como os días de maio; máis grande que un ano sen pan; máis longo cá Coresma / que un día sen pan, (2) / que unha noite de inverno; ser coma o mes de maio; tan longo como o mes de maio.

DURAR POUCO

⁴³ xa obsolescente.

(durar) coma a ovella na boca do lobo / a auga nun cesto (2) / a neve marciña / manteiga no fuciño do gato; durar tanto coma a neve febreiriña; ser coma a *manteica no fociño do gato / manteiga en nariz de can.

DUREZA

coma un cazón, duras coma nabos, duro coma a cerna / as cousa duras (2) / as leas / un croio - croios / unha pedra (12) - pedras / ferro (3) - os ferros / os meus pecados / ósos / un cepo / un coiro / un corno (2) / un coio - un croio (4) / un pau ferrón (3) / un penedo (8) / un sapo / un seixo / unha noz ferreña / unha táboa / o pé dun santo (vello) (2) / un canoto (5), un teixugo (2); estar (duro) coma un camiño / un ventreno / o caramelo / un corno / un croio / unha pedra; máis duro que un guineu; máis forte que unha noz ferreña (2); rexo coma un ferro (2); ser duro coma a cerna / a cerna dun carballo / o ferro (2) / un can / un croio (2) / un penedo (3) / un ventreno / un xeixo; ser máis duro que un berro / unha noz ferreña; ter un peito coma un lobo (2).

DURMIR

DURMIR BEN V. tamén SONO
durmir coma dous benditos / unha pedra (13) / pedras / un reloxo / un sapo / un tingué / un lirón (5) / leirón (2) / un lirio / un becerro / un can de palleiro / un morto (2) / un pato / un porco (2) / un tronco (4) / un peixe (2) / un santo (3) / un santiño / un xusto (2) / un Pepe / un raghá; durmir como pedra nun pozo / no pozo; estar coma un cesto / un tronco (2) / unha pedra; pasa-la noite coma un riló; quedar

durmido como unha pedra; quedar coma pedras; te-los brazos coma dormentes.

DURMIR CUN OLLO ABERTO

durmir cos ollos abertos coma a lebre (2) / as lebres; durmir coma as lebres (2) - unha lebre / o Anacleto: cun ollo pechado e outro aberto.

ECONOMÍA V. tamén CARO,
NEGOCIO RUÍN

sair máis caro o prebe có peixe.

EDUCACIÓN MALA V.

MALEDUCADO

ser coma sementar en terra sen estercar; ir criado coma un porco.

EFFECTO NOCIVO

aproveitarlle [algo] a [alguén] como o alcacer – alcacén ós cans.

EFÉMERO V. tamén

DESAPARECER, PERA

pasar como unha sombra; ser coma lume de meigas; ser coma lume de palla (que) fai labarada e apaga logo / o fogo de palla.

EFICAZ

coma a xesta que varre a cociña (2).

ELEGANCIA

coma a mora na silveira; coma un deputado; coma un rigulete (2); ir coma ourive en campaña (2).

EMIGRACIÓN V. BENESTAR,

MALESTAR

EMBARAZO V. PREÑEZ

EMPATE

a uns coma os de Viuxa.

EMPEORAR

andar para atrás coma o caranguexo; é coma ir á corte e matalas todas; ser [algo] como chover no mollado.

EMPIRISTA

ver e creer coma san Tomé / santo Tomé (2).

EMPOBRECERSE

medrar como a verza na ola / o piollo na cinza / o pollo na cinza / rabo de cabalo.

EMPREÑAR

ser coma a vaca parideira.

ENCARNADO V. RUBIO

ENCOLLER

medrar coma a leña no fogo / a verza na ola (3) / sebo na vela.

ENFADARSE V. IRA

ENFERMO V. tamén ACHACOSO,

MALESTAR, SAÚDE POUCA

andar derrengado coma un xunco;

estar coma unha breva / un lazaroso / as almas.

ENFRONTADOS V. DISCORDIA

ENFURECERSE V. IRA

ENGANO

*caer coma moscas / un parrulo; enganador coma o mesmo pecado / o pecado (3); enganar [alguén - OD] coma un chino / un parvo (2) / un xitano; *facen coma a cabra que pariu pró lobo; / picar coma a troita.**

ENGARRAR V. tamén PEGAÑENTO

engarrar coma hedra.

ENGORDAR V. tamén GORDO

*engordar coma demonios; poñerse coma un bombo; poñerse-porse coma unha bombona / pipotes / un boto; *quedar coma unha pera; rebentar coma unha castaña.**

ENGURRADO V. LONXEVIDADE,

FRAQUEZA, MIRRADO

estar coma un figo / un figo paso; mirriado coma unha uva; seco coma unha uva; enrugado coma unha uva seca; delgado coma unha uva

ENRABIA V. IRA

ENREDAR

ser coma unha caldeira; enredar a [alguén] coma un neno; facer coma

os achicocos (2); learse coma un palangre.

ENRIQUECERSE

gañar cartos coma a area; medrar coma a escuma / a escuma no leite (3) / a espuma (2) / a mala herba; medrarille os cartos a [alguén] coma a masa na artesa.

ENTENDER V. COMPRENDER

ENTERRO SOLITARIO

enterrar - soterrar [alguén - OD] coma un can (2).

ENTRAR

*entrar coma o Pedro pola súa casa (2) / Pedro por *su casa / Perico por *su casa / fouciño en herba tenra; entrar e saír coma abellas na colmea / as abellas nun cortizo.*

ENTREGARSE V. DERROTA, DOMINIO

ENTRETER

prender coma unha silva (8); engarrar coma unha silva (5).

ENVOLVER

envolver [alguén] coma unha manela de la.

ENVORCALLARSE

envorcallarse coma un can adoecido.

ENXEÑO V. INTELIXENCIA

ENXOITO

enxoito coma un bacalau / o óso.

EPILEPSIA

escumar pola boca coma un can adoecido.

EQUIVALENCIA V. tamén IGUALDADE

coma aquel que di (2); coma quen di; ser tan (adx.) coma a máis xente⁴⁴; tanto dá (or.) coma (or.), tanto dá (subst.) coma (subst.), tanto dá - daba (unha cousa) coma (outra); ¡Tal boi me das, coma vaca levas!;

⁴⁴ Hai tempadas no ano en que os nenos son tan precisos coma a máis xente.

*¡Tanto monta cortar como desatar!
/ unha cousa coma outra; tanto que
sexa en... coma en...; tanto se lle dá
así como asado; ¡Tal é o caldo
coma as mamotas!; ¡Tan honrado é
o caldo coma as castañas! (3) / Xan
coma Pericán!; ¡Tanto dá touciño
coma soá! (2) / xabrón coma fío
negro!; ¡Tanto ten azoutar coma no
cu dar! (3) / dar no cu coma no cu
dar (2) / darlle no cu coma no cu
lle dar / cardos coma leitaregas /
estar na miña tarroeira como ó pé
dun valado / estar na miña
tarroeira como trás dunha cancela
/ ir a pé coma a caballo / o carro
coma os fueiros / un coma outro /
unha cousa como outra / Xan coma
Pericán (3) - Perillán / Xan coma
seu irmán (2).*

ERGUEITO V. POSICIÓN

ERGUEITA

ERGUERSE

*erguerse [alguén] coma se o – a
picara unha cobra / un lóstrego /
xigantes.*

ERGUERSE TARDE

madrugar coma o cuco.

ERRAR V. tamén NEGOCIO

RUÍN

*andar ó revés coma as cabras / o
cangrexo; andar para atrás coma o
cangrexo; facer como o toupo (que
cambiou os ollos polo rabo).*

ESAXERAR

*máis papista có papa; non ser tantas
as noces coma as voces; ¡Non será
como un boi, será como un año!*

ESBARDALLAR

latricar coma un crego no altar.

ESBRANCUXADO V. tamén

PÁLIDO

ESCAPAR

V. FUXIDA

ESCARMENTO

*máis queimado que un negro (2);
venta-las maricas⁴⁵, como as bestas
amatadas.*

ESCASEZA V. tamén SELECCIÓN
*coma a mexeira dun gato / rato;
coma os pelos na cabeza dun vello;
estar raro coma os obispos; haber
máis cochos coma cortellos; haber
tantos (subst.) coma corvos
brancos; pouquiño e malo coma
cagada de diaño; ser máis raro ca
un bispo.*

ESCATOLÓXICO

*(botar / cagar) peidos coma bombas
(3) / tronos / foguetes un día dunha
festa / un burro - unha burra -
burras - burros; facer coma a
bubela⁴⁶.*

ESCOITA INÚTIL

*acabar coma o negro do sermón: coa
cabeza quente e os pés fríos.*

ESCORREGADIZO

V. ESVARAR

ESCRAVO

V. tamén

EXPLOTACIÓN

escravo coma a leña.

ESCURIDADE

*andar coma a ave noite; escuro coma
boca de lobo (6) / a boca do – dun
lobo / coma a noite (8) / a noite dos
tronos (2) / a preguia / un pego / o
breu; estar a noite coma a boca do
lobo (2) / a boca dun lobo; mouro
como o tizón / un cazón; preto
como o carbón; ser escura a noite
coma a boca do lobo; vir unha
noite (negra) coma a boca do lobo;*

⁴⁵ Maricas son as pegas, que pican os cabalos e bestas nas amatas para comeren os insectos que inzan nelas.

⁴⁶ A bubela é prototipo de sucidade, porque emite un cheiro desagradable e fai o niño con excrementos.

ver tanto cos ollos abertos coma con eles cerrados.

ESFAMEADO

esfameado coma un lobo.

ESFORZO

alarga-lo pé máis cá manta (2).

ESGOTADO V. CANSAZO

ESIXIR DE MÁIS V. EXLOTACIÓN

facer coma a grade que leva os terróns diante (2).

ESMAGAR

poñer [alguén- OD] coma un espadín.

***ESPABILADO** V. INTELIXENCIA

ESPANTO V. ABRAIO

ESPALEXER

correr coma un andacio / unha mala nova; espalexido coma cisco; estenderse coma o aceite.

ESPELIDO V. INTELIXENCIA

ESPERAR

esperar por [algo] coma o cego por ver; ter á porta [alguén - OD] coma un feixe de leña (2).

ESPERTAR V. ACORDAR

ESPESO

coma os pelos do can; estar coma o mel na ola (3); ser coma o mel.

ESPIDO V. NUDEZ

ESPREITA

agardar coma o gato ó rato.

ESQUECEMENTO

acordarlle [algo] a [alguén] tanto coma a primeira camisa que puxo; acordarse [alguén] de [algo] coma da primeira camisa que vestiu (2); caer como pedra nun pozo (4); estar tan morto coma a miña avoa (2); esvaecerse [algo] coma o fume.

ESQUELÉTICO V. MIRRADO

ESTADO (o relativo á saúde, enfermidade, idade...): ANDAR

(CAMIÑAR) MAL APERTADO, ABANDONO, ABERTO, ACHACOSO, ACOUGAR, ADOECER, ADOLESCENCIA, AFINACIÓN, AGONÍA, ALOUCADO,

BORRACHEIRA, CANCRO, CATARRO, CEGAR, CHEO, COMPOSTO, COXEIRA, DEBILIDADE, DESFALECER, DIARREA, EMPREÑAR, ENFERMO, ENXOITO, ESVAECEMENTO, EXTENUACIÓN, FEBLE, FEBRE, FERIDA, FURADO, INERTE, INMOBILIDADE, INVIDENTE, MALESTAR, MAR CALMO, MAREO, MOLLADURA, MORNO, MORTO, MUDANZA, NOITE, NUDEZ, PARADO, QUIETUDE, ROUCO, SAÚDE, TEMPO, TÍSICO, TOLEMIA, VELLEZ, VITALIDADE.

ESTALAR V. ESTOUPAR

ESTATURA V. ALTO, BAIXO, PEQUENO

ESTERILIZAR

saír coma un marrán⁴⁷.

ESTIMA V. AMOR, APRECIO

ESTÍMULO

ser como un trallazo.

ESTIRADO

teso coma un fungueiro.

ESTORBO V. tamén

OMNIPRESENCIA

(andar / estar) sempre no medio coma o xoves; coma o can do hortelán, que nin roe nin deixa roer; ser coma un boi de Belén; ¡Lévyete Xudas!: inda me estorbas máis que me axudas.

ESTOUPAR

dar un estralo como unha castaña; explotar coma Machichaco; estalar coma un becho (2); estoupar coma a castaña no lume / bombas / unha bomba de palenque / unha bolerca; reventar coma un tiro; toupar como unha castaña.

ESTRAÑO V. RAREZA

⁴⁷ ¡Se me entra na casa, sácolle os collóns e sae coma un marrán!

ESTUPEFACTO V. ABRAIO, SORPRESA

ESTÚPIDO V. PARVO

ESVAECIMENTO

*estar coma morto; quedar(se) coma
un coello / coma un morto.*

ESVARAR

*escoarse coma unha anguía;
escurrirse coma unha anguía (3);
esvarar coma un cigallote;
*resbalar coma un cigallote; ser
coma pelo de can.*

ESVELTEZ V. LANZAL

EVIDENCIA

*claro coma a auga (15) / o día (5) / a
luz do medio día / a luz do sol;
craro coma a auga / a luz do sol
(2); é coma o sol; estar clara unha
cousa coma o ollo do galo; máis
claro cá auga; ser coma a gaita na
romaría; ver claro coma auga;
nidio coma a verdade.*

EVITAR V. FUXIDA

EXACTO

coma un cravo / un reló(xio).

EXCAVAR V. tamén

SUBTERRÁNEO

*furgar na terra coma as teupas -
toupas.*

EXCEPCIONAL V. INCOMPARABLE,

IRREPETIBLE, INSUPERABLE

EXCESO

*se-lo peixe máis grande có barco;
sementar máis millo do que se pode
sachar.*

EXCITACIÓN V. tamén IRA

*estar coma un tolo (2); vir coma unha
ascua (2).*

EXHIBIRSE

ser coma a vaca moi feireada.

ÉXITO

*coma quen bota aceite no candil;
lograrse con [alguén] coma o
carballo coa folla.*

EXPLOTACIÓN V. TAMEN ESCRAVO,
DOMINIO, TRABALLO

*andar coma a grade / o pito do
sereno / os bois (7) / os bois no
monte; cantar como paio⁴⁸ e comer
como pito (4).*

EXPULSIÓN

*botar [alguén - OD] coma os cans da
misa (6); correr [alguén - OD]
coma un can (2) / unha mona; ¡Ida
*sin volta, coma o can pola porta!;
¡Que tanta tranquilidade encontres,
como paz deixas!*

EXTENUACIÓN V. tamén CANSAZO

estar como a leña.

FACILIDADE

*así como así; coma auga abaixo (2) /
sacar pallas dunha albarda / se
nada (2) / unha amora; irse coma a
auga; (ser) tan bo de facer como se
come un anaco de pan; é coma
quen di enredar.*

FACHENDA

*(andar / ir) máis teso que un morgado
/ que outro tanto / un galo; teso
coma un cartau; máis finchado que
un morgado; campar coma Degho
coa faldra fóra (2), facér coma o
caracol que canto ten pono ó sol /
como que se é moita cousa;
fachendoso coma un galo do corral
(2); garifeiro como galo no
buleiro; inchado coma a ra (2);
inflar coma o fol da gaita; presumir
máis ca un rato enriba dun queixo
(2); ser coma a rosa do caínzo; ser
inchado como o leite fresco; tesño
como perete - tesños coma peretes;
teso coma un carabullo / un espeto
/ un fuso / un garabullo (2) / un pau
(4) / unha táboa / o pau viradoiro /
un garrote / un virote; verse un
coma un piollo en camisa lavada.*

⁴⁸ Papagaio.

FALAR

FALA E CARÁCTER

falar [alguén] coma quen é.

FALAR BEN

*falar coma un libro aberto (8) / un libro (8) / un oráculo (3) / un *Evanxelio (2) / un crego / unha velliña / as señoritas / os da vila / os *cristianos: si ou non como Cristo nos *enseña.*

FALAR COHERENTEMENTE

falar coma a xente.

FALAR MAL V. tamén TATEXAR

falar coma quen baila sen son; falar coma un libro aberto sen follas; falar coma quen dá couces contra un aguillón; falar redondo coma os homes (2); ser como un animal.

FALAR MOITO. FALANGUEIRO

dar máis lería que un batán; facer coma as ovellas: agarrarse a tódalas silveiras; falar coma un descosido (3) / un loro (3) / un papagaio (5) / un sacamoas / unha cotorra / unha radio / unha regadeira; falar e parolar máis do que un escribán, falar máis ca un sacamoas (4) / sete (3) / un avogado (3) / un barbeiro (2) / un barbeiro ós sábados / Cascorro; falar máis que quere; morrer pola boca coma o peixe; non ter máis que lingua / palabras; ser coma unha carrola / unha gaita na festa; ter lengua coma a vaca rabo (3).

FALAR ALTO E CON AUTORIDADE

falar coma a campá grande de Catedral.

FALAR POR FALAR, INUTILMENTE

falar coma quen malla en ferro frío.

FALCATRUADA

facer un pan como unhas noces.

FALSIDADE

coma quen non di nada (2); facer coma unha escopeta que ten falsa a

*chave; máis falso cá moeda que non pasa; poderse confiar en [alguén] coma nunha mula; ser coma as perras gordas (3) / a *caldeirilla (2) / *calderilla / a cascarilla / os que sacan o sangue / ter un peso falso / un santo de pau / unha moeda con cara e cruz / unha *anguila; ser falso coma a *calderilla; (ser) tan certo como que agora é noite / chover albardas / que agora choven albardas(2); ter dúas caras coma os de Bucións.*

FAMA V. SONA

FAME V. tamén APETITO

esfameado como un lobo; estar a dente como egua galega / faco galego; pasar máis fame que un can / un mestre de escola; ser coma a vida do grilo; ter unha fame coma un can; toca-la hucha coma un tamboril (3).

FARTURA

arrostar coma frades; coa andorga chea coma a dun abade; (estar) coma un odre (6) / un chincho; estar cheo coma Porto / un bode (2) / un castrón / un centolo (3) / un pego / un pélogo (2) / unha nécora (5); farto coma o pote de graxa; (ir) coma un can (2) / un crego / un cuco / un cura (2) / un pego / un Pepe / un peto (2) / un sapo (2); ir cheo coma un pego / un porco / un údremo; ir farto coma un chincho (2); poñerse – porse coma un odre / un Pepe (4); quedar coma un Pepe (5) / un peto (2) / un sapo (2); quedar farto coma de bolo; ser como galiña farta de herba; farto coma un fol ceibe; (vir / estar) como urcas [as vacas] / un sapo.

FASTÍO V. tamén CANSAZO

estar máis cheo que o gato de tripas; farto coma o pote de graxa; ser

como unha galiña farta de herba; estar máis farto de [alguén] que un gato de tripas.

FEALDADE

*feo coma o demo (9) / un corno (7) / un can (4) / o lobo / un ourizo cacho (3) / a cabeza dun sapo (3) / a morte / a noite / unha noite sen lúa (2) unha noite de tronos / o pecado (3) / un pecado / un corvo / un entroido / un oso / teixugos (2) / a culpa (2) / un croio (3) / un moucho (3); guapo coma a noite escura; máis feo ca Tito / a morte / un corno / un ourizo cacho; ser cativo coma un can; ser coma un croio (2) / unha noite / unha noite de tronos (3) / unha noite sen lúa / a morte / os pecados (2) / un corno / unha noite *sin *luna / a morte / a noite escura / a morte / o demo / un can (2) / un corvo; ser guapa coma un pote; ser máis feo que un croio; ser tan feo coma unha noite de tronos / unha noite sen lúa (2); ser tan feo coma burro; te-la cara coma a pez (3); ter un mozo coma un carozo.*

FEBLE V. DEBILIDADE

FEBRE

ter febre coma un touro.

FECUNDIDADE

criarse [algo] [nun lugar] coma o salgueiro na braña; parir coma unha coella – coenlla.

FEDOR

máis cheirento que un bubelo⁴⁹.

FEITO Á PRESA

feito coma caldo de ladros.

FEITO (BEN)

feito a proveito como o pan larengo.

FELICIDADE V. tamén

AMBIENTADO, COMODIDADE,

SALVARSE AMBIENTADO,

COMODIDADE, SALVARSE

estar coma na gloria, estar como unhas pascuas (4) / unha raíña (2) / unhas castañas / como quere; feliz coma unha perdiz; ledo coma un cuco (2) / un neno en Reis / un paxaro / unha cotovía / unha pascua; levar unha vida coma cregos.

FELICITACIÓN

¡Es coma o demo!; ¡Quen coma ti!

FERIDA

coma can adoecido; (estar) coma un Cristo - Santo Cristo / un San Lázaro / un pulpiño; estar chagado coma un Lázaro (2); estar máis esfolado que san Bartolomeu; (estar / quedar) coma un cribo; levar unha cara coma se lle deran a comer asentés; máis chagas que na perna do pobre; ser coma o boño de Outes, que folgando escornouse.

FERMOSURA V. BELEZA

FERO V. tamén ACOSO,

ATAQUE, ASPEREZA

fero coma un león (3) / un lobo (2).

FEROZMENTE

(arrancar) coma un lobo.

FERTILIDADE V. FECUNDIDADE

FERVER INTENSAMENTE

ferver coma a ola das papas / a ola dos ladros / un pote de meas (2) / caldo no pote.

FIABILIDADE V. tamén

TRASACORDO

non ter un máis ca unha palabra; ser coma escrituras (as palabras de [alguén]); ser coma un carro ferrado.

FIDELIDADE

⁴⁹ O Dicionario de Eladio Rodríguez di *abuelo* pero coído que é unha errata, porque o temos documentado allures.

fiel coma o ouro / un can (2); leal coma a mesma lealtade; máis leial que un can; non ter máis ca unha palabra.

FILLOA

da-las filloas coma unha prata⁵⁰.

FINO

máis fino que un rato; ser coma o peixe *blanco / os peixes de cores / peixes de color (2).

FINXIMENTO V. tamén

SIMULACIÓN, SUPOSICIÓN

(facer) [algo] así coma quen (3) / coma quen non quere a cousa (2) / coma quen que (or.)⁵¹ (5) / coma – como que (or.)⁵² / de coma quen; face-lo dormido como as raposas; (é) coma facer que facemos – fagamos / o coxear dos cans (2); ter máis caras que un saco de pesetas / un vagón de monecos.

FIRMEZA V. DECIDIDO,

REAFIRMACIÓN

FLEXIBILIDADE

flexible coma un vimbio; ser coma a caralla do pobre: estira e encolle / a cona da Palmira que é de goma e non se estira / o virgo da *Juana (unhas veces encolle e outras alarga) (2) / un acordeón (2); torcerse como un cancel.

FOLGAZÁN V. PREGUIZA

FOLIADA

andar coma o laverco.

FONDO

fondo como os currunchos da conciencia.

FORMALIDADE V. FIABILIDADE

FÓRMULAS: V. AGRADECIMENTO, CONFORMIDADE, DESAFÍO, DESCULPA, DESEXAR MAL, DESCONFORMIDADE, FELICITACIÓN, MALDICIÓN, NEGACIÓN HUMORÍSTICA, REAFIRMACIÓN, VERIFICACIÓN E XURAMENTO.

Hai tamén fórmulas dispersas nos temas seguintes: CONTABILIDADE IRREGULAR, DEMO, DEREITOS (TER), EQUIDADE, LIBRAR, MORTE, MUNDO, PAGAR, PECULIAR, REFLEXIÓN, RELATAR, REMEDIO, SAL, SUPOSICIÓN e TESTEMUÑA FALSA.

FORTALEZA

coma un carballo / un trinquete; duro como un teixugo; ser un mozo coma un carballo; estar coma un breu / un buxo (7) / un carballo (5) / un touro (2) / un camión (2); estar (forte) coma un breu (3) / un buxo (12) / coma un carballo (17); estar rexo coma un carballo; estar san coma un buxo; estar fornido coma un carballo; forte coma o aceiro / o penedo – un penedo (4) / un boi (2) / un cabalo / un cañoto / un castelo / un lobicán / un pelouro / un rebolo / un roble / un touro (7) / unha pedra / o ferro; san coma un buxo / máis forte que unha noz ferreña; rexo coma un cabalo / un carballo; rexo e roibo coma un anxo; robusto coma un carballo; saír coma un buxo; ser coma cachopas de carballo / un carro ferrado; ser duro coma un coio (2); ser forte coma a leña / o carallo / un castelo / un castiñeiro (3); / un penedo / un buxo (3) / un buzo / un carballo (2) / un penedo; forte e san coma un buxo (2); ter forza coma un cabalo / un galego; ter

⁵⁰ ...empeñárase en que había d'ir eu a probarlle as filloas, pois estrenara unha pedra das lexítimas de Negreiros que as daba coma unha prata.

⁵¹ facer coma quen que son unhos meiralgos – meirallos.

⁵² fai coma que se vai e volve; facendo como que fan.

sete fogos coma o gato; ter un peito coma un lobo; ter unha forza coma un boi / un cabalo; ter sete folgos coma o gato; ser rexo coma un buxo (2); ser san coma un buxo; ser tan forte coma un cabalo.

FORTUNA

caer de pé coma o gato / pés coma os gatos.

FORZA

forza coma o porco no fociño (2) / un cabalo (2) / un elefante; loitar coma os almallos; máis forzado que Hércules / un boi; ser coma un cavador; (ter / dar) forza coma o porco no fociño.

FORZADO

*como *si lle quitasen as moas (2) / quitara o pelexo; como se lle arrincaran os dentes; como se lle sacaran as moas; ir coma os marraos á capa / marrao da capa.*

FRACASO

V. tamén

CHASCO, DERROTA, DESGRAZA,
ENCOLLER, FRUSTRACIÓN,
INOPORTUNO

*acabar coma o rosario da aurora (2) / os cans na misa; (estar) coma a tía Sabela do Piñeiro: *sin creto e *sin diñeiro; facen un pan coma unhas hostias, (3) / unhas noces; levar un carallo coma un brazo (2) / un pau da lus; levar un pau tan grande coma o fungueiro dun carro; máis perdidíño que a vergoña; marchar para atrás coma o cangrexo; quedar coma a agulla sen a liña - unha agulla sen liña (3) / o galo de Morón: *sin prumas e cacareando - cacarexando / o que ceba e non mata (3); quedar sen [algo] coma a agulla sen a liña (2); resultarlle [algo] a [alguén] coma o demo; ser [algo] como deitalo en cesto roto.*

FRACO

V. MIRRADO

FRATERNIDADE

(levarse) coma irmáns - irmás.

FRAXILIDADE

estar como vidro; romper coma a merda; romper coma nada; ser coma un espello.

FRESCURA

(estar / sentirse) coma a rosa na roseira; (estar / ser) fresco coma unha leitunga (13) / a auga da fonte / unhas castañas / unha escaina / unha remolacha.

FRÍO

V. TREMER

*aire coma a neve; bailar coma o millo; cortar (o aire / o frío) coma un coitelo / unha fouciña (5) / un fuciño / unha navalla; estar frío coma un polo; facer un día frío coma un can; (estar) frío coma a neve (22) / a auga do río (2) / a xeadada - a xiada (3) / a morte (2) / un morto / un cadáver / un can (2) / un peixe / unha pedra / unha xeadada - xiada / a xeadada - xiada / coma o xelo (5) / fuciño de can; frío de refrescar coma a neve; máis frío cá neve; quedar(se) coma neve; ser coma a vida do grilo; ser frío coma unha salgadeira; tar as augas coma o *hielo; te-los pés coma neve; rabuñar [o mes de marzo] coma o gato; *temblar coma a vara verde / unha vara verde / un xunco - xungo; xear coma fóra (2).*

FRUSTRACIÓN V. FRACASO

FUGACIDADE

coma manteiga en fociño de can - fuciño de can; corre-los días coma o cabalo; vivir coma unha faísca; voar o tempo coma o vento.

FUMAR MOITO

fumar coma un carreteiro (5) / unha carretilla; fumar máis ca un carreteiro.

FUME

arder como pau de oliveira; botar fume coma a cheminea do cura en día de festa.

FUNCIONAR BEN

funcionar coma un reloxo (2).

FURADO

(estar) (furado) como un cribo / unha criba.

FURIA

V. IRA

FURTIVIDADE

(entrar) coma o raposo na capoeira (2) / un raposo na capoeira.

FUXIDA

V. tamén MARCHAR

*apartar de [algo] [alguén] coma do demo; correr como (a) alma que leva o demo; escapar de [algo] [alguén] coma do demo / quen foxe de casa queimada / unha centella (2) / *demonios / alma que leva o demo / san Telmo / se lle prendesen lume ó rabo; escaparlle a [algo] / [alguén] coma o burro ás cabras / coma ó lume; *escorregarse como unha anguía; escurriarse como unha anguía; equiparse como unha anguía; facer coma a lagarteira; fuxir coma alma que leva o demo (2) / can con vincha ó rabo (2) / foguetes / lebres / lóstregos / o fume / o vento / se o levara o demo / un can perdigueiro cando ventea ó lobo / un condenado / un foguete (3) / un lóstrego (2) / alma que leva o diaño / alma que o demo leva / cu que lle estrala un foguete / o demo que viu a cruz / o demo da cruz (3) / o demo da auga bendita / o Inimigo da cruz / fariña en peneira / gato escaldado (2) / un corzo (2); fuxir coma do demo (4) / do lume (6) / do lobo (2) / da peste (4) / dos cans / dunha enfermidade / da queima (3); gardarse de [algo] / [alguén] coma dun traidor; ir(se)**

*como a alma que leva o demo / a troita nadando / se puxera un foguete no rabo / o peido do cu; librarse coma do demo; liscar coma un foguete / un lustro / unha cobra; marchar coma o peido do cu (3) / alma que leva o demo / quen foxe de casa queimada / quen leva o demo detrás / un foguete / un herexe / un lostro / unha frecha / unha seda; partir como un foguete (2) / un raio / unha bala / unha frecha (2); *pegar a correr coma se viñera un exército tras dun; pegar a fuxir coma un condenado; saír coma ánimas que leva o demo / un raio - raios / un foguete (3) / un tiro / unha centella (2) / unha chispa / se [lle] puxeran un foguete no cu; saír facendo fu coma o gato; saír máis que de présa; saír voando coma almas que leva o diaño; ;Librenos *Dios de [algo] / [alguén] coma do demo!⁵³.**

GAFE

V. AGOIREIRO

GARDAR

ter [alguén - OD] coma o rato na rateira / ouro en pano; gardar [algo] coma o millo da semente (3) / ouro en pano / unha reliquia.

GARRIDA

V. BELEZA

GASTAR MOITO

alarga-lo pé máis do que dá a manta; estira-los pés máis cá manta; irse os cartos coma o leite no lume; arde-los cartos coma faíscas.

GOLPEAR

V. tamén LIORTA

andarlle co lombo a [alguén]; (bourar en [alguén]) coma nun – en centeo verde (5) / en saco de la /

⁵³ De coxo e can rabelo, librenos Dios como do demo.

nun faco (5) / *nunha cuba*; *brear* en alguén / algo *coma quen brea nun boi*; *cañar* [alguén - OD] *coma a un can*; *dar a* [alguén] *como Santiago ós mouros* (4); *darlle máis paus que lentellas dan por un peso*; *dar un couce coma unha burra* (2); *deitar* [alguén - OD] *coma un chino*; *deixar mallado a* [alguén] *coma o *pulpo*; *darlle coma quen eixa*; *facen cañeira en* [alguén] *coma en centeo verde* (2); *levar tantas coma o liño*; *mallar en* [alguén] *coma en centeo* (3) / *en centeo verde* (13) / *no centeo verde* (9) / *nun centeo verde* (1) / *nun fol / quen malla o liño / nun *pulpo / quen malla en centeo verde / en liño verde / no trigo / na la*; *mallar* [alguén] *coma un polbo*; *mazar* [alguén-OD] *coma un *pulpo - polbo* (2); *mazar* [alguén -OD] *coma polbos* / *mazar en* [alguén] *coma nun centeo verde* (3), *en polbo* (2) / *pulpo*; *moer* [alguén] *coma ó centeo verde / centeo verde* (2); *moído coma pós de talco*; *moucir en* [alguén] *coma nun burro*; *pegar en* [alguén] *coma nun centeo verde* (3); *poñer-pór a un coma* *Cristo* (3) / *un pandeiro* (3) / *unha mazá camoesa* / *unhas amarrallas* / *unha criba*; *poñerlle os nefres como unha filloa de sangue*.

GORDO

V. tamén ENGORDAR

bolecho como un porco teixo; *gordecho - gordeiro como un paspallás*; *gordo e inflado coma un odre*; *gordo e redondo coma un cabazo*; *gordo mesmo como un trambollo*; *gordos coma tubescos*; *groso coma unha viga* / *un tingue*; *non estar coma unha argana*; *coma san Benedito: comer pouco e andar*

gordito; *coma un bocoi*; *coma un bochelo*; *coma un rebolo* (2); *estar cebado coma un porco*; *estar coma un bazuncho - bazunchos / rebolos / un baluro* (3) / *un bocoi* (2) / *un brazado / un cesto barrileiro / un cocho* (3) / *un entroido* (3) / *un fol / un foleco / un mastre* (3) / *un pipote / un porco / un porco cebado / un porco inglés / un porco louseño / un rebolo* (2) / *un redrollo / un tremo / un zoncho / zonchos / unha ámbra / unha londra* (2) / *unha meda / unha mesa *camilla / unha vaca / un trollo* (2); *(estar) gordo coma carballos polo pé / o gato dun abade / o pote / porco por San Martiño / un bazuncho / un bochelo / un bocoi* (4) / *un boi* (2) / *un ceboliño / un cepo* (2) / *un mastre / un pipote* (5) / *un porco / un porco teixo / un pote / un sapo / un tambullo / un teixo / un teixugo* (3) / *un touciño / un trambollo / un trallón / un tremedal / un trollo* (2) / *un zambullo / unha trulla* (2) / *unha vaca* (3); *estar inchado coma un pego*; *ser coma un trompo*; *ser gordo coma un bocoi / un burro*; *ser redondo coma as pedras do Suído / unha noz* (2) / *un o*; *te-los dedos coma os centolos* (2); *ter cintura de boi*; *ter un cu coma un cesto* (3); *ter unha barriga coma un pandeiro / un sapo* (2).

GRANDE

V. tamén LONGO,

TAMAÑO

(grande) coma de aquí a pasado mañá / *un alarbio / un demo / un puño* (3) / *un sol* (3) / *unha montaña / a cabeza dun sapo / a esperanza dun pobre / a fame dun pobre / as rodas de carro / o mar* (2) / *os días de maio / un becerro / un burro / un cuxo / un día de fame*

/ un día de maio / un día sen pan (6) / un diluvio / un mundo (2) / un salgueiro / un xato / unha roda dun carro / unha viga / o tesouro de Rande; grande e comedor coma a vontade de *Dios; ir coma de (aquí, alí) a catro varas; máis grande que un ano sen pan; máis que regular; ser coma un touro (5) / a roda dun carro / un demo / un boi; ser grande coma os días de maio / un becerro / un día de maio / un día sen pan (2) / unha roda dun carro (2) / coma a roda dun carro / as Pascuas de maio / fungueiro do carro.

GRANDE -BÁGOA

bágoas coma noces.

GRANDE -BARBO

coma un touro (5).

GRANDE -BOI

bois coma palleiros.

GRANDE -CAN

grande coma un cuxo.

GRANDE -CASTAÑA

castaña coma unha laranxa.

GRANDE -CEREIXA

ser (as cereixas) coma puños (3) / un puño.

GRANDE -CU

te-lo cu coma unha faldroca; ter un cu coma un paxe (2) / un cesto (3) / unha cesta / unha meda; ter un cenzo coma un palleiro; ser como as tordas: finas do peto, as cachas gordas.

GRANDE -FILLOA

filloas anchas e longas coma manteses.

GRANDE -MAZÁ

mazáns coma puños

GRANDE -MOZO

mozos coma xigantes.

GRANDE -NARIZ

ter un nariz coma a chavella do carro.

GRANDE -OLLO

te-los ollos coma pratos.

GRANDE -VELO

nacerlle un pelo no cu coma o corno dunha vaca.

GRANDE -PORCO

porcos coma bois.

GRANDE -PULGA

pulgas coma garduñas.

GRANDE -TESTÍCULO

telos coma o cabalo de Santiago.

GREGARIO V. tamén OBEDIENCIA, DOMINIO

andar atrás de [alguén] coma un can (2); *pía que pía coma os pitos ó rabo das galiñas; andar coma un can detrás de [alguén] (2) / de cego detrás de [alguén]; andar polo pau como o cego; (ser) apoucado coma unha lebre montesía; (ser) coma unha malva; entregarse coma unha ovella; facer coma a besta do arrieiro que leva viño e bebe auga; ir coma carneiros tras de [alguén]; (ser) máis manso que unha ovella (2); seguir [alguén - OD] coma a un can (perdigueiro); ser coma as ovellas: por onde vai unha van todas (2) / o boi de Belén / os carneiros: para onde vai un van todos; ir - vir coma folla de castiñeiro.*

GRIÑIR

griñir coma os burros.

GRITAR V. BERRO

GUAPA V. BELEZA

GUÍA

ser coma un pai para o fillo / [alguén].

GULA V. tamén COMER

MOITO

*comerlle a un máis os ollos cá boca;
non ter máis Deus có prato; ter
máis ollos que barriga.*

GUSTAR

*gustar coma ás pitas o trigo; ser
amiguiño de (subst.) coma as
abellas do mel; gustar máis có bolo
do pote.*

GUSTO (A) V. tamén

AMBIENTADO

GUSTO (A CONTRAGUSTO) V.

FORZADO

GUSTO MALO

*ter un gusto coma o de lambe-los
mocos / o que lambe os mocos.*

HABILIDADE

*coma coa man (2); quedarlle o xeito
coma ós músicos vellos; ser coma
unha subela; ser escurridizo coma
unha *anguila; ter máis mañas que
sete raposas; saber beber o viño
coma as nenas da ribeira⁵⁴.*

HÁBITO

coma a uso acostumado.

HABITUAL

*como abendoito⁵⁵; ir tirando coma a
roupa de cada día.*

HARMONÍA

⁵⁴ *Anque son de antr'os toxos,/ criada n-as
carrasqueiras;/ tamén sei beber o viño/
com'as nenas d'a ribeira.*

⁵⁵ Esta loc., que aínda usan hoxe algúns escritores, figura así no primeiro DRAG e como sinónima de como andoito. En realidade é aglutinación de como + haber doito – ter doito e dela naceu, probablemente, o verbo adoitar, hoxe máis usado. Xa Sarmiento definía doito da seguinte maneira: “Diestro, docto, avezado, enseñado, (en castellano ducho); todo del latín doctus, y se aplica de mil modos, v. g.: Pedro non a doito, no está en ello; quen calzons non a doito as costuras lle fan mal, el que no está enseñado a calzones... También adoito”. Está no límite entre a comparación e o modo.

*estar – darse como *Dios cos anxos.*

HIPOCRISÍA

*coma a mazá: por dentro podre e por
fora sá; dicir palabra de santo e
bota-las unllas coma o gato (5);
máis falso que unha burra vella;
por diante coma cas e gato, por
detrás coma irmaus; predicar a
Cristo e vivir coma *Dios; retira-
las mañas como baraza de
buxaina; ser coma a auga mansa
(2) – mansiña - moleira; ser coma
un santiño que non pestanexa (2);
ter máis capas cás cebolas.*

HIXIENE

*lavarse coma os gatos (2); pescozo
mouro coma o dunha besta; coma a
Limpa de Ribas, que lle lavaba á
besta as patas.*

HONESTIDADE

*non ter máis ca unha palabra; (ser)
dereito coma un fuso / a rabela do
arado⁵⁶ (3) / un pao de sanguinho.*

HORTA DESCOIDADA

te-la horta coma un prado.

HUMIDADE

apegar coma almidón.

HUMILDADE

ter un corazón coma unha seda.

HUMILLACIÓN

andar coma un moucho.

IDENTIDADE

*falar [alguén] coma quen é; mirarse
nun coma nun espello.*

IGNORANCIA

*entender tanto de [algo] como eu de
capar cochás / eu de albardar ratos
/ eu de grego; saber tanto de [algo]
como eu de lagares de aceite / eu
do lagar do óleo; *facer coma o
mestre Cirola, que non sabe ler e**

⁵⁶ Nos lugares onde a rabela é dereita.

xa pon escola; máis besta que un burro (2); non saber cantas son cinco, como os dedos da man; ser coma se caera en cesto roto; ser coma unha burra atada a un cabezallo; ser burro coma unha tamanca; ser tan listo coma un burro; ¿A que foches á escola: aprender a ler ou a griñir coma os burros?

IGUALDADE V. tamén

EQUIVALENCIA

coma se fora do meu igual; estar coma cando un empezou; montar tanto unha cousa coma outra (2); quedar coma antes (2) / un como está / como estaba (4) / como se estaba; saír como se entrou; ser coma todas / un cristián, fóra a alma; tan bo é o burro coma quen o tangué / Pedro coma Xan / Xan coma o seu irmán (2) / Xan coma Pedro (2); tanto dá Xan coma Pericán - Pedro (4); tanto dar unha cousa coma outra (4); ¡Tanto ten Xan coma Perillán! (2) / seu irmán! (2); terte tanto a [alguén] unha cousa coma a outra; ¡Tanto ten azoutar como no cu dar!; tan (adx.) coma o primeiro; tanto coma o que máis; ser un - unha (subst.) coma os outros⁵⁷.

ILEGAL

*ir dereito coma a *xusticia de Roucos.*

ILUSIÓN

estar con [alguén] coma un neno.

IMPACIENCIA

estar coma con lume no rabo.

IMPACTADO V. ABRAIO, SORPRESA

IMPEDIR

ser coma o can do hortelán.

IMPERCEPTIBLE

ser [algo] coma se nada⁵⁸, ser como a carabina de Ambrosio (2).

IMPERFECCIÓN

(ser / estar) máis mal feito cá cama do lobo.

IMPERICIA V. TORPEZA

IMPORTANCIA V. EQUIVALENCIA, VALOR

IMPOSIBILIDADE

coma coller auga nun cesto / paxe; querer achaiar os cotos e quedar altos como estaban; ser [algo] coma dar couces contra o aguillón / darlle golpes ó mar / poñer portas ó campo.

IMPRESCINDIBLE V.

NECESIDADE

IMPRESIONADO V. ABRAIO,

PALIDEZ, SORPRESA

IMPROBABLE

ha de ir coma os meus zocos.

IMPRODUTIVO

dar tanto leite coma unha carqueixa.

IMPROPIO V. tamén INELEGANTE

caerlle [algo] a [alguén] tan ben coma a corbata a un porco / as pistolas a un cristo / o freo a un porco; cantar a galiña coma o capón; quedarlle [algo] a [alguén] coma un cabeceiro a unha pita / a canga á cocha (2); sentar [algo] en [alguén] coma a canga no porco; ser coma unha cuba de ameneiro.

IMPUNIDADE

coma pegarlle a un santo de pao; quedar como se batese en estopa.

⁵⁷ Non hai que falar de María que é unha muller coma as outras.

⁵⁸ Aquí hai un plusc. ind. elíptico: ...coma se nada (oíra / vira...).

INACABABLE V. tamén DURAR
MOITO, LONGO
coma o ano que non hai que mallar; obra coma a do Escorial; ser como a vaca vella: sempre cocendo e sempre crúa; ser máis longo que un día sen pan.

INACCIÓN V. PREGUIZA

INAPETENCIA
manterse de aire como os camaleóns (2) / do aire coma os camaleóns; ser coma un pito.

INCAPACIDADE
facen coma o piollo na cinza (3); non haber máis pergamiños que eses.

INCAUTO V. INDEFENSIÓN

INCERTO V. DÚBIDA

INCIVIL
andar como un corzo (3).

INCLINARSE V. POSICIÓN

INCLINADA

INCOHERENTE
*facen coma o escribano de Liber, que sabe escribir e non sabe ler; facen como frai Tomás: facen como el di, non como el fai; predicar a Cristo e vivir coma *Dios.*

INCOMODADO V. IRA

INCOMODIDADE V. tamén

PROBLEMAS
(estar) coma tres nun zapato (5) / a galiña no espeto / o peixe fóra da auga (3) / tres nunha bouza cun zapato (2) / o vilego na casa de seu sogro; quedar coma dous nun zapato; retorcerse coma se estivera sentado sobre un niño de cobras; retorcerse coma unha cobra.

INCOMPARABLE V. tamén

INSUPERABLE
(adx.) coma el só; non (haber / ver) nada igual coma [algo] [alguén] /

outro coma [algo] / [alguén] para (inf.) (3)⁵⁹.

INCOMPLETO
ser coma casa sen teito (2) / fogo sen trasfogueiro / gaita sen foles.

INCOMPENSIÓN
*ollar como boi para *palacio.*

INCOMUNICACIÓN
non entendérselle a [alguén] máis cá un burro / unha besta.

INCONSCIENTE
andar enganado coma un porco no mes de santos.

INCONSTANCIA
escomezar como faco e parar como asno; ser coma o vento (que sempre cambia ao momento) / o casadiño de onte que lle morreu a muller á noite; ir e vir coma a faba na ola (5) / o fol ó muíño / o xerro vai á boca (2); ser coma auga de maio / o tempo / quen ceba o porco e non mata / a faba do pote (2) / a folla do lamigueiro; (ser) tolo coma o vento; virar coma as aspas do muíño (4).

INCONTESTABLE
non ter [algo] máis ca un camiño.

INCONVENIENTE
(facen tanta falta aquí) coma os cans na igrexa.

INCREDELIDADE
non ver nunca na vida outra coma ela; ver e crer como santo Tomé (2); ser coma un soño.

INCUMPRIR
facen coma a bubela / o ano bisesto (2) (que promete e non dá).

INCHAR
inchar coma unha besta / un bombo.

INDECENTE

⁵⁹ Non vin outro coma el para programar.

puta como unha galiña.

INDECISIÓN / DÚBIDA

ser coma a brisa / bolos sen sal⁶⁰ (2).

INDEFENSIÓN

non saber máis ca dun burato; ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato / vaca sen rabo; vir coma a espiga de pardo.

INDEPENDENCIA

andar coma Pedro pola súa casa / quen pode.

INDICIOS

deixar rastro coma a lesma (2).

INDIFERENZA V. tamén

DESINTERESE, DESPREZO,
DESENTENDERSE

frío coma a xiada; andar coma pándigos; bebelas coma o boi a auga / o cuco (3 / un boi ladrón; coma Pilatos no credo; coma quen fala cunha parede / non sente nin padece / non ten gana / oe chover (15) / ouve chover (3) / ve chover (2); coma se cantara un can / un carro (18); coma se chovera / ladrara un can / nada (plusc. ind)⁶¹ / rousara o carro / tal cousa; coma Xan Pardal: o mesmo lle dá ben que mal (2) / non fose con (pron. / subst.)⁶²; coma quen fala cun morto / (escoitar / oír / darlle tanto creto) a [alguén] coma quen oe chover (4) / se cantara un carro / se rousara un carro; darlle tanto a [alguén] polo que vai coma polo que vén; darse tanto por [alguén] coma a auga da bogada que vai polo río abaixo (2); dárselle a un

tanto polo que vai coma polo que ven (2); dárselle tanto de [algo] coma se ladrara un can / se rousara un carro / o gato por cebolas (4) / o gato por cebola; escoitar [alguén- OD] coma quen oe chover estando a cuberto; facer coma Pilatos no Credo; facer tanto caso a [alguén] coma se orballase / ó vento / ó que mexan as pitas / se ladrara un can / rousara un carro / ó can (2) / ó aire / o bispo ós cregos (2); importarlle tanto [algo] a [alguén] coma onte que xa pasou; máis xordo que un inglés; pasar de [algo] / [alguén] coma da merda; pesarlle a [alguén] tanto un ombreiro coma o outro (2) / un ombro coma o outro / nun ombro coma no outro; quedar tan tesa como se nada; ser coma Xan Portal, que o mesmo lle dá ben que mal; ser canto diga coma se o tirara nun pozo⁶³; tanto lle dá que (subx.) coma que (subx.); darlle tanto [algo] a [alguén] así coma asá (2) - así coma asado; tanto lle dar a [alguén] matar como morrer; tanto lle ter [algo] a [alguén] coma que cante o carro; ¡Tanto me dá o carneiro coma a lá!; ¡Tanto me dá touciño coma soá!; ¡Tanto me ten arriba como abaixo!; ¡Tanto se me -lle -che dá polo que vai coma polo que vén!; ¡Tanto se me dá por ti coma se nunca te viral!; ¡Tanto lle - me - che ten unha cousa coma a outra! - cardos coma leitaregas! - xabón coma fío negro!; ¡Tanto me dá como tanto me ten!; ¡Tanto me

⁶⁰ *Todo os mozos d'ahora /son coma bolos sin sal; /proba aquí, proba acolá /e ningún dous cartos vól.*

⁶¹ *coma se nada fora / viral / oíra / percibira...*

⁶² *quedou coma se non fose con el.*

⁶³ *¡Todo canto me digas é coma se o tiraras nun pozo!*

ten como tanto me vai!; ¡Tanto se me dá como se me deu! (3); ¡Tanto (se) me dá chifaros como asubíos! ¡Tanto lle - me dá que corra a auga para baixo como para cima!

INDISCRECIÓN V. tamén **SEGREDO**
non garda-las augas coma os rapaces vellos; ser coma a bubela / a gaceta / a Porta Faxeira / un libro aberto / un loro; ter a boca coma unha rabada (2).

INDISCRIMINADAMENTE
dea onde dea, como moca de cego.

INDIVIDUALISMO
andar como no chozo.

INDOCILIDADE V. tamén **TORTO**
atravesado como os cangrexos; duro coma o pé dun santo (vello); rabudo coma as uvas do cacho (3); ser como o que malla en ferro frío; ser máis repugnante que un porco (de)baixo (d)o brazo; ser rabudo coma as uvas do cacho; ser / saír retorto coma un loro.

INDOLENTE V. **PREGUIZA**

INEFICAZ
tanto dar perdido como ganado⁶⁴.

INELEGANTE V. tamén **IMPROPIO**
caer [algo] a [alguén] coma a canga ó cocho; coñecer a un por detrás coma a Quevedo; quedar [algo] a [alguén] igual ca un tarambollo a un can; sentarlle [algo] a [alguén] coma un chocallo a un porco.

INERTE
coma un saco de patacas.

INESTABILIDADE
ser coma alí fóra cando chove / o vento (4) / o vento de néboa (4).

INFLUENCIABLE V. tamén

GREGARIO
*mudar de color coma o *pulpo.*

INFORMALIDADE V. tamén

FLEXIBILIDADE
ser coma folla de olmo; ter máis caras que un saco de pesetas.

INFORTUNIO
se-la sorte de [alguén] coma a dos aforcados.

INFRECUENTE
rara como nos xudeus dar diñeiro sen interese; non verse enxamais outra coma ela.

INGRATITUDE
(ser) coma a cabra que paríu para o lobo / as pitas que poñen fóra (2); soberbio como unha galiña farta de herba.

INHÁBIL V. tamén **TORPEZA**
ser coma o ferreiro de moito estroncio, que, de tal machacar, esqueceulle o oficio.

INIGUALABLE V. **INCOMPARABLE**,
INSUPERABLE

INIMIGOS V.

DISCORDIA

INIMITABLE V. **INSUPERABLE**

INMATURO
estar verde coma os felgos (2).

INMERCIDO
ser coma un camarón dentro da casca dun mexillón (2).

INMOBILIDADE V. **QUIETUDE**

INNECESARIO
ser [algo] como levar auga ó mar, onde hai moita máis; facen (tanta) falta coma os cans na misa (3) - os cas na misa (2) / os cans na igrexa

⁶⁴ Nós tanto damos perdidos como ganados. Eu tanto dou perdida como ganada.

/ a fala na ola ⁶⁵; ser un adorno coma á zorra o rabo.

INOCENCIA

coma quen non crebou un prato en toda a vida; inocente coma a Virxe Santísima / un cordeiro / un quinto; ser necia coma a Virxe, alabada *sea.

INOFENSIVO

ser como o Santo que non mata nin tolle.

INOPORTUNO

caer como mosca na sopa; coma pedrada en ollo de torto; como pedrada en ollo de boticario; como pedrada en ollo de torto; vir como croiada no ollo torto; como o touciño na casa do *xudío; como tirar un peido na cima da artesa.

INQUEDANZA V. tamén **ACTIVO**,

ANDAR, INQUIETO, AXITACIÓN

andar á présa como ó que non se lle coce o pan; andar coma a faba na ola (4) / faba na ola / unha faba no pote / unha lavandeira / a galiña co ovo / un azougado / o rabo da vaca no mes de agosto; andar inquedo como galiña sen andego; dar máis voltas que un can con pulgas / un muíño; máis inquedo que un sarillo; moverse máis ca un mono; ser coma o peixe fóra da auga / unha avelaiña; ter [alguén - OD] como ouro na balanza.

INQUIETO V. tamén **AXITACIÓN**

moverse máis ca un entroido (2); ser coma a ovella do teo.

INSEGURIDADE

estar (tan) seguro coma a auga nun cesto / o vento no puño (2) / a auga no vaso / a auga nunha peneira (2).

INSENSATEZ

cantar coma un melro novo; ser coma poldros; estar coma un pandeiro furado; facer coma as cabras de Mondoñedo: bótanos tarde e métenas cedo; facer coma as ovellas de Pedro Botello, que van tarde e volven cedo; ser coma un loro ⁶⁶.

INSENSIBLE

ser coma unha pedra (4) / a neve; ser de neve; ser duro coma un can.

INSERVIBLE V. **INUTILIDADE**

INSIGNIFICANCIA

se-lo mesmo que nada; ser como quen lle quita un pelo a un coello; ser tanto coma ningún –ningunha ⁶⁷

INSÍPIDO

(ser) coma auga sen sal / bolo(s) - bola(s) sen sal / caldo *sin sal / un ovo sen sal, que non sabe ben nin mal (2) / unha mazá sombriza, que non sabe ben nin mal (2).

INSISTENCIA V. **TEIMOSÍA**, **PESO**

INSOCIABLE

estar coma un cesto; ser coma un cesto / un toxo (2) / un toxo bravo (2).

INSOLENCIA V. tamén **DESCARO**,

INDOCILIDADE, REBELARSE, TORTO

coma se fora un ministro; (facer algo unha muller proletaria) coma se fose señora.

INSOPORTABLE V. **FASTÍO**, **RUINDADE**

⁶⁵ Sospeito que é unha errata por *faba*, pero a fonte (V. Llópiz) cita os refs. *Con verbas non se compón o pote. Con palabras ninguén fai o pote* e iso lévame a pensar que el oú claramente *fala* non *faba*.

⁶⁶ *Coma o loro es tí: di-lo que sabes *sin sabe-lo que dis.*

⁶⁷ *Un é tanto coma ningún. // Concentreime na Bahnhof Strasse, a rúa dos bancos, anque as esperanzas de topar alí co Rodicio eran tantas coma ningunha.*

INSUBORDINACIÓN V.

INDOCILIDADE

INSULSO V. INSÍPIDO

INSULTAR V. ALDRAXE

INSUPERABLE V. tamén

INCOMPARABLE

animaliño coma el non paxe na parroquia; [subst. / adx.] *coma el so - ela soa*⁶⁸; (adx.) *coma poucos*; ¡*Mellor que mellor* (2)! - ¡*Millor que millor!*; ¡*Nada mellor que* (subst. / or.)!; *non haber* (subst.) *coma* (subst. - pron.)⁶⁹; *non haber cousa coma ela* (2); ¡*Cousa coma ela...!*; *non haber mellor que* (or.); *non haber outro - outra coma el - ela* (en todo-a (topónimo)); *non haber vida coma ela* (6); *non haber máis que dicir*; *non pasar outra coma ela* (- outro coma el) *debaixo da campana*; *non ver* (subst.) *coma el - ela* (2).

INTELIXENCIA

(ser) agudo coma un raio / a fame / un allo (17) - *os allos / un pemento* (2) / *un rato*; *(ser) bicho coma un allo* (6) / *un pemento*; *(d)esperto coma un rato / como un allo*; *(ser) fino coma a la de gato* (11) - *la de gato* (3) / *un allo* (4) / *un coello / un coral* (2); *(ser) listo coma a mesma fame / o demo* (2) / *un allo* (19) - *allos*; *un avoís / un reguilete - renguilete / unha *ardilla / unha bala / unha centella* (3) / *unha lebre / un raio* (2) / *unha pólvora / un cuco* (2); *listo / lixeiro coma unha lebre*; *saber máis cás cobras*; *ser agudo coma un esquió* (2) / *un*

pispinete; *ser coma o demo / un allo* (3) - *un allo porreteiro - un allo portugués / un anzón / un cuco* (5) / *un pensamento / unha centella / unha chispa* (3) / *unha laverca / unha persoa*; *ser fino coma a la de mico / unha denociña*; *ser igual ca unha *ardilla*; *ser listo coma a pólvora* (2) / *o cuco / o golpe / o raposo / un abellón / un esquió* (2) / *un pimento / unha ave* (2) / *unha cobra / unha chispa*; *ser máis listo que un cuco*; *ser máis pillo cá gaceta*; *ser (listo) coma a pólvora / o demo / diaño / un raio / unha centella / unha chispa*; *vivo coma unha charamusca* (4) / *unha faísca*; *intelixente coma un lóstrego*; *un rato*; *ser coma unha *avispa*; *ser *espabilado coma sabandixas / o demo / unha centella*; *ser listo coma un pimento*; *vivo coma unha charamusca* (2).

INTENSIDADE

(vbo.) coma coma un descosido (4) / *un tolo* (2) - *unha tola* (2) - *tolos / loucos / un condenado - condanado / o demo*; *ter febre coma un touro*.

INTERESE

acudir coma as abellas ó mel.

INTIMIDADE

ser coma da familia (3).

INTRANQUILIDADE

estar coma un azougado (2).

INTRASCENDENTE

coma se non fose nada / non houbera nada / tal cousa (4); *ser [algo] coma Pilatos no credo*.

INTRATABLE V. tamén IRA

andar con [alguén] como (c)unha vela (encendida).

INTROMISIÓN

cheira-las vidas alleas coma os cans a carniza; *coarse por unha fenda*

⁶⁸ *Mala lengua coma el só.*

⁶⁹ *Non hai amor coma o primeiro; Non hai bonitura coma a saúde.*

coma o piollo na costura; (entrar, andar) coma Perico pola súa casa (2) / Pedro pola súa casa (2) / en casa allea como pola súa casa; ir mete-lo bico e levar máis paus có demo; meterse coma piollo por costura (6); meterse como a irmá do demo; ser coma o can do quinteiro / o cocho de San Antonio.

INUTILIDADE V. tamén DISPARATE, PERDER TEMPO, INDIFFERENZA

andar en van como gambito no verán; (ser) [algo] coma a espada de Bernardo / a espada de Xoán da Palla que nin pincha nin talla / andar a dar auga sen caneco / apañar auga coa peneira (2) / arar no mar (3) / arar no río / beixarlle o cu a un defunto / botar auga no mar (3) / botar auga ó mar / botar pérolas ós porcós / casa sen teito / coller auga cun cribo (2) / coller auga nun cesto / comer papas con fuso / correr tras de quen escapa / darllo a un can / dicirlle a un escarabello que varra / escribir na auga (2) / escribir no aire / escribir no vento / facer regos na auga / facer unha raia na auga para que non se desfaga / falar coas paredes / ir á caza sen can (3) / ir de caza sen can (2) / ladrar os cans á lúa / o que ten tos e raña a barriga / o que ten tos e rasca o cu / lume sen leña / mallar en centeo verde (2) / mallar en ferro frío (3) / mallar nun fol / mallar sen dó / mazar en ferro frío / o ano sen sazón / o que malla en ferro frío / o que asou a manteiga na punta dun garabullo / pór o can a gradar / quen lle bota o alcacén a un can / quen non o ten (5) / quen o bota na mata dun burro / quen oe chober / quen ten un tío na Habana / querer mete-lo mar

*nun puño / sementar na area / ter (un) pai e telo morto (2) / tirarlle pedras ó mar / unha agulla *sin fío (2); ter máis cravos que unha porta vella (3); facer coma a muller sen roca, que maldito cousa val / o santo que nin mata nin tolle (5) / o ripo; facerlle tanto coma o burro á vaca; falar coma quen ara no mar;(ser) igual ca arar no mar; facerlle tanto a [alguén] coma nada; ser coma a auga da tronada: chove moito en pouco tempo e non se lle aproveita nada.*

INVIDENTE V. tamén OLLOS, VISTA, CEGAR

ver tanto coma unha cabra cega.

INXENUIDADE

cándido coma unha azucena; ser á boa fé - abofé (coma os gatos pequenos).

INXURIA

poñer como novo a [alguén] (2); poñer como un zapato a [alguén]; terlle feitas a [alguén] máis que pelos ten na cabeza.

INXUSTO

(ser) dereito coma a rabela dun arado⁷⁰; torto como un arrocho.

IRA V. tamén BAFEXAR,

EXCITACIÓN, INTRATABLE

*andar coma can doente (2) / un orfo; arder como unha labarada; arrabear coma un can (2); bufar como unha cobra; coma un basilisco (2) / unha furia; como lobo no inverno e como cobra no verán; doentes coma os cans; esbufar coma unha *culebra; estar coma o aceite / un pemento de coraxe / lobo no inverno e como*

⁷⁰ Nos lugares de Galicia onde a rabela é torta.

*cobra no verán / o mar de Campelo*⁷¹ / *para facer chatolas cos dentes / peixe na tixela – *sartén / unha bicha (2); estar doente coma un can; estar peor ca un can doente (2); estar rabioso coma un can; facer fu coma o gato (3); fungar coma un vibirón; fungar como funga un abellón; fureto como cobra tripada (2); imprar como o sapo; inchado coma un sapo (5); explotar coma Machichaco; inchar coma un chopo (4) / un sapo; ir coma unha ascua (2); ir rabioso coma un can; levantarse coma o mar dun baixo; pegarse coma unha mosca; poñerse -porse coma as brasas / o mar do Orzán (2) / un bispo / un can da rabia / un demo / un lobo / unha cobra / unha fera / unha gata / un basilisco / unha néspora; poñerse dun xenio coma can que lle quitan o óso / fero coma un can doente / negro coma un condenado; rabear coma os cans / con media catarreira / un can na corda; rebentar como unha bomba; renxer coma un can; ser coma un porco bravo / a guerra de Corea / de malas pulgas / o can; te-lo xenio coma un foguete / unha centella; ter un xenio coma un can / un can adoecido / un condenado; ter xenio coma un can / unha cabra.*

IRREFLEXIVO

vivir coma os cans.

IRREFUTABLE

verdade coma un templo; verdades coma puños (3).

IRRELIXIOSO

impío coma un francés; vivir coma xudeus.

IRREPETIBLE

V. tamén

INSUPERABLE

nunca houbo nin pode haber como [subst.]; nunca no mundo se viu cousa coma ela / [algo] coma [algo].

IRRESPONSABLE

V.

INSENSATEZ

IRREVERSIBLE

V. FIRMEZA

LABORIOSO

V. tamén ARDUO,

DIFICULTADE

obra coma a do Escorial.

LACAZÁN

V. PREGUIZA

LADRÓN

coma as cabras / un escribán / un gato; ser coma a lapa - unha lapa (2) / as cabras (2).

LANZAL

V. ASPECTO – VAN

ESTREITO

coma un trinquete / pino / unha abrotia; delgada da cintura coma a palla do centeo (4) / unha dama real; dereito coma un esteo (3) / un fuso (9); esvelta coma unha abrótega - abrotia; lanzal como un piñeiro / os piñeiros do monte; ser largo coma un filiseu.

LAVARSE POUCO

V. HIXIENE

LEDICIA

alegrarse coma un cuco (3); (estar / ser) alegre coma un cuco / un pandeiro (4) / unhas Pascuas (8) – Páscoas (2) / unha carricanta (2) / unha gaita nas festas (2) / unhas castañolas (2) / unhas castañolas (10) / un peneireiro; andar coma o piollo na costura; coma un periquito; contento coma un cuco (19) / un rei (2) / un rulo (3) / unhas Pascuas (17) / unhas violas; estar coma nas vodas de Blas / neno con zapatos novos / unhas castañolas (3) / unhas Pascuas (2);

⁷¹ Recollido en Valdoviño.

estar contento coma un cuco (2) / micho con axóuxere; estar ledo coma un cuco; está que non cabe en si; (ser) fervellasverzas coma unhas castañas; ir coma o reiciño na cesta (3) / un ringuilete; ir contento coma un cuco; ir máis contento que un raio; ledicioso coma un xílgaro; ledo coma un cuco (3) / mañá de maio / os cregos cando recollían os ovos da Pascua / unhas marabillas / unhas pascuas (2); máis contento que unhas páscoas (2); ter [algo] máis ca tolos de contentos a [alguén]; máis festeiro que unha gaita (2); máis rufo que unhas pascuas (2); pispo como un pintaxilgo; quedar contento coma un cuco (2).

LEGAL V. CORRECTO
LEITE V. AMAMANTAR

LEMBRANZA

acordar como entre sonos (¿soños?); acordarse coma se fora hoxe (2); acordarse de [algo] coma se fose onte / fora hoxe; lembrarlle [algo] a [alguén] coma se fora hoxe.

LENTES

ter antiparras coma os burros.

LENTITUDE

coma un carro cansón; correr coma o sapo na cinza / o sapo pola cinza (8) / o piollo pola cinza; dar máis voltas que un can con pulgas; de vagariño como xantanza de carpinteiros; paseniño como o boi de Laiño; peor ca un sapo por entre as muruxas (2); pesado coma o pé dun muíño; ser coma aceite pesado; ser lento coma o sapo na cinza (2) / unha *tortuga / un caracol / a vaga; ser máis lento que unha caracola; ser tan presoso coma o pé dun muíño; ser (un parto) coma o dunha burra (2); ter

tanto bazo coma un burro morto / unha vaca / o difunto na porta da igrexa.

LEVAR

levar tanto como un deixa; non deixar máis cás paredes.

LEVARSE BEN V. CONXENIAR

LEVARSE MAL V. DISCORDIA

LEVE V. PESO ESCASO

LIBERDADE

andar coma o can sen dono; andar solto como vaca sen choca / as cabras no monte; (correr) libre como o peneireiro (2) (¿piñeiro?) / o porquiño de san Antón; dar unha volta na cama coma a troita no remanso; estar coma o boi no monte; libre coma unha perdiz; ser coma as ovelliñas de Barbudo⁷², que as botan ó monte pola mañá e volven á noite.

LIBRAR

¡Líbrenos Deus de [algo] / [alguén] coma do demo! (5).

LIMPEZA

coma o ampo da neve (2); deixar [algo] coma unha patena / un coral; estar limpo coma a patena / unha alba / o coral; estar / quedar coma unha patena; fino coma un coral; lavar [alguén - OD] coma a Cristo; limpo coma o ceo sen nubes / un cristal (4) / a auga da fonte / un coral (7) / un espello / un ouro (2) / unha escaina (2) / unha patena (12) / unha prata / a prata (2) / un xaspe; nidio coma a cara da verdade; quedar limpo coma un buxo; branquear coma a prata; deixar coma un trinquete.

LINDO V. BELEZA

⁷² Barbudo en Ponte Caldelas (PO).

LÍO V. COMPLICACIÓN
LIORTA V. tamén GOLPEAR
agarrarse coma dous gatos; chover paus coma trancas; haber máis ca palabras.

LISO
liso coma a palma da man (2) / o calcadoiro dos sacos; poñer [algo] máis raso que o po da estrada.

LISTO V. INTELIXENCIA

LIXAR V. tamén SUCIDADE
facer coma a bubela.

LIXEIRO
*lixeira coma unha xalgarreta; lixeiro coma o vento (3) / o pensamento / un raio / unha centella / unha chispa / unha mala idea; máis lixeiro ca foguete de romaría / o vento (2); ser coma unha *ardilla (3) / unha donicela; tan lixeiro coma o vento (2); pesar coma a cortiza; tumbarse coma unha dorniña polbeira.*

LOGRARSE V. ÉXITO

LOITAR
loitar coma os almallos / os mouros.

LONGO V. tamén
INACABABLE, DURAR MOITO
*coma de aquí a mañá (e volver) (2); coma un día sen pan; largo coma o mes de maio / un día sen pan (5); longo coma un adival / a misa de Ramos / a soga (4) / os días de maio / un biorto / un camiño (5) / un día de fame (2) / un día sen pan (7) / un varal / unha corda (2) / unha soga (3) / unha vara / un maio longo (2); longo e estreito coma o ano famento (2); grande coma un día sen pan (7); ser largo coma un día de maio / un día *sin pan; ser longo coma a *gracia de *Dios / os días de maio / un día *sin pan; ser tan grande coma un día sen pan;*

tan longo coma a Coresma / o mes de maio (2).

LONXEVIDADE V. tamén VITALIDADE
morrer enrugado coma unha uva seca.

LÚA
coma un gadaño.

LUME
facer lume coma se estivésemos no inferno.

MADURO
maduro coma o mel.

MALA SITUACIÓN
coma o demo; (estar / ir) o mundo coma unha albóndega - almóndega; estar coma o demo; esta-lo mar coma o carallo.

MALAS ARTES
meterse coma irmán do demo.

MALA VIDA V. PROBLEMAS

MALDADE V. RUINIDADE

MALDICIÓN⁷³
¡Arrastrado te vexas coma as cóbregas!; ¡De rasto te vexas como as cobras!; ¡Corrido te vexas coma a moeda!; ¡Deus te suma coma o sal na auga fría!; ¡Que che - lle - vos aproveite coma o alcacén os cans! (2) / a ferraña ós cans!; ¡Inda el estoupe coma unha bomba de palenque!; ¡Inda estoupes coma unha boherca!; ¡Estou máis farto de ti que un gato de tripas!; ¡Que che aproveite coma a ferraña!; ¡Que rebentes coma un fogo!

MALEDUCADO
estar coma unha cabra sen solta (2).

MALESTAR V. tamén ACHACOSO, ENFERMO, SAÚDE POUCA
(andar / estar) coma o demo (5) / a mona / tres nun zapato / tres nunha

⁷³ Ver na introdución o epígrafe 14.

*bouza cun zapato / un tirizó / nunha voda *sin caldo / a puta na coresma; estar como san Alexo, debaixo da escada; (estar - ir - vir) coma un negro - coma negros.*

MALGASTAR V. NEGOCIO RUÍN
facer coma San Brun, que daba cento por un; gastar cartos coma sarabia.

MALICIOSO
ser coma Sancho Panza.

MALINTENCIONADO
intencións coma as dun can doente (2); ser de canteiro revirado, como ten o porco bravo; ter máis intenzón cá dun raposo axexando unha pita.

MALLAR V. GOLPEAR

MALTRATO
*(andar) coma a grade (2) / o cabalo do mesquiño: farto de auga, mal mantido e ben corrido; non ter máis dó de [alguén] que de carne de *perros; ter [alguén - OD] coma se fose un trasto vello; tratar [alguén - OD] coma un can (7) / un cerello / mouros / ós cans / os raposos ás pitas / se fora un can fóralle Deus a ialma⁷⁴; (ir / vir / estar) coma negros.*

MALTREITO V. GOLPEAR, FERIDA

MANGAS CURTAS V. ROUPA

MANSO V. tamén DOMINIO,
GREGARIO
como o micho de Xan Rebolo, que pra non ve-los ratos pechaba os ollos; liso coma un cordeiro; mainiño coma un añaño; maino coma unha balsa de aceite;

mansiño como faco arganeiro; manso coma un añaño (2) / un boi capado / un cordeiro; manso e humilde coma un cordeiro; sinxelo coma unha pomba (2).

MAR CALMO
esta-lo mar coma un prato (2) - plato / o sebo - un sebo (3).

MARCHAR V. tamén FUXIDA,
ANDAR

MARCHAR LENTAMENTE
irse indo como nun fol rachado.

MARCHA DEFINITIVA
ida sen volta, coma os poldros á feira / can pola porta.

MAREO
te-la cabeza coma un bombo (2) / un pote.

MARXINADO
quedar coma as toupas.

MATAR
rachar de arriba a abaixo coma a un marrao.

MEDO
coma se vira ó mesmo demo; coma se vise o lobo; coma un tolo (2); con máis medo que vergonza; estar como a ovella na boca do lobo; bailar coma o millo; ter máis medo que vergoña (2); ter medo coma o gato escaldado.

MEDRAR
bota orellas coma unha burra; crecer coma a escuma / a mala herba (2) / o ovo batido; medrado coma a mala herba; medrar coma a col na horta / o leite quente.

MEDRAR RÁPIDO
medrar coma o leite no lume (4).

MELANCOLÍA
estar coma a noite (2).

MENOSPREGO
coma a un can de palleiro; facerlle caso a [alguén] coma ó can; ser

⁷⁴ ...rifa con todos, as rapazas xa non lle fan moito creto anqu'esté solteiro y-en fin comenzano a tratare como si for'un verdadeiro can, fóralle Deus a y-alma.

coma o galo inglés, que a todas lles dá de lado.

MENTIRA V. tamén TESTEMUÑA

FALSO

*botar no río coma un goxo; caer coma mantas; contalas coma de aquí a mañá / de aquí ás casas; contalas tan grandes coma rodas de muñños; grolas coma puños; máis *embustero que Turpin; mente máis ca fala (3); mentir coma un descosido (4) / truáns / un cesto (2) / unha cesta rota / trapalleira / un ladrón / un prego roto; mentir máis ca unha peseta falsa / a Gaceta; mentira grande coma conto de neno; mentireiro coma un cesto; ser coma a gaceta (3); ser embusteiro coma a cinza; ser un fol de mentiras; ser unha mentira coma unha casa (2); ter máis conto que Calleja; ¡Pregúntalle a Mateu que minte coma eu!; ¡Se correras como mintes...!*

MERCAR

¡Amiguiños, coma sempre, pero a vaca nos trinta réas!

MÉRITO

sen máis méritos cós de san Fidel.

MIRADA

andar a mirar para os lados coma o furón.

MIRRADO

coma o escalladoiro do forno; coma un bacallau polo rabo; chupado coma un espeto; delgado coma a mirra / a palla de centeo (7) / un can (2) / un canivete (2) / un canizo (2) / un chantón (3) / un chimón (2) / un esbirro / un escano / un espárrago / un esperpento (2) / un espeto (5) / un espicho (3) / un espírito / un fideo (2) / un fío (11) / un figo / un figo paso / un guicho / un guizo (2) / un leño / un pau de

*virar as tripas / un rabo de bacallao / un vimbio (3) / un xirelo - xurelo / unha *anguila / unha bicha / unha cadela / unha cancela furada / unha estadea / unha estriga / unha frauta / unha latoira / unha liña / unha lombriga / unha uva / unha vara (2); delgada da cintura coma a palla do centeo (5) / unha dama real; delgadichiñas e murchas coma pataca de semente; delgadiña coma unha liña torcida; enxoiito como vara de caíño; esquío como unha simillanza; estar coma un can polas pernas / a leña / o bacallao - bacallau polo rabo / un arenque (2) / un bacallao / un bacallao polo rabo (2) / un can polas pernas / un cangallo / un carabullo / un fideo (3) / un figo paso (3) / un fío (2) / un fiuncho (10) / un pau de virar tripas (2) / un pito / un xunco / unha ánima (2) / unha arévena / unha argana (2) / unha estriga (2) / unha lombriga / unha uva / o pau de vira-las tripas / unha espadela / unha esparrela / unha gumia / unha lombriga / unha milriña; estar flaco coma un arancel / un espeto / unha caniza; estar fraque coma a leña / as arañas; estar gordo coma o bacallau polo rabo; estar nos ósos; estar seco coma as pallas / as varas dun caíño / unhas pallas; estar tan delgado coma o guizo; estar tan gordo coma o bacallao polo rabo; feita [muller] coma un fuso; fraco coma as táboas dunha cancela / un asobío / un vimbio / un canivete / un canizo / un coiro vello / un esbirro / un esperpento / un fío / un guicho / un leño / un rabo de bacallao / un xurelo (2) / unha cadela / unha caniza / unha estaca /*

unha estadea / un xurelo; fraco e delgado coma unha corre; gordo coma a sardiña polo rabo / o bacallau polo rabo / un torgo / un bacallau polo rabo (2); largo coma un filiseu; magro como un espicho / un guizo; máis fraco que un can de paleiro; máis mirrado có cu dun pelo; máis mirrado que un cangarexo; mirrado coma un figo (3); mirriado coma unha uva; non ter máis ca ósos - cóos ósos (3) / a armazón; poñerse esgurripado coma un biorto; quedar coma estrigas delgadas / un esbirro (2) / un esquilón (3) / un tentenoaire / unha vara / unha estriga (3) / un esquelete; seco coma unha bruxa / a mirra / a vara dun caínzo / as pallas / os ósos / un enganido – enganido / un figo / un pau (3) / un rabo de bacallao / unha acha (2) / unha facha / unha uva / unhas pallas (4) / vara de caínzo / un bacallau / vara de caínzo; ser coma un anipelo / un chincho de fume / un espeto / un fideu / un fío / un pau de virar tripas / unha carta da baralla / unha lombriga; ser delgado coma un fío / unha palla / un carabullo / un chantón / un chantón / un espárrago / un fuso / unha espadela / un espeto / un fío; ser *flaca coma unha caniza; ser fraca coma un garabullo; ser fraque coma a leña; ser gordo coma o *bacalao polo rabo; (ser / estar) coma o bacalao polo rabo / un fío; sutil coma o aire / unha troita; mirrado coma as encollas; (delgado) coma un fío (8); (subst.) coma fideos.

MISERIA V. POBREZA
MOITO V. ABUNDANCIA,
 CANTIDADE

MOL

moliño coma a nata (3).

MOLESTIA

MOLESTIA ACTIVA

dar máis que facer que un porco ceibo; dar máis traballo que facerlle un pantalón a un *pulpo; pesado como unha mosca en día de verán; ser coma a faba do pote (2); ser coma un chantón; ser / facer coma o can do hortelán.

MOLESTIA PASIVA

coma se lle sacaran as moas; nacerlle un pelo no cu coma o corno dunha vaca; sentar peor ca un tiro.

MOLLADURA

coller auga coma cestas / un cesto roto; coma a lama / pitos - un pito (3) - un pito (empapado) / unha sopa; chegar coma un pito; estar coma a lama (3) / a pistraca (2) / a troita (no río) (3) / o pingo / un pito (11) / un río (2) / un sapo (3) / unha boira / unha pistraca / unha sopa / unha troita / unha troita no río / breu / o pito - pitos - un pito / un río / un sapo; estar mollado coma a lama / un pito (2) / unha troita / un pito; ficar como unha sopa; mollado coma un cristo / un pito (28) / un zaque (2) / unha troita / unha galiña choca (2); mollados coma pitos; mollarse coma a lama / sopas / un pito (6) - unha pita / unha sopa; poñerse - porse coma o esterco / pitos / un chuzo / un lazareno / un maragoto / un pingo (2) / un piro / un pitiño - un pito (16) - un pito mollado / un sambenito / un zaque / unha boira / unha sopa; quedar coma unha sopa (2); vir coma un pito (6) / unha boira / un lazareno / un trapo / un trollo / unha pelica / unha ran.

MORDER

atanazar coma un lobo; roer igual ca un can.

MORENO

estar coma se non o lambera ben a vaca; moreno como unha mora (2) / un cacho / a terra; estar negro coma un chopo; ser branco coma o chocolate (2); ser moreno como un cacho; ser mouro coma a terra; te-la cara coma a pez.

MORENO, NEGRO

branca coma o pote; estar negro coma o cu do pote; morena coma as amoras das silveiras; moreno como a amora / a casca / a Madanela / a pementa / o pemento / un chamizo; mouro coma a terra / o cu da sartén / o paraño do forno / o pez / o pote / un chamizo (2); mourear coma un cazón; negro coma a gramalleira / a parañeira / unha amora; ser branca coma un pote; ser branco coma o pote - un pote; ser máis mouro có cu do pote; ser mouro coma o acibeche / o cu do pote (2); ser negro coma a parrumeira (2) / un pote / a ferruxe / o acibeche / o carbón / o cu do pote (2) / o pote (2) / os nosos pecados / un chamizo (2); te-los pelos tan negros coma un mexillón (2).

MORNO

coma do sol (3); leite morno coma de teta.

MORRER

MORRER CON DOR

morrer coma un can adoecido / un can da rabia (3) / un can doente; morrer inchado coma un sapo.

MORRER LENTAMENTE.

irse morrendo coma unha luz.

MORRER MOITOS

caer coma chinchas / moscas (4); morrer coma moscas (5).

MORRER SÓ

*morrer coma un can (8) / un *perro; morrer esquecidos coma cans.*

MORRIÑA

estar morriñento coma o día.

MORTE

*¡Vós que fostes coma nós e nós habemos de ser coma vós, pedide a *Dios por nós, que nós pediremos por vós!*

MORTE REPENTINA

caer coma ferido dun raio; coma se a fendera un raio.

MORTE TRANQUILA

apagarse (a vida) de [alguén] coma a luz dunha vela / un candil sen saín; caer coma as folerpas da neve cando caen ben espesas; morrer coma un paxariño (6) / un santo; quedar coma un santo / un paxariño; quedar seco coma un paxaro; quedarse coma un paxariño (7).

MORTE VIOLENTA

morrer coma un porco / un cocho.

MORTO

tan morta está coma miña avoa (3).

MOVEMENTO V. tamén ANDAR, POSICIÓN

acanearse coma unha ameixeira (2); avanzar como lume na pineiriña; dar mais voltas ca unha raposa; andar coma unha lavandeira; meneala cola coma unha galiña; virar coma as aspas do muíño.

MUDABLE

ser [algo] / [alguén] como o fan.

MULTITUDE V. ABUNDANCIA, CANTIDADE

MUNDO

estar (fir / parecer) o mundo coma unha almóndega; se-lo mundo coma un pano da man.

MURCHO, TRISTE

ser como prado sen rego (3).

MURMURACIÓN V. CRÍTICA

MÚSICA

tocar coma un xílgaro.

NADAR

NADAR BEN

mergullar como un cortizo; nadar coma un parrulo / un peixe (3) / a cortiza / o aceite na auga / un peixe.

NADAR MAL

*nadar coma o chumbo (2) / *plomo (2).*

NAMORADO V. AMOR

NÉBOA V. BRÉTEMA

NECESIDADE

*como o pan da boca; facerlle falta coma a comida; necesitar como o pan para a boca; non ser coma os santos da igrexa que viven sen comer; ser coma a auga para a terra / a *limosniña a un pobre.*

NEGACIÓN HUMORÍSTICA V.

tamén REAFIRMACIÓN

¡Aínda eu ande en dúas pernas coma as galiñas!

NEGOCIO

NEGOCIO BO V. SORTE

NEGOCIO RUÍN V. tamén CARO,

ERRAR

cambia-los ollos polo rabo coma a toupa (2); facer coma o xastre de Baññas; perder máis ca ganar; ser -saír máis caro o prebe có peixe; se-lo gasto máis có proveito; ser coma a que cambia pano fino por baeta / o boi ladrón / o negocio da ameixa / o xastre de - das Baññas (que cose de balde e pon as liñas); o xastre de Valiñas / o xastre do pío pío, que cose de balde e pon el o fío; ser máis o dano có proveito; troca-los ollos polo rabo coma a toupa; valer máis a mátula có sebo / a salsa có

peixe / onza que libra; ¡Nunca a feira veña que máis perda!

NEGRO V. tamén MOURO

*branco coma a gramalleira / o pote; branquiño coma as ás dun corvo; coma o cu da *sartén / o cu do pote / un cazón / un demo / acibeche; esta-la noite coma o mantelo da Virxe dos Dolores; estar mouro coma o pote; estar negro coma un chopo / un escarabello / un pote; máis negro ca as ás do corvo (2) / o acibeche – un acibecho / o fume / ás de corvo (2) / un corvo / un chamizo / un tizón; mouro coma un san Benito / unha doa dun rosario / cu de pote / o cu da sartén / o cu do pote (2) / o demo; negro coma a parrumeira / a auga da bogada / a borralleira / a conciencia dos criminais / a gramalleira / a noite / a parrumeira / a pez / a prégioa – pregua / a trepia (2) / as amoras / ás dun corvo / as miñas culpas (2) / boca de lobo / boca dun lobo / ébano / o acibeche (2) - acebeche – acibeche / o alcatrán / o carbón (4) / o demo (2) / o fume / o paraño da parrumeira / o peixe / os pecados (2) / os pesares que eu teño (3) / pez / potes / un caldeiro por baixo / un carbón (4) / un corvo (6) / un chamizo (16) / un escaravello / un merlo (2) / un mouro / un pote (3) / un tizón / un venteno / unha amora (2) / unha cirola / unha noite de tempestade / unha prégioa; negros coma corvos; poñerse - pórse coma un pego; preto coma o pez; ser máis negro que un cacho; vir negro coma un chamizo; (subst.) coma o mantelo da Virxen dos Dolores.*

NENO LIMPO

ser coma un corolo.

NOITE

NOITE CLARA

facer unha noite de luar coma o día.

NOITE ESCURA

(estar / ser) a noite coma o mantelo da Virxe dos Dolores (2) / a boca do lobo (3) / escura coma a boca do lobo (2) / negra coma a boca do lobo / negra coma o carbón / pecha coma a boca do lobo; pechase a noite coma se se pechasen todas as portas do mundo.

NOITÉBREGO

NOTORIO

V. tamén

COÑECEMENTO, SONA

andar coma a gaita na festa (2) / que anda na festa; coñecido coma a ruda; corre-las noticias coma a pólvora / o lume nun regueiro de pólvora; máis coñecido cá ruda (2); máis vello ca a Catedral de Compostela / andar a gatas / andar a pé / Carracuca / Matusalén / o aceite con vinagre; ser coma a gaita na romaría.

NOVO

estar coma un abril.

NOXO

máis noxento que unha carracha.

NUDEZ

estar como súa nai o pariu; (andar / estar / ir) en coiro coma unha ánima do purgatorio; espido coma noso pai Adán; coma unha vaca; os bois no monte (2); tan encoiro como a súa nai o pariu.

NUGALLA

V. PREGUIZA

OBEDIENCIA

V. tamén GREGARIO

andar atrás de [alguén] coma o rabo do can (2); andar polo pau coma o cego (2) / os cegos (2); cariñento coma un can; non ver máis que polos ollos doutro (2); ser coma un santiño.

OBRIGA

coma o can na cadea.

OCIOSO

estar coma a puta na Coresma (2) – Coaresma / estar coma as putas na Coresma.

OCULTO

estar como carracho - carrapato na la.

ODIO

V. tamén

REXEITAMENTO

arrenegar renegar de [algo] coma do demo; non poder ver [alguén - OD] máis que pan en sangue; terlle tanto amor a [alguén] como a cabra ó coitelo (2); terlle unha rabia a [alguén] coma ó lume.

OFERTA EXCESIVA

*andar apurado coma un gato con sete liviáns - *livianos (2).*

OÍDO

V. tamén ZUMBAR

oír coma os cochos; oír mellor que unha porca parida; ouvir máis ca un can fanado / un tísico.

OLLOS

V. tamén MIRADA,

VISTA, INVIDENTE

con máis ollos que caldo de venres; ollos coma unha nécora; (te-los ollos) secos coma arestas / á par coma os lobos.

OLLOS AZUIS

ollos azues coma os ollos dun anxo (2).

OLLOS GRANDES

(te-los) ollos coma lúas cheas / puños / un boi.

OLLOS INCHADOS

(te-los) ollos coma ovos / pans / patacas / tomates.

OLLOS NEGROS

ollos mouros e cativos coma os dunha donosiña; ollos negros coma a noite escura / a seda de coser / dúas uvas tintas da Arnela / acibeche.

OLLOS VIVOS

(te-los) ollos coma dous luceiros / soles / unha laverca (3) / unha mora.

OMNIPRESENCIA V. tamén

ESTORBO
ser como san Antón, que está en toda parte.

OPORTUNO
acoller como auga de maio; caer coma a sopa no mel (5) / a sopa no leite / auga de maio / caído do ceo / pera madura (na boca dun larpeiro) / trompo na uña; chegar [algo] no seu tempo coma o zapato de san Nicolau; vir mellor que forca en pescozo de curial; vir coma auga de maio / a auga en maio (2) / anel ó dedo (2) / embude á boca do xarro / pintado / chovido do ceo (2); caer coma chovido do ceo.

ÓPTIMO V. INSUPERABLE

OPULENCIA V. RIQUEZA

ORDE V. CORRECTO

ORDINARIO
un día coma tantos (2).

ORELLAS
(te-la) orella coma a mula; (te-las) orellas coma un burro (4) / grandes coma un burro; ter unhas orellas coma unha burra.

ORGULLO
andar máis teso que un morgado; ir coma un ourizo; máis finchado que un morgado; non ter máis que fumes; ser coma o galo de Morón / no poleiro; verse coma un piollo en camisa lavada.

ÓSO
ter máis óso que a cachucha do porco.

OUVEO
ouvear coma un can (2) / doente; ouvear coma os cans.

PACIENCIA

ter paciencia coma Xan do Outeiro (que estivo tres días solteiro) / (que estivo tres días viúvo e durmiu dúas noites coa criada) (2); *ter unha paciencia coma a dun santo; con máis paciencia que un pescador de cana; estar á porta de [alguén] coma cantariño de auga; ser coma o boi de Belén (2) / quen non o - a ten / un boi de Belén (2) / un boi de palla / un sapo; ter máis paciencia que un santo; ter [alguén - OD] á porta coma un feixe de leña.*

PAGAR
aquí coma en Ribadeo: cada un paga o seo.

PALIDEZ
esbrancuxada coma cera; estar coma a alba (2); macio coma a cera; máis amarelo cá cera; máis branco cá cera; pálido coma a cera (6) / un defunto (4) - difunto; poñer-lo sangue frío coma unha pedra; poñerse máis branco cá cera; poñerse macio coma a cera; poñerse marelo coma a cera; quedar coma a cera (3); ser coma a alba; volverse coma a cera.

PAN
pan de relón – rolón coma trigo.

PARADO
ser coma un pollo na cinza.

PARASITO V. tamén

APROVEITADO
apegarse a [algo] / [alguén] coma as lapas; correr libre; coma o porquiño de san Antón; pegarse coma unha mosca.

PARAUGAS
(leva-lo paraugas ó pescozo) coma un tratante.

PARELLA
andar ós pares coma os frades (2); tantos coma ollos.

PARVO V. tamén **DISPARATE**

*(ser) agudo coma o pé dun muiño (6) / bico do mallo; é coma o que asou a *manteca no espeto e pon o pan por riba; estúpido coma un carneiro (2) / unha besta (2); listo coma as cudelas / un paxaro - unha ave que lle chaman o sapo (2); máis burro que un arado; máis parvo que cagar de pé; ser coma unha zoca (2); ser como Xan Niguén que tras de *nadia vai el; ser listo coma a ave que lle chaman sapo / o burro de Evaristo / o pé dun muiño (2); ser máis tonto que feito de encargue; ser ocorrente coma o que derreteu a manteiga na petrina.*

PASADO

como o de marras; estar tan morto coma a miña avoa; ser coma auga pasada.

PASCUA

alegre coma unha pascua – alegres coma pascuas.

PASMO V. tamén ABRAIO,

APAMPADO, APARVADO, SORPRESA
andar aboiado coma un papaleisón; andar coa boca aberta coma o sapo (2); andar sempre nela, coma Xulián na burra; apampar coma vaca do Treixo; estar coma un pau de caldeiro; facer coma a da grade; mirar coma un papón; ollar coma os bois para o pazo; papa-la mosca coma pasmóns; quedar coma un páparo - unha pápara / un pasmón / unha pedra / unha vaca mirando para o tren.

PECULIAR

¡Non, caso coma el (nunca o vin)!

PECHADO

coma a ameixa, que só abre cando a queiman; pechado como un peto; ter [alguén –OD] coma un paxaro

na gaiola; pecharse como o caracol (2).

PEDIR

andar coma o can dos ovos; pedir máis ca unha monxa / o cura (2); ser coma o pobre da piña; ser pedichón coma un cura / un frade.

PEDIR COMIDA

andar coma o porquiño de Santo Antonio (3).

PEDIR CON ANSIA

botarse a [algo] como o galo ó millo (2).

PEGAÑENTO V. tamén ENGARRAR
pegañoso coma visgo; pegar coma o almidón (2) / brea – breu.

PEITO DE MULLER

lisa coma unha táboa (2).

PELAR

estonarse como unha cobra; pelar coma un polo / un cazón.

PEQUENO

V. tamén

RAQUITISMO

baixo coma un pote / un novelo (2) / un repolo (2); máis pequeno có ovo dun carrizo; non avultar máis ca un furco (2); ser alto coma un ovo (4) / unha pulga / unha zoca; máis ben baixo que alto; ser coma cachopas de carballo / un cotrolo; (ser) pequeno coma a mazá / un rato (8) - ratos (3) / a pulga (2) / areñas de sal / o rabo dunha noz / rato (2) / un acheite / un anzón (3) / un boneco (home) / un botón / un cágado / un gran de cebada / un tamboril / unha abella / unha mincha / unha pulga (2) / unha zoca (2) / un axóuxere / unha apóutiga; ser cativo coma un sapo; ser coma un aruxo / un bígaro / un chúcaro / un felpudo (4) / un furco (2) / un peizoco / un rañote (4) / un zoncho / unha mincha / un saramago arrente o chan; ser

grande coma o cereixal dos amorodos; ser tan grande coma un carrizo; ser un ixame coma un puño.

PERA

coma as peras de don Guindo, que cómense indo.

PERCEPCIÓN (sensorial): ACEDO, ACEITE (GUSTARLLE O), AMARGOR, ACEDO, APARENCIA, APROXIMACIÓN, ARRECENDO, CHEIRAR MAL, DIFERENZA, DOCE, EQUIVALENCIA, FEDOR, IGUALDADE, IMPROPIO, INCOMUNICACIÓN, INSÍPIDO, NOTORIO, OÍDO, PREFERIBLE, RECENDO, REMEDIO PEOR, SABOR, SALGADO, SEMELLANZA, SONA, VISTA, XORDEIRA.

PERDER V. NEGOCIO RUÍN

PERDER TEMPO V. INUTILIDADE

PERFECTO V. INCOMPARABLE

PERIGO GRAVE V. DIFICULTADE GRAVE

PERIGOSO

coma o can preso á cadea; ser [algo] coma mexar cara ó aire; coma a cabra por su a viña (onde vai a nai vai a filla / por donde vai a nai vai a filla / tanto ten a nai como a filla / vai a nai e mais a filla); facér máis dano cá couza / a saravia; falso coma unha casa vella; ferir máis có coitelo afiado; ser coma unha brasa; andar coma a galiña a pisar ovos⁷⁵.

PERMANENCIA V. CONTINUIDADE

PERNAS V. tamén PÉS, CORPO

pernas coma zoscadoiros; te-las pernas coma as cambas dun carro / as navallas (2) / tortas coma un cancel; ser coma un calamón.

PERSEGUIR V. ACOSO

PERSISTENTE V. CONTINUIDADE, TEIMOSÍA

PERSONALIDADE (POUCA) V. GREGARIO, INFLUENCIABLE

PERVERSO V. CRÍTICA MORDAZ

PÉS V. tamén PERNAS, CORPO
ter pés coma lanchas.

PESCAR

cargar coma de olga⁷⁶.

PÉSIMO V. RUINDADE

PESO

*ser coma aceite pesado; (ser) (pesado) coma chumbo - o chumbo (3)- un chumbo (3) / un demo / o pé dun muíño - o pé do muíño - un pé de muíño (3) / *plomo - o *plomo / un mollo / un paxaro chamado boi / unha pedra; pesar coma catro amas ben mantidas / un trollo / un xudío / unha fanega de pan / o demo; pesar máis có pan do almorzo.*

PESO ESCASO

leve coma a cortiza (2) / o voar das anduriñas / unha palla (2); pesar coma unha palla.

PICADURA

morder coma unha loba; picar coma agullas / as néspras / o pancho / un toxo / unha loba; ser afiado coma os dentes do demo; estar picado coma un cribo.

PICARDÍA V. tamén LISTO, INTELIXENCIA

⁷⁵ Algúns interpretan esta locución como “andar con lentitude” pero a realidade é que as galiñas pisan, manchan e moitas veces escachan os seus propios ovos.

⁷⁶ Significa “pescar moito”.

astuto coma a raposa (2) / un raposo - o raposo; con máis tretas que un escribán vello; fino coma la de gato (3) - a la do gato (4) / un coral / unha raposa / coma a pel do pexego / un allo (5) / un rato; listo coma un avoís⁷⁷ / un donicela [sic]; retrucar coma unha garela; saber máis doutrina có abade; ser coma a leña / o golpe / o raposo (2) / o rato: non lle escapa buratiño / os peixes de color (2) / un Barrabancas / un grilo / un raposo / unha centella; ser pillo coma as cobras / raposo / unha *ardilla; ser vivo coma un allo / un lirón; ser (coma) casa-la filla con dous xenros; ter máis cravos que unha porta vella.

PLACIDEZ

quedar coma unha pera / nadando coma a escuma na ola.

PLANO

coma a palma da man; lisiño e chan coma a palma da man; máis patelo que plastemada de vaca.

POBREZA

V. tamén

EMPOBRECESE, RECURSOS

a rastas coma as cobras; andar coma a puta na coaresma - coesma (2) / as ánimas (2) / un pobre / as arañas (pra mante-los fillos); estar coma as arañas; estar coma se non comera sal nin graxa / as arañas / unha galiña sen plumas; estar pobre coma a araña - as arañas (2) / un cabazo; estar tan rico coma as arañas no inverno; ir como nunha voda sen caldo; non levar máis cartos que o real da vergoña; non

ter máis ca a capa do lombo (5) / dúas mudas: unha posta e outra na pedra / a idea / a noite e o día / o día e a noite (2) / os ósos / o día e a morte / o seu corpiño / o corpo; (ser) pobre coma as ánimas (3) - as ánimas (do purgatorio) / as arañas (12) / coma as pegas da serra / as ratas (3) / os das portas (2); sen pan como mesa de galegos; ser coma o ferreiro da maldición: cando ten ferro non ten carbón (2) / nin ten ferro nin ten carbón / cando non tiña ferro, tiña carbón; ser máis pobre ca as arañas / o non ter; vivir arrastrado como as cobras; vivir coma un can (3) / un can de palleiro; ¡Se houbese que limpar como hai vento!

POSIBILIDADE

non haber máis que un camiño.

POSICIÓN

(espacial): Ver tamén

APOLTRONADO, BEIRA DO LUME, POSICIÓN, PROXIMIDADE, SENTADO, TESO.

estar nun pé coma a grou⁷⁸ - as grous; nadar como o aceite na auga.

POSICIÓN AGACHADA

andar a catro pés coma os gatos; engruñarse coma unha araña ferida; estar como san Alexo, debaixo da escada.

POSICIÓN ARRASTRADA

a rastro coma as cóbregas / unha *culebra.

POSICIÓN ERGUEITA

andar dereito coma un fuso (2) / unha aguillada (2) / unha vara / unha vela (2); andar teso coma un fuso (4) / un pau; ergueito coma un bido

⁷⁷ Antonio de la Iglesia escribe un'avoís e probablemente debera escribirse unha boís.

⁷⁸ Llópiz recóllelo con xénero feminino.

/ un fuso de lagar; ir teso coma un *sanajillo (2); ser erguido coma un biorto; ergueito coma un velamio.

POSICIÓN INCLINADA

torcerse coma un cancel.

POUCO

algo máis ca nada (2); facen menos vulto cás barbas dunha formiga; pouquiño a pouquiño como pan bendito; tanto coma a *lengua dun gato.

PRACTICAMENTE

coma quen se di.

PRECAUCIÓN V. tamén TINO

andar con [alguén] [algo] coma cos ovos (na peneira) / (traer) [alguén-OD] coma os ovos na peneira (2).

PRECEPTO PASCUAL

ficar como as meses de san Adrián.

PRECIPITACIÓN

bota-lo carro antes cós bois; furar coma unha punta de ferro; poñe-lo carro antes cós bois; poñe-los bois antes có carro (3); (ser) coma quen fai o aro e non ten o cesto.

PREFERIBLE

valer máis pedilo que roubalo.

PREGUIZA

andar á présa coma o pouso do muíño; arder coma a leña; como un gato; correr coma o sapo pola cinza; é tan preguizoso coma o pé dun muíño; estar coma gato borrallento / michiño esborrallado; estar man sobre man coma a muller do escribán (4); facen pola vida como a besta pola albarda; folgazán coma a chaqueta dun garda; fuxir do traballo coma do lume (2) / o demo da auga bendita; larchán coma a leña; levar unha vida coma un can de palleiro; máis folgazán cás moas de riba; máis vago ca a camisa / a chaqueta dun guardia (Civil) / a chaqueta dun

lagoeiro; oubear coma as ovellas⁷⁹; preguiceiro coma un gato; sentado coma un morcón; ser coma a chaqueta dun Guardia Civil / a leña (2) / a leña verde e non se mover / o boiño de Outes, que folgando escornouse (2) / o lume (2) / o outeiro de Corno / os bois de Búa, que, cando ollan para o carro cargado, xa súan / unha marmota / unha trécola / unha vaca (2) / unha vaca cansada / o can, que onde lle fan a cama aí se deita; ser folgazán coma a chaqueta dun guardia; ser nugallán - nugallau coma o cuco / unha vaca / a leña; ser tan preguiceiro coma o pé dun muíño; ser tan presoso coma o pé dun muíño; traballador coma un can de palleiro; vivir coma os galos.

PRENDER UNHA PLANTA EN [algo]

prender coma o salgueiro no río (2) - os salgueiros no río / as salgueiras no prado.

PREÑEZ

barriga coma un fol.

PREOCUPACIÓN V. tamén ANGURIA

andar coma un amargurado; estar coma a galiña no espeto / sardiña na tixela; ter un pesar coma un puño.

PRÉSA V. tamén RAPIDEZ

á présa coma un gato; andar ás présas coma tolos; como enterro de pobre (2) - o enterro do pobre; avantar como lume na pineiriña;

⁷⁹ Aínda que o significado máis común de *oubear* é “berrar certos animais, coma cans e lobos”, Rivas Quintas recolle en Dragonte do Bierzo *oubear* co significado de “andar dun lado para outro sen facer nada”. Esta locución está recollida en Maceda; *outobear* ten este segundo significado en Sobrado, segundo me informa López Taboada.

feito coma caldo de ladros; ir ás vinte; lixeiro como enterro de pobre.

PRESTAR V. SABOR

PRESUMIR V. FACHENDA,
CRÍTICA DA PRESUNCIÓN

PREJUDICAR

foder [alguén- OD] máis ca un varrón á súa cocha.

PREZO V. CARO, NEGOCIO

RUÍN

PRISIÓN

estar coma unha trébede / polo en pilón / rato na rateira.

PROBLEMAS V. tamén

INCOMODIDADE

coma un can; levar unha vida coma un can (3); pasar unha vida coma un can de palleiro; se-la vida de [alguén] coma a dun can; ser como un corpo sen alma.

PROBLEMÁTICO V. tamén

INDOCILIDADE, TORTO

ser retorto coma un fouciño.

PROGRESO

crecer coma a espuma (2) / o ovo batido; medrar coma espuma na auga / a espuma - a espuma / o leite no lume (2) / coma o leite quente; rubir coma a espuma no pucheiro; subir como a masa na artesa.

PROÍDO

cozar como unha frieira; morder como unha frieira; picar coma a sarna (2).

PROMESA FALSA

facer coma a bubela / os de Labrada: canto din hoxe, mañá non é nada / o ano bisesto, que promete e non dá / o pexegueiro: moita flor e pouco proveito.

PROSPERAR V. PROGRESO

PROSTITUCIÓN V. SEXO

PROTECCIÓN

abrigar como unha nai ó seu fillo; coma a cabra que pariu para o lobo; ser coma unha galiña: querer ter a todos debaixo da ala; ¡Librenos Deus de [algo] / [alguén] coma do demo! (2).

PROXIMIDADE

estar coma os santos ós brandóns.

PÚBLICO

coma unha agra aberta.

PULGA V. GRANDE

PUNTUALIDADE

coma o reló da Peregrina; coma un reloxo.

PUREZA

puro como unha aurora.

QUEIMAR V. tamén ABURADO,
CALOR, QUENTAR

máis queimado que un cabo de realistas; queimar coma a ascua / a auga da cebola / fogo / o lume / o sol / unha ascua / unha brasa / chumbo derretido / o demo; queimar máis có bugallón.

QUEIXA

laiar como un can lunático; máis queixumeiro que unha galiña choca (2); non lle fallar a [alguén] máis ca sarna para rascar; queixarse máis que unha viúva chorona.

QUENTAR V. tamén CALOR,

QUEIMAR

quenta-lo sol coma un borrallo; quentar coma o lume / un borrallo; estar como unha ra; estar quente coma a augardente / borrallo - o borrallo / un forno / un roxón (7) - rixón (4) / unha burra / un forno; estar quentiño coma un roxón; (estar / durmir) quente coma un remol; quente coma a lareira ás horas de lume / a rabia do Carballiño / o lume (7) / un forno (9) / un remol / un rixón - roxón; quentes coma roxós; quentiños

coma rixóns en caldeira; ser coma unha galiña; tar (as augas) coma o caldo.

QUIETUDE

coma se se volvese de pedra; (estar / quedar) coma un feixe de leña (3) / a pedra no pozo / unha pedra nun pozo (3); ficar coma unha pedra; ficar morto coma un paxaro; non rebulir máis que a mazá do escaravello; quedar coma unha estatua / unha estea / a pedra nun pozo (2); quedar cravado coma un pao; quedar prantado coma se lle cravasen as patas; quedar(se) coma morto / un morto; ser como *Dios da Arousa.

RABIA

coma un can adoecido / doente; morrer coma un can adoecido (morrer); doentes coma os cans; rabiosos coma serpentes; rabioso coma un can (2); adoeecer como os cans da rabia.

RABIAR

coma se lle quitara o pelexo.

RABUÑADURA DE GATO

agadañar coma o micho; rabuñar coma o gato.

RANCIO

ser máis rancio que un unto de tres anos.

RAPIDEZ V. tamén PRÉSA

acudir voando coma se tivesen ás; (andar / correr / ir / erguerse / ser / vir) coma chispas / gato polas brasas (2) / nunha exhalación / o lóstrego / se lle puñeran a un un foguete no rabo / un curisco / un fogo (2) / un foguete (8) / un lóstrego (14) / un lóstrego *sin chispa / un raio (7) / un tolo / unha bala (10) / unha centella (4) / unha chispa (2) / unha exhalación (3) – unha asalación (2) / unha frecha

(3) / unha mecha; andar listo coma un raio; avanzar como lume na pineiriña; comezado e acabado como camisa de enforcado; igual que un tiro; irse coma o peido do cu / o río / o vento / un lóstrego / un foguete; lixeiro coma unha cesta rota / unha mala idea; máis lixeiro có vento (3); máis que de paso; pasar coma can por viña vendimada / o cabalo / o can / o lóstrego / unha centella / alma que leva o demo / can por bacelar vindimado / o can por viña vendimada (3) / gato sobre brasas / un gato por brasas; rápido coma un chicotazo / un raio (6) / un ai; ser coma unha bala; ser pronto coma unha centella – ser prontos coma centellas.

RAQUITISMO V. tamén PEQUENO
estar mesmo como un respicio.

RARO (NON ESPESO)

(ser) raro coma mexo de rato / o caldo de castañas.

RARO (INUSUAL, EXCÉNTRICO)

(ser) raro coma os bispos (3) / os Padres Santos; ser coma auga arriba.

RAZOABLE

coma a xente; ter tanta razón coma un templo.

REAFIRMACIÓN V. tamén

NEGACIÓN HUMORÍSTICA,

XURAMENTO

¡Que inda eu adoeza coma os cans da rabia se non é certo o que digo!;
¡Se non [or.], que me vexa coma el - ela!⁸⁰

⁸⁰ -Pra romatar; douche medio peso máis pol-a toura, e conta que é medio peso que perdo. - ¡Qu'has perder, ho; qu'has perder! ... -Si o

REAPARECER

volver a aparecer coma os sapos cando cae orballo polo verán.

REBELARSE

bater co pé no chau coma un carneiro colludo⁸¹; voltar coma unha gata contra de [alguén].

REBENTAR V. ESTOUPAR

estoupar coma unha castaña (3); estoupar - estourar coma unha landra; estralar coma unha castaña (2); rebentar coma un fogo / unha bomba / castañas no medio da cinsa quente.

REBULIR

rebulir coma unha madeixa.

RECENDO

ulir coma almizcre.

RECHUMIDO V. ENGURRADO,

FRAQUEZA, MIRRADO, LONXEVIDADE

RECIPROCIDADE V. tamén TALIÓN

mau por mau com'o pardau; man por man como pailán / o pardal (2); man a man como o pardán.

RECUAR V. ANDAR

RECURSOS

arregalado coma micho da tripalleira; como o ferreiro da maldición -maldizón, que, cando ten ferro, non ten carbón; non haber máis cera cá que arde; non levar máis cartos que o real da vergoña; ser máis as fouces que os cambotes.

REDONDO

coma o ovo redondiño, que non ten fondo nin buraquíño; redondo coma un chatón / unha noz / o pé

do mular (2) / o pé dun borriquiño / un chourizo / un pandeiro / un prato / un queixo / unha bola / unha bóla / unha cazola / unha moa / unha moa do muíño / unha noz; redondiño como moa de muíño; redondiño como unha moa; redondo coma unha lousa (2)⁸²; redondo coma unha mesa; redondo redondín coma o pé de san Agustín; redondo redondiño coma a pedra do muíño; remoín; remoín coma o pé do muíño⁸³.

REFLEXIÓN

¡Hai que sacar da cabeza algo máis ca piollos!

REGAÑAR V. tamén DENTES,

RISA INMOTIVADA

arregaña-los dentes coma un can de palleiro; arrisca-los dentes coma os burros.

REINCIDENCIA

volver ó pasado como o can ó trousado; estar nela coma os de Seoane na danza; volver a ela coma os de Seoane á danza.

RELACIÓNS HUMANAS Ver

AMIGARSE, AMIZADE, CONCORDIA, COÑECEMENTO, CONXENIAR, CORDIALIDADE, DESACORDO, DESCOÑECER, DISCORDIA, FRATERNIDADE, INTRATABLE, RECIPROCIDADE, RECONCILIACIÓN, TRATAMENTO.

non perdo, que me vexa com'ela. Pois, non vai. -Alá ti [...].

⁸¹ Señor Abilio d'Alén /o 'stanqueiro de tabaco /un istanqueiro seguro /ile bate co pé no chau /com'on carneiro colludo.

⁸² É fragmento dunha adiviña da lúa. Supoño que esta locución e maila seguinte teñen sentido recto e non irónico, porque antes a lousa exfoliábase a pico e adoitaba carecer de ángulos, non coma agora que se serra formando poliedros. Tamén hai mesas redondas.

⁸³ A nosa fonte di así pero é probable que na orixe a rima fose redondín / moín ou redondiño / moíño.

RELATAR

¡Eu véndo(che) como comprei!

REMEDIO V. tamén COMPOSTO,

SERVIZAL

¡Deus dea máis putas que unha!

REMEDIO INSTANTÁNEO

ser como auga que apagou o lume
(2).

REMEDIO PEOR

ser peor o remedio cá enfermidade
(2).

RENARTE V. PICARDÍA

RENDEMENTO V. NEGOCIO

RENEGAR V. tamén

REXEITAMENTO

REPARTO

repartir [algo] como pan bendito.

REPENTINO

*aprovecer como o leite fervendo; caer
coma un xarro de auga; coma un
lóstrego; como caído das nubes;
como chovido; chegar coma a auga
do trono (4) / un lóstrego.*

REPRENSIÓN V. tamén CRÍTICA

*poñer [alguén - OD] coma un
farrapo.*

RESISTENCIA V. tamén VITALIDADE

*cargar coma un mulo; máis duro que
a Pena de Corbal.*

RESPIRACIÓN

*alacadar coma un can; alentar coma
un sapo.*

RETRANCA

*con máis voltas que un raposo (2); ter
máis conchas - cunchas que un
galápago / un sapoconcho / pelos
na cabeza; ter máis entrefollos que
unha vaca (2); ter máis rabos que
un polbo (2); ter máis voltas que
unha corredoira de Reboredo; ter
un máis retranscas que pelos na
cabeza; ter un máis trampas que
pelos na cabeza; ter unha saia
coma a de Carolina.*

RETUMBAR

retumbar coma un trono.

REVOLTO V. DESLEIXO

REXEITAMENTO

*estar tan libre de [algo] coma o ceo
dos lobos; arrenegar [alguén - OD]
coma o demo - diaño; arrenegar
coma do demo; renegar de [algo] /
[alguén] coma do demo (6) / diaño.*

REXISTRAR

*rexistra-los homes coma as vacas na
feira.*

REXO V. FORTALEZA

RIDÍCULO V. FRACASO

RIFAR V. DISCORDIA

RIQUEZA V. tamén

ENRIQUECERSE

*(estar) coma reis / un cocho / o ovo;
máis rico que as casas da Coruña;
relucir coma a prata; rico coma un
cocho / un porco (9); ser coma
Rochil; ter cartos coma a area /
herba; cortar tanto touciño coma
pan.*

RISA

*(botarse a) rir coma un tolo (3) –
tolo - tolos / tolitates / un
badulaque / un descosido / un louco
/ un parvo / un perdido (2) - unha
perdida; rir coma os coellos,
arregañando o beizo; rir como
choran en Francia; rirse coma un
tolo (2); rirse como unha perdida;
sorrir coma papóns.*

RISA INMOTIVADA V. TAMÉN

REGAÑAR

rinchar coma unha besta (2).

RISCO V. PERIGO GRAVE

ROBUSTEZ V. FORTALEZA

RODEAR

*andar coma o caracol; andar
darredor coma o can do señor.*

ROLAR

andar ó roliño como os ourizos.

RONCAR

roncar coma carracas / porquiños / un bendito / un cebón / un cocho / un crego en día de festa / un porco / un sanmartiño (5); roncar máis ca un bombardino; ronquexar coma un porco; roucar como un crego en día de festa.

ROSMAR

rosmar coma abesouros / unha vella; ser coma a trilla brava (2).

ROUBAR

roubar coma un gato; ladrón coma fentos / un escribán / un gato; ladroa coma as cabras; ser coma garduña; ser peor ca unha silva.

ROUCO

te-la voz coma a toda do muíño (2).

ROUPA V. tamén VESTIR,

DESLEIXO

chaqueta coma a dun toureiro; quedarlle (unha peza de roupa) como para amasar (2)⁸⁴; levalo todo ó lombo coma o caracol; enloitada coma os corvos do monte.

ROXO – ROXA V. tamén RUBIO,

VERMELLO

colorado coma o trigo (5); loira e xeitosa coma unha laverca; loiro coma os raios do sol / un suevo; roibo coma o mel / o sol / un ouro; roxo coma as tabardillas / o coral / un ouro (2) / ouro vello / un becerro; rubio coma as espigas do trigo / o ouro.

RUAR

andar de rúa coma un perdulario.

RUBIO V. tamén COLORADO

colorado coma a guinda; encarnado coma a cereixa / coral / un pemento co(l)orado / unha cereixa / unha guinda / a gra / os pementos / un

tomate (3); estar coma un pemento de coraxe; máis encendido que unha pementa; roxo coma un caravel / unha cereixa / a papoula marzal; rubio coma unha brasa (5) - as brasas / as brasas do lume / o pemento / o sangue / un tomate; rubios coma tomates / unha laverca (2) ser encarnadiña coma as cereixas; ser rubio coma unha rosa; te-la pel coma un camarón (2); vermello coma o coral / unha cereixa / o sangue / un tomate.

RUBIR

agatuñar coma un gato; subir coma gatos de pena en pena; subir coma un gato (2).

RUBOR V. tamén COLORADO,

VERGOÑA

aceso coma a grana / o lume (2); cambiar de color coma un polbo; poñerse colorado coma un tomate / unha guinda; poñerse coma un pemento / un tomate; poñerse encarnado coma un escacho (4) / un tomate / unha cereixa (2); poñerse roxo coma un tomate; poñerse vermello coma as cereixas; poñérselle a [alguén] a cara coma un tomate; porse coma a grana / as brasas; porse máis vermello que a doa das *silbardas; rubio como un tomate; vermellearlle a cara a [alguén] coma as cereixas.

RUGOSO

liso coma a casca do sobreiro.

RUÍDO V. tamén BARULLO,

SON, BALEIRO, RETUMBAR
facer unha feira coma na feira das marañas.

RUÍNA V. FRACASO

RUINDADE V. tamén

MALINTENCIONADO, VIL

bo coma o ano que non hai que mallar (2) / *sin pan; cativo -

⁸⁴ “te-las mangas curtas”.

cativeiro como un Xuncras; *(ser) coma a carne do pescozo / a esternina (2) / a leña da figueira: recia de fume, fraca de madeira / a pel do pescozo / a pezoña / a tiña / o ano que non hai que mallar (2) / o can da rabia / o demo – un demo / o propio demo / o trigo que non hai que mallar / o xoio / o *veneno / quina / un demo / unha hiena / unha víbora / un gato con borralla; (haber) de todo, coma na botica; máis malo ca a peste (2) / a quina en rama / a ruda / a tiña / as pallas / o demo; máis malo que Caín (3) / un trasno / unha centella; máis ruín ca a grama / a peste; *(ser) malo (mao-ma) coma a carne do pescozo (6) / a esternina (2) / a fame (2) / a la de can / a la dos cágados / a pel do demo (3) / a peste (5) – a mesma peste / a quina (3) / a raña / a sarna (5) / a séneca - a sénica (2) / as castañas podres / as cobras (2) / as pulgas / Barrabás (2) / esternina / o demo (17) / o demo do inferno / o demo negro / o fel / o pan da ración / o patanexo / os piollos (2) / un can doente / un demoño / un raio / unha dor / unha dor de dentes (2) / unha víbora / Xudas (2); peor ca árnica; retira-las mañas como baraza de buxaina; retorto como as vergas do canizo; *(ser) ruín coma a fame (13) / a nacida / a peste / as portas do inferno / Caín / la de gato (4) / o demo do inferno / os piollos (2) / o trigo que non hai que mallar / o xoio / unha centella; ser do peor que hai; ser igual ca un can doente; ser máis atravesado que un xoves; ser máis mala que Ánxela; ser máis malo cá quina; ser máis ruín cá carne de pescozo; ser peor***

ca a sarna / un can da rabia / unha burra presa a un chiqueiro / o demo / unha dor de barriga; ser tan bo o fol coma as amarrallas / o pai coma o fillo coma o Espirito Santo / Xan coma Perillán (3) / o demo coma súa nai (2) / Pedro como Xan / un(s) coma o(s) outro(s) / coma la do gato; ser torto coma un fouciño (4); ser unha cadela coma un can (6); ter máis maldade que sete raposas.

RUINOSO V. CUSTO, RUÍNA

RUMBO (SEN)

facer coma barco sen remo.

RUMOR V. tamén NOTORIO

andar (todo / o lerio) corrido coma a auga da fonte / a gaita na festa (4); i-la palabra de boca en boca coma o vento de folla en folla.

RUTINA

coma o ferreiro de moito estroncio, que de tal machacar esqueceu o oficio.

SABIDO V. NOTORIO

SABIO

*máis sabio que Merlín; falar coma un libro; saber máis que lle ensinaron; saber [algo] coma o *padrenuestro / a avemaría / pan comido; saber máis ca *Dios (2) / o demo (6) / o que lle ensinaron / o que un lle ensinou; saber máis doutrina có abade; saber tanto coma un vello.*

SABOR V. tamén AMARGO, DOCE

SABOR AGRADABLE

saber coma carneiro (7) / o caramelo / o mel (6) / as noces; saborosa coma unha vieira (2); ser coma resolio; ser saboroso coma repinaldos; prestar coma a muruxa.

SABOR DESAGRABLE

*saber coma uva de can / a lingua dun gato*⁸⁵.

SACIADO V. CHEO, SATISFEITO

SAL

¡Deus te suma coma o sal na auga fría!

SALGADO

salado coma a rapina; (ser / estar) salgado coma a pilla (5) - unha pilla / a rapiña / pilas de sal / unha ripa / un arenque (3); ser / estar salado coma un arenque.

SALTAR V. BRINCAR

SALVARSE V. tamén

AMBIENTADO, BENESTAR, COMODIDADE, FELICIDADE

(estar - ir) coma o rei nunha cesta (4) / un rei nunha cesta (11) / o rei nunha cesta e a cesta polo río abaixo (1); quedar como un rei nunha cesta; vivir coma o rei nunha cesta.

SALVAXE

ser coma un zouril.

SANGRAR

bota-lo sangue coma o cano dunha fonte; sangrar coma un carneiro (7) - carneiros (2) / un carneiro degolado / un cabrito / un cocho / un porco (5).

SATISFEITO

coma un abril; quedar coma un cuco / un cura / un Pepe (4) / un reloxo (a andar) / un abade (2) / un rulo (2).

SAÚDE

SAÚDE BOA

(estar) coma unha rosa - as rosas (5) / un carballo / un reloxo (3) / un

*tren (2) / un buxo (3) / un coto; andar coma un reloxo; curado coma un buxo; escorreito coma un buxo (2); estar fresco coma unha flor; estar vivo e san coma un buxo; neno coma un chopo; quedar coma un reloxo (a andar) / un *cañón; san coma o buxo (15) - un buxo (2) / un breu / un virote / unha mazá; ser coma un buxo (2); ser forte coma un *roble; ser un mozo coma un carballo; te-la saúde coma un burro.*

SAÚDE CATIVA V. ACHACOSO,

ENFERMO, MALESTAR

delicado coma o pirixel; estar coma Xudas.

SECO (“seco” ou “delgado”)

seco coma as pallas (4) / os ósos / un bacallao - bacallau / un cadaveiro / un coiro / un enganido / un espeto / un figo (3) / un pau / as vergas do canizo.

SEDE

(ter / traer) a boca seca (3).

SEDUCIÓN V. tamén ENGANO

enganador coma o pecado (4) / o mesmo pecado.

SEGREDO V. tamén

INDISCRECIÓN

ir gardado coma a roupa nova na arca.

SEGUIR V. GREGARIO

SEGURIDADE V. tamén DOMINIO

estar como na man; poder durmir fóra coma o banco do ferrador; seguro coma un pote / un tiro; ter [alguén - OD] / [algo] coma na man.

SELECCIÓN

(elixir / escoller) coma en peras / como se fosen peras (2).

SEMELLANZA

(semellar / parecerse) coma un ovo a outro / coma dúas gotas de auga

⁸⁵ O P. Sobreira (1787-1805) recollía *saber coma un ambre*, substancia perfumada pero posiblemente de sabor desagradable; en calquera caso é un arcaísmo.

(2); *saí-la filla coma a nai; ser coma o finadiño; ser coma un ovo a outro; se-lo carro coma os estadullos / fumeiros.*

SENSACIÓN (o relativo ás sensacións estritamente físicas: fame, sede, frío, calor, sono, cansazo...). Ver APETITO, ATORDAMENTO, CALOR, CANSAZO, DOR, ESFAMEADO, FAME, FARTURA, FELICIDADE, FRÍO, ILUSIÓN, IMPACIENCIA, INAPETENCIA, INDECISIÓN DÚBIDA, NOXO, SEDE, SONO.

SENSATEZ
ser coma a xente (2).

SENSIBLE
ser coma os nenos.

SENTADO
sentado coma un morcón.

SENTAR BEN V. ACAER

SENTAR MAL V. IMPROPIO

SENTIMENTO (o estritamente psicolóxico: alegría, tristeza...) Ver ABORRECER, ABRAIO, ABURRIMENTO, ADMIRAR, AFECTO, AFLIÇÃO, AGRADO (CON), ALEGRÍA, ALIVIO, AMAR, AMBIENTADO, AMOLADO, AMOR, AMOUcado, ANGURIA, ANOXO, ANTIPATÍA, APAMPADO, APARVADO, APETECER, APRECIO, ASOMBRO, AUSENCIA, BENESTAR, BENVIDA, BURLADO, CHASCO?, COMODIDADE, DECEPCIÓN, DESAMBIENTADO, DESCONTENTO, DESENGANO, DESEXO, DESORIENTADO, EXCITACIÓN, FASTÍO, HUMILLACIÓN, IDENTIDADE, INCOMPRESIÓN, INCREdulIDADE, INdIFERENZA, INQUEDANZA, INTRANQUILIDADE, IRA, LEDICIA, MEDO, MELANCOLÍA, MENOSPREZO, MOLESTIA, MORRIÑA, NECESIDADE, ODIo, PASMO, POUco APRECIO, PREOCUPACIÓN, RABEAR, RABIA, SATISFEITO, SILENCIO-MEDO,

SOIDADE, SORPRESA, SUFRIMENTO, TEMOR (AUSENCIA DE) INdIFERENZA, TRANQUILIDADE, TRISTEZA, VERGOÑA, XENIO.

SERIO
(poñerse / ser / estar) serio coma un frade de pau / a pata dun burro / as patas dun banco (2) / *unha pataca* (5) / *a morte / un morto na tumba / un pote* (7) / *un xuíz*; (3); *ser tan dereito coma a rabela dun arado*⁸⁶.

SERVIZAL
dar a todo coma a vaca do pobre (2); *servicial coma un limpabotas.*

SERVILISMO
arredondear como o gato ós millos.

SEXO V. tamén CASTIDADE, FLEXIBILIDADE, OCIOso
andar á xaneira coma os gatos; andar ás celeiras coma as gatas xaneiras; andar coma os gatos á xaneira (2) / *en xaneiro; andar coma as galiñas / as gatas / un maricallo / un moneco / gatos cando andan á xaneira / os gatos en xaneiro; andar doente coma un can; andar saída coma unha cadela* (2); *andar tan rabichando coma o gato no xaneiro; caer como figo maduro; facer coma a auga bendita (que de todos é apalpada) / a cabra no monte / o cura e a criada / a campá que todos lle dan e toca; ferver coma un pote de meas*⁸⁷; *poñerse coma cadelas; poñerse de pé coma os gatos; ser amigas dos homes coma as abellas do mel*⁸⁸;

⁸⁶ Nos lugares de Galicia onde a rabela é dereita.

⁸⁷ “estar [alguén] moi excitado sexualmente”.

⁸⁸ Aparece nunha cantiga recollida en 1864 (*As costumeiras d'ahora / foron feitas ô sisel / son amiguiñas d'os homes / com'as abellas d'o mel*). Pérez Ballesteros reproducía en 1885

ser coma a catedral onde entra quen quere / as galiñas – unha galiña / as pitas / un can / un microondas: se me tocas xa fervo; ser puta coma unha cadela; ser viciosa coma unha cadela; tirarse ás nenas coma o lobo ás ovellas; tirarse os mozos ás mozas coma as raposas ás pitas; tumbarse coma unha dorniña polbeira (3); ¡Deus dea máis putas que unha!

SILENCIO

(estar) caladiño(s) coma un morto (4) / un peto (2) – petos (3) / un rato (3) / un rulo; (estar) calado coma na misa – a misa / un defunto (2) – defuntiño / un morto (3) / un peto (23) / un rato (2) / un rulo (3) / touciño no fol / unha misa (2); estar coma petos / unha pedra nun pozo; estar máis calado que na misa; ser calado coma un peto; calar coma mortos / os curas cando comen (2) / ratos / un afogado (4) / un morto (5) / un peto (25) / un rato (2) / un santo (3) / un Xan / unha estoa / unha puta / na misa / quen está na misa; mudo coma un penedo / unha pedra (2); quedar calado coma un peto (2) / un rato; quedar coma unha pedra / a pedra nun pozo (2); quedar sen voz coma un cuco; sen piar coma na misa; ser calad(iñ)o coma un rato / un santo / un peto (4); ser coma a pata dun mulo - dunha mula; ser máis calado que unha mosca (2).

SILENCIO-MEDO

aprasmado como o galo á vista do raposo.

SIMULACIÓN V. FINXIMENTO
facer coma quen que (or.).

SINCERIDADE

ser claro coma a auga (2).

SITUACIÓN (socioeconómica, moral, carencia, complicación...) Ver INDEPENDENCIA, CARENCIA, COMPLICACIÓN, CONTINUIDADE, DERROTA, DESGRAZA, DESPROTEXIDO, DIFICULTADE (CON), DIFICULTADE, DISCIPLINA, DIVIDIDO, EMPATE, ESCARMENTO, ESCOITA INÚTIL, ÉXITO, EXPLOTACIÓN, FORTUNA, FRACASO, HARMONÍA, IMPUNIDADE, INCOMODIDADE, INCOMPLETO, INCONSCIENTE, INDEFENSIÓN, INFORTUNIO, INSEGURIDADE, LIBERDADE, MALA SITUACIÓN, MARXINADO, MISERIA, OBRIGA, OCIOSO, OCULTO, OFERTA EXCESIVA, PERIGO GRAVE, PLACIDEZ, POBREZA, POSIBILIDADE, PRECEUTO PASCUAL, PRISIÓN, PROBLEMAS, RECURSOS, REVOLTO, REXEITAMENTO, RIQUEZA, RUMBO (SEN), SALVARSE, SEGURIDADE, SORTE, TRABALLO, VENCIDO, VIVIR BEN.

SOBÓN V. ACOSO

SOIDADE

*andar como a perdiz polo aire; levar unha cama coma a dun cura; ser peor ca unha da *calle⁸⁹; so - soñño coma unha curuxa / un moucho / un pau / unha árbore no deserto.*

SOL V. tamén ABURADO, QUEIMAR

mornear ó sol coma un gato; poñerse ó sol coma un lagarto.

SOLERMIÑAMENTE

cunha variante probablemente errónea: com'as ovellas...

⁸⁹ Unha nora é peor que unha da calle; cando se queda viúva non ten quen a defenda.

- así como a descazón.*
- SOLUCIÓN** V. tamén COMPOSTO, REMEDIO
*ser coma unha vasoira*⁹⁰.
- SONA** V. tamén COÑECEMENTO, NOTORIO
andar como a gaita na festa (4); conecer - coñecer [algo] coma a ruda; (ser) *máis *conocido - coñecido cá ruda.*
- SONO** V. tamén DURMIR
caer coma un figo maduro (5); (estar) *coma unha pedra*; *fregar nos ollos coma un parvo - parva.*
- SONO FRÁXIL** V. tamén DURMIR
ter un sono coma unha lebre.
- SOPRAR**
soprar coma un barquín; *soprar máis ca unha gaita.*
- SORPRESA** V. tamén ABRAIO, PASMO
caer coma unha bomba (4); *coma por encanto* (2); *deixar [alguén - OD] coma un pan* (3); *deixar [alguén - OD] frío coma a neve*; *ollos abertos coma pratos*; *poñerse branco coma a cera*; quedar coma morto / *se fora de *mármol* / *se lle espetaran o coitelo no corazón*; *quedar pasmado coma quen ve visións*; *quedar teso coma as varas - vergas do canizo*; *quedar [alguén] coma se llas deran*; *quedar(se) coma neve*; quedar(se) máis branco cá parede / *có papel*; *ser coma un milagre.*
- SORRIR** V. RISA
- SORTE** V. INFORTUNIO
caer de pé coma o galo / *o gato*; *caer sempre de pé como as touriñas*;

facer como a chuvia que cae de pé e corre deitada; *nacer de pé coma o gato – os gatos.*

- SOTERRAR** V. ENTERRO
- SUAR**
apañarse a auga en [alguén] coma nun río; *ser coma os bois de Búa, que, cando ollan para o carro cargado, xa súan*; *suar coma cabalos* / *se mallara - estivera mallando* / *un becho* / *un becerro* / *un boi* / *un cabalo* / *un *camello* / *un carneiro* (3) – *carneiros* (2) / *un cocho* / *un condenado* / *un monte de terróns* / *un pito* / *un porco* (2) / *unha braña* / *un touro - touros* (2).
- SUAVIDADE**
(ser) coma unha seda (2); *ser fino coma a la de mico*; *suave coma a seda* (3) / *o *terciopelo* / *o veludo – un veludo* / *un guante* (2).
- SUBMISIÓN** V. DOMINIO, ESCRAVO, SUFRIMENTO
- SUBTERRÁNEO** V. tamén EXCAVAR
andar por baixo do chan coma as teupas.
- SUCIDADE** V. tamén LIXAR
(andar / estar) coma un cozofello / *un preto de Angola* / *co coiro lordento, coma os bois na corte no inverno* (2); *estar coma o cortello dos porcos* / *un pau do galiñeiro* / *gato borrallento* / *michiño esborrallado* / *un cereiro* / *a folla do tecido* / *un porco, fóra a alma e figura*; *comer e cagar coma a bestas no curral*; *haber máis merda que no pau dun galiñeiro*; *limpo coma a gramalleira*; *máis porco que un batán*; *peor ca unha bosteira* (2) / *mancha de aceite*; *poñerse coma o esterco*; *ser unha carrañosa igual que unha porca de ranchos*; *sucio coma a parrumeira* (2) / *o pau dun galiñeiro* (3); *te-la cama coma un*

⁹⁰ Coma a vasoira que, retirando a morriñada, saca de diante o problema.

cubil; te-la casa coma un cañeiro / un palleiro.

SUFICIENCIA

non haber máis ca (inf.).

SUFRIMENTO V. tamén ESCRAVO, DOMINIO, EXPLOTACIÓN

escravo coma a leña; ser coma (unha) pedra; ature o que aturar, como culler de pau; levar (tanto tempo) coma can adoecido; morrer adoecendo coma un can; sufrir coma Xesucristo na cruz; a mallo e escóupere como couzón de igrexa.

SUPERIORIDADE

nadar coma o aceite na auga; ser máis ca [alguén]; ter que (volver) nacer [algo] / [alguén] para ser coma [algo] / [alguén].

SUPOSICIÓN V. tamén

FINXIMENTO

*así coma quen; era coma quen*⁹¹.

SUSCEPTIBLE V. tamén DELICADO

delicado coma o pirixel (2); ser coma pelo de ovo (3).

SUSTO V. PALIDEZ

TACITURNO V. SILENCIO

TAMAÑO V. tamén GRANDE,

PEQUENO

TAPAR

**Cubrir [algo] coma se fose un manto.*

⁹¹ Estas locucións parecen sintacticamente anómalas pero non o son porque nelas hai dous verbos elípticos: (*facen / dicen*) *así coma quen* (*fai / di algo sen importancia / sen mala fe*). En pasado *era coma quen* (*fai / di algo sen importancia / sen mala fe*). En moitos casos só o contexto permite saber cales son os verbos que se eliden en cada un dos elementos da frase. A segunda locución utilizábase antes moito os nenos nos seus xogos de fantasía cando un deles batía con consecuencias negativas e o outro tranquilizábase dicindo que todo era só unha ficción (*era coma quen*).

TARDAR

facen como o coitado, que tarda de vir do mandado; ser coma a caixa na romaría; ser coma o boi de Laiño, que, tanto tardou, que morreu no camiño; tardar coma unha señorita.

TATEXAR V. tamén FALAR MAL
falar coma un tatexo.

TEIMOSÍA

andar ó revés coma o cangarexo - un cangrexo (2); (ser) coma os cochos; duro coma unha peta (2); ser cabezudo coma un porco; ser [algo] coma falar coas paredes; ser coma limas xordas (2) / o pioloso: está morrendo e coteñando / Pepiño o da petaca / quen malla no ferro frío / el so - ela soa / unha sota / falar cunha pedra; ser pesado coma un bolo cru; ser teimudo coma un porco; ser terco coma un arado / un arcebispo - arzobispo / unha burra (2) / unha mula / os burros; ser terque coma os cochos; ser testón coma un burro; ser turrón coma o porco (2) / os cochos (2); te-la cabeza máis dura que un melón; teimoso coma un burro / un carneiro (3) / un burro (2) / un porco / unha mula (5); teimudo como o porco; terco coma un carneiro; testarrudo coma un burro.

TELLADO RUÍN

chover na casa coma fóra.

TEMERIDADE

saír ó camiño do lobo, como o curcio tolo.

TEMOR (AUSENCIA DE) V. tamén

INDIFERENZA

terlle tanto medo coma o bispo ós cregos / ó vento.

TEMPERATURA

V. FRÍO,

CALOR, QUENTAR,

TEMPO

TEMPO BO

estar o ceo limpo coma o ollo dun galo; serán coma se fora verán.

TEMPO MALO

estar un día coma un can; estar un día frío coma un cadelo.

TENRURA

tenro coma unha espuma / un arrollo.

TENSO

(bandullo) teso coma un pandeiro.

TERQUIDADE V. TEIMOSÍA

TESO

dereito coma unha mula; entesoado coma unha estaca; poñerse teso coma unha estatua; (quedar / estar) teso coma as varas do caínzo - dun canizo (4) / as vergas dun canizo / un esteo (5) / un fungueiro (3) / un fuso / un garabullo / un garrote (4) / un morcón / un pau / un parafuso / un piñeiro / unha sardiña / un virote (3).

TESTEMUÑA FALSA V. tamén

MENTIRA

¡Pregúntalle a Mateu que é tan bo como eu!; ¡Pregúntalle a Mateu que minte como eu!

TESTÍCULO V. GRANDE

TIC-TAC V. SON

TIMIDEZ

ser tan valente coma o que morreu da patada dunha mosca; aficado como corazón de casada; coma coitados; facer coma a avestruz; facer menos vulto cás barbas dunha formiga; ser coma as galiñas.

TINO V. tamén PERIGOSO,

PRECAUCIÓN

andar coma a galiña con ovos (2) - cos ovos (8); andar coma o gato polas brasas (2); andar como cos ovos (2); ir coma gato polas brasas; ir coma o gato polas ascuas; tan avisado coma

Casanelas; un pé diante doutro coma a galiña; vir [algo] coma os ovos na peneira.

TIRARSE Ó CHAN

vorcarse coa carga coma as bestas.

TÍSICO V. tamén MIRRADO
ir quedando coma un esquilón.

TOLEMIA

*coma unha cabra; da-lo teo a [alguén] coma ás cabras; ser como a quina; estar [alguén] como ha de ir (8); estar coma unha criba / tolo / unha cabra (15) / unha *cafetera / unha caldeireta (6) - *caldereta / unha chiva (3) / unha chota (6) / unha regadeira (3) / o larico / un tren sen rodas; estar máis tolo que unha cabra (2) / unha esporta (de grilos); estar peor ca unha cabra; estar tolo coma unha cabra (2); facer un coma quen é; máis toliño que unha cachapa de grilos; ser coma unha tarabela; ser atravesado coma os cangrexos; ser bravo coma un demo; ser coma a cabra da Marota de Señorín; (es)tar peor que unha cabra; tolos coma cabras; (estar / porse) coma unha chocolateira (2).*

TORPEZA

andar o mar coma o risón; esperto coma un burro; (ser) burro coma un angazo / un arado (2) / unha porta / unha torda; correr coma o piollo pola cinza / o sapo pola cinza; fino como unha tranca; máis zoupo do que un ameneiro enxoiito; ser agudo coma o pé dun muíño; ser coma un arado / un burro atado a un poste; ser igual ca un becerro.

TORTO V. tamén

INDOCILIDADE, RUINDADE

engorriparse coma a correa no lume; máis torto que un corno; retorcido coma a(s) camba(s) do carro / os

cornos dun carneiro / un corno / un loro / unha dopra / os cornos dun carneiro / unha costrán (2) / unha verga (2); retorto como as vergas do canizo; torto como un guindastre; torto coma un arrocho / a rabiza dun arado / as cambas do carro (2); un cancel (4) / un fouciño (3); quedar torto coma un fouciño.

TOSCO

fino como un zoco.

TRABALLO V. tamén

EXPLOTACIÓN

andar arrastrado coma unha cobra - as cobras; andar ás dúas mans coma a vaca do pobre; andar coma os bois (11) / un Nazareno / faco dos matuteiros / un amargurado; andar como unha debadoira (2) / a formiga; fozar na terra coma unha toupá; ser máis as fouces que os cambotes; ser máis labrego que unha araña; ser traballador coma un can de paleiro; (ser) traballador coma unha besta / unha formiga / unha sarna; tirar coma un boi (2); traballar coma a formiga / un azacán / un boi / un burro (5) / un home; traballar coma un lobo (2) / un mouro / un negro (14) – negros (4) / un oso / unha burra (2) / unha grade / unha negra (3) / a vaca do pobre, ás dúas mans (3) / un descosido / un escravo (2) / unha besta / unha loba; traballar máis ca unha besta.

TRAIZÓN V. tamén

FALSIDADE

*falsario coma unha mula (2); (ser) falso coma as cartas de xogar / as *culebras / as mulas / as pesetas (9) / as cobras (2) / manta de retallos / unha besta / unha burra / unha burra vella / unha mula / Xudas (3); ser máis falso cás mulas*

(2); ser tan zorro coma o golpe; traidor coma Pilatos (2) / (un) Xudas (3).

TRAMPA

caer como as moscas.

TRANQUILIDADE

coma un rulo; con máis calma que boi de Laiño; estar coma a pedra no pozo / o can sen alma; quedar(se) coma un rulo (3) / unha pedra nun pozo; ser coma a cera / auga mansa / o pan de comer (3) / quen non o - a ten (4) / unha capa de la; ser lento como a vaga; ser manso coma un año (4); ser tranquilo coma Amancio / un monllo (2); ter tanto bazo coma a miña vaca (2) – unha vaca / o defunto á porta da igrexa / o difunto na porta da igrexa / un burro morto (3).

TRAPALLEIRO V. tamén **DESLEIXO**

ser como a espada de Bernardo / Bernaldo: enmangada nun pao e atada con fío de foguetes.

TRASACORDO

ir (e vir) coma folla de castiñeiro; ir e vir, como a faba na ola (2); lixeiro coma as pesetas; virar coma as aspas do muíño; virarse como a folla da ulmeira.

TRATAMENTO

a tu por tu coma os quintos no cuartel / na taberna - nas tabernas; ti por ti coma se foramos xuntos á escola / comeramos no mesmo prato.

TRATAR BEN

*tratar [alguén - OD] coma un fillo / unha *reina; tratar [algo] coma se fora ouro.*

TREMER

bailar coma o millo; (tremar - tremar) coma a guinda na guindeira (3) / bregas verdes / un condenado / unha corre - corres (2)

/ o xungo - xunco (2) – un xunco (12) / un xunco (na auga) (3) / un vimbio (4) / un vimbio verde - os vimbios / un azougado / un figo maduro (2) / unha folla / unha peneira / unha rama de loureiro verde / vara verde (2) - as varas verdes unha vara verde (18) / unha xostra (2); tiritar coma a neve; tremar de medo coma un xunco / unha vara de xunco; tremarlle o cú a [alguén] coma un figo maduro (2); trembar coma unha vara verde; treme-las pernas coma unha acaniadoira; tremar coma se tivese a perlesía; tremarlle o cu a [alguén] coma unha debandoira / un figo maduro.

TRISCAR

estralar coma a folla do loureiro.

TRISTEZA

(andar / estar) coma un moucho - o moucho / alma en pena (3) / unha alma cándida / a noite (5) - unha noite; ser coma a noite / o ano que non hai que mallar; triste coma a morte / a noite (3) / o malvís das carballeiras / un piollo / un preso / a morte (2); tristeiro coma un alcipreste.

TURRAR

turrar coma xatos.

TUSIR

tusir coma un barquín.

TÚZARO V. tamén INSOCIABLE

andar como no chozo / un corzo.

UN

tantos coma fornos / lúas.

UNANIMIDADE

todos á xunta coma a música da Arzúa.

ÚNICO V. INCOMPARABLE, INSUPERABLE

UÑAS

ter unhas uñas coma gubias (2).

ÚTIL V. AXEITADO

VACILAR V. DÚBIDA

VAGAR V. PREGUIZA

andar coma o cortizo na auga / san Telmo de gabia en gabia; oubear coma as ovellas⁹².

VALENTÍA

corazón coma un león; máis valente que un león; portarse coma un home; ser afouto coma as lebres; ser tan home coma calquera / o que máis (2); ter peito coma un lobo; ter valor coma un lobo.

VALOR

ser coma ouro en barras; valer máis ca unha escritura a palabra de [alguén].

VAN V. INUTILIDADE

VARIEDADE

haber de todo coma na botica (4).

VASOIRA

darlle ó rabo coma unha denociña.

VELOCIDADE V. RAPIDEZ

VELLEZ

con máis anos que Matusalén / un carballo vello (2); con máis días que un carballo vello; máis revisvello có meu chapeu; máis vello que o meu chapeu / o andar a pé / Salamanca / Zaragoza / a bragueta de Adán / a Catedral de Compostela / a sopa de allos / a Torre de Hércules / andar a gatas / andar a pé (2) / andar ás gatiñas (2) / Carracuca / Matusalen / o aceite con vinagre / o aceite nas tendas; (ser) vello coma a arruda / a campá de Coiro - a campán de Coiro / a fame / a potra de Adán (2) / a primeira camisa (2) / a

⁹² Ver nota 78.

Punta da Cruz (2) / a sarna / a See de Compostela / a serpe / Adán / andar a pé (5) / o carallo / Matusalén (3) / o caldo de grelos / o caldo de verzas (2) / o chan / o demo (3) / o meu chapeo (5) / o modo de andar (2) / o mundo / o Penedo do Galo (2) / os camiños (6) / os meus ciolos / os meus zocos (2) / Zaragoza (2); ter máis anos que un carballo vello; ter máis camiño andado, do que lle queda por andar; ter máis cravos que unha porta vella; todo vello coma a roupa que se acaba de boa e non se ten para outra.

VELLEZ SA

dereito como unha faia.

VELLEZ TOLA

coma a gaivota, que canto máis vella máis louca (2) / máis tola / vólvese máis tola.

VENCIDO

V.

DIFICULTADE GRAVE

VENDER

VENDER BEN

(venderse) [algo] como pan bendito (3).

VENDER POR XUNTO

vender ó peso coma as patacas.

VENTO (ZOA-LO)

aula-lo vento coma un lobo.

VENTUREIRO

(vir / caer) como auga de maño (2).

VENTUROSAMENTE

V.

OPORTUNO

VERDADEIRO

coma a luz que nos alumea; como Deus está no ceo; como dous e dous son catro; como estamos aquí; como hai Deus; dicir (oito) verdades coma pancenteos / coma puños.

VERDE

estar verde coma a herba (2) / a ouca (2) / o cebolín / o perexil / os felgos (3) / un allo; verde coma a felga (2) / a lesta (2) / a ouca (3) / a rabaza (3) / a xesta / as lestras / o liño / o mar / os allos / ouca / o mar / a rabaza.

VERGOÑA

V. tamén RUBOR

coma un can co rabo entre as pernas; poñerse como un tomate; porse máis vermello que a doa das silbardas; ter máis medo que vergonza.

VERIFICAR

pregúntalle a Mateu se minte coma eu.

VERMELLO

V. RUBIO

VERSÁTIL

ser coma a vaca do pobre, que ten que andar ás dúas mans; servir tanto para un fregado como para un varrido.

VESTIR

V. tamén DESLEIXO,

ROUPA

levalo todo ó lombo coma o caracol.

VESTIR BEN

coma un xaspe; ir coma ourive en campaña; vestir coma un cabaleiro (2).

VESTIR MAL

andar coma un baldreu / un farrapeiro / un salabardo (3) / un zarangallo (3); andar vestido coma un san Amaro; campar coma Degho coa faldrá fóra; ir coma un entroido; ser coma os de Carballo de Riba; ser como un toutizo.

VEXIGAS

cacarañado coma unha filloa.

VIDA PENOSA

V.

MALESTAR, PROBLEMAS

VIDA TRANQUILA

V.

BENESTAR, FELICIDADE

VINGANZA

V. TALIÓN

VIL

ser coma o Santo que non mata nin tolle; valer a tres ichaviños coma os chicharros danados; valer tanto coma un conto calado.

VIL, SEN VALOR V. tamén
RUINDADE
é coma bacachí; estar como unhas mialmas; ser cativo coma un can; (mozas) cativas coma cadelas; valer menos cás orellas dun can cheas de auga; valer tanto coma farrapo de gaita - un farrapo de gaita (3).

VIOLENCIA
retorcerlle a lingua coma un tarabelo.

VISTA V. tamén OLLOS,
INVIDENTE
ter unha vista coma un mascato (4).

VITALIDADE V. tamén RESISTENCIA
ter sete folgos coma os gatos (8) - o gato (3) / os gatos asañados / os michos; ter máis vida que un gato; ter sete vidas coma o gato (2) - os gatos (5).

VIVACIDADE V. AXILIDADE
remexerse coma unha xerpa.

VIVIDOR
facer coma o galo inglés.

VIVIR BEN
*vivir coma patriarcas / reis / un crego / un cura (5) / un marqués / un patriarca (3) / un paxá / un rei (5) / un rei na cesta (2) / un *maraghá / un *Raghá / unha pantasma / *Dios (3) / no mundo coma os cans.*

VIVEZA V. tamén
INTELIXENCIA
arrichado coma un carrizo.

VIXIAR
garda-la casa coma un gato / un león; gardar coma auga na peneira.

VIZOSO
vizoso coma as ortigas.

VOAR

voar coma unha pega / se tivese as.

VOLUBLE V. TRASACORDO

VOLUNTARIO

ter máis xenio que corpo.

VORACIDADE V. COMER MOITO,
GULA

VULGAR

ser coma a (demiş) xente / auga corrente / herba aceda / os ruíns bailadores: malos de entrar; peores de saír / o ruín gaiteiro: un peso para que toque e dous para que pare.

XANTAR

(xantar / cear) coma se fose martes de entroido.

XEAR

xea coma fóra (3).

XEITO (SEN) V. DISPARATE

XEITOSO

(estar) coma un tren.

XEMER

xemer coma alma en pena.

XENEROSIDADE

ser coma o xastre das Bañas (que cose de balde e pon as liñas) (2) / el as liñas; ser como o xastre de Valiñas.

XENIO V. IRA

XERAL

(inf.) coma todos.

XIRAR

dar voltas coma un muíño.

XORDEIRA

estar coma unha tapia (3); estar xordo coma un arado / un croio / unha tapia (3); máis xordo que un inglés (2) / unha tapia; ser coma unha tapia; ser xordo coma un canto / unha pedra / un arado (5); xordo coma un canto / un croio (2) / un mudo (2) / un penedo (2) / un seixo / unha pedra (5) / unha porta

(2) / *unha tapia* (6) / *unha parede*
(10).

XOVEN V. NOVO

XURAMENTO V. tamén

REAFIRMACIÓN, NEGACIÓN

HUMORÍSTICA

*¡Así ande coma as cobras a rastro ou
morra nun camiño, se [or.]!*

XURAR

*xurar coma un carreteiro / un
condenado (3) / os xudíos /
condanados.*

XUSTEZA

xusto coma os dedos para os dedais.

XUSTO

dereito coma a rabela do arado.

ZUMBAR V. tamén OÍDOS

*zumba-los oídos coma se voase un
enxamio arredor dun; ruxir [un
insecto] como unha zoadeira.*